

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10.**

**SESION ORDINARIA DO 26 DE XULLO DE 2017**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE  
VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira, Francisco Javier (concelleiro do grupo municipal Socialista)  
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez

Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno ordinario do Concello número 10, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, primeiro constátase quórum, segundo abrindo sesión pública, terceiro tomando nota de que hai unha proposta dunha moción urxente presentada polo grupo Socialista polo Sr. Aneiros, relativa á presupostación nos Orzamentos do Estado de partidas para cubrir as cantidades que eventualmente teñan que devolver os concellos do imposto de plusvalía, que cumpre votar no seu momento a urxencia despois do punto sétimo e hai unha tramitación pola vía urxente da aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais que tamén no seu momento haberá que votar a súa urxencia, como punto 6.bis da orde do día. Adicionalmente presentou unha moción urxente o grupo do Partido Popular fora de prazo que por tanto non pode ser nin tan sequera considerada.

### **PARTE RESOLUTIVA**

**1(97).- Actas anteriores:** (Ordinaria 31 de maio de 2017).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 31.05.2017.

**Ditames das comisións informativas:**

**2(98).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2016. EXPTE. 52/143 (REXISTRO PLENO 1574/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 5 de xullo de 2017, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta,

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2016, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 11 de maio de 2017 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 24 de maio de 2017, foi exposta o público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 102 do 30 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 30 de xuño, e segundo consta na certificación do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local que figura no expediente, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, ao non terse presentado reclamacións nin alegación no prazo de exposición pública e oito máis,, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo, que é coincidente coa proposta que se formulou a Comisión Especial de Contas...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 19 de xullo de 2017, ditaminou favorablemente a citada proposta.

## DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Dando conta da Conta Xeral do Orzamento do ano 2016 deste Concello de Vigo que é, como non pode ser doutro xeito, un resultado positivo e excepcional para a cidadanía de Vigo porque nos permitiu adicar o 100% dos recursos ás necesidades da cidadanía. Se chegamos a este momento no que é preciso render contas, podemos cualificar esta xestión económica do Concello de Vigo como de sobresaínte porque adicamos como acabo de remarcar o 100% dos recursos deste Concello ás necesidades da cidadanía, pero aínda máis, se temos en conta que as nosas contas son avaliadas por organismos superiores como pode ser a autoridade fiscal independente, temos que as nosas contas teñen o referendo da autoridade fiscal independente, e se temos en conta tamén os criterios que ten para avaliar as contas públicas o Tribunal de Contas, vemos que temos ata máis de 10 indicadores positivos da nosa xestión económica. Como saben o resultado orzamentario do ano 2016 foi positivo, é dicir, tivemos superávit no ano 2016, se facemos unha comparativa do que lle correspondería por habitante temos que máis de 80 euros por habitante de superávit que adicaremos de novo a cubrir as necesidades da cidadanía.

Outros dos parámetros a ter en conta polo Tribunal de Contas é o chamado aforro neto positivo que como xa indico foi positivo, o noso "cash flow" é positivo e temos unha liquidez inmediata que nos permite afrontar o pago aos nosos provedores antes que ningunha outra cidade de España como logo veremos, polo tanto, temos unha liquidez inmediata superior ao resto das cidades de España. No terceiro parámetro refírese a presión fiscal vemos que a suma do gasto corrente e o investimento por habitante é superior á presión fiscal, polo tanto, hai que dicir que os cidadáns reciben máis das contas públicas deste Concello de Vigo do que aportan en vía de impostos, polo tanto, o resultado tamén positivo para a cidadanía.

Como saben tamén e como cuarto punto, tivemos un Remanente de Tesourería positivo e pechamos o ano tamén como saben, cun ratio de débeda cero, polo tanto, sen deber ningunha cantidade aos bancos.

O ratio de ingresos correntes tamén foi superior 1,16 puntos e cumpriuse co período medio de pago a provedores e coa regra de gasto, tendo unha autonomía fiscal de máis do 60%, polo tanto, bos resultados económicos que permiten adicar os nosos recursos á cidadanía para facer o que queremos, unha cidade solidaria, das persoas, emprendedora, habitable e unha cidade respectuosa co Medio Ambiente, todo isto partindo de parámetros de solvencia.

Durante o ano 2016 co Orzamento do 2016 do que hoxe damos conta, unha boa parte dos recursos se adicaron a política social, hai que sinalar que máis de 2.800 persoas recibiron axuda por parte da Concellería de Benestar Social, adicando co chamado cheque social, máis de 1,3 millóns de euros, ademais afrontamos as axudas para evitalos desafiuzamentos na cidade, pagamos o importe do albergue e prestamos o servizo de Axuda no Fogar así como o servizo de Teleasistencia para que as persoas maiores que viven en Vigo teñan axudas por parte deste Concello, todo isto tendo en conta que participamos noutros programas de benestar como o Xantar na Casa, ou os Coidadores de Barrio, que permitiron atender a máis de 250 persoas nos nosos barrios. Todo iso tamén atendendo a máis de 15 ONGs que traballan na cidade e axudando tamén ás familias a través de becas de libro e de comedor.

Pero a política social non se quedou aí porque tamén prestamos axuda a máis de 600 familias, rapaces que acoden ás nove escolas infantís que pagamos co cargo aos nosos Orzamentos e ademais tamén facemos tarefas fundamentais como as Bolsas de Inglés enviando aos nosos estudantes ao estranxeiro, todo iso mantendo a cidade limpa, moderna coas medianeiras, co apoio ao Marisquiño, aos sectores culturais, as liñas aéreas que fan do noso aeroporto, un dos aeroportos que máis creceu no contexto do Estado español e todo iso humanizando tamén a nosa cidade para facer unha cidade máis sostible, habitable por parte dos cidadáns, polo tanto, resultados positivos do Orzamento do ano 2016, do que hoxe se da conta e polo que pido o voto favorable para a aprobación desta Conta Xeral da memoria do Orzamento do 2016.

SR. PÉREZ CORREA: Nós dicíamos na anterior Conta Xeral que foi precisamente a do ano 2015, que polo feito de ser unha forza nova non seguimos o exercicio orzamentario completo, nos entramos en xuño e practicamente o exercicio daquel

ano estaba practicamente, polo menos, recollido por nós polo trámite no que puidemos participar a Marea de Vigo pois era moi poucos meses. Si é certo que esta Conta Xeral si que podemos analizala en completo, co exercicio orzamentario ao que se refire, nós si que queríamos facer algunhas puntualizacións e ademais aproveitamos para facer spoiler disto que é un documento que calquera cidadá pode consultar, é un documento público e moitas veces a Conta Xeral tanto para medios de comunicación como para a cidadanía en xeral é bo que se collan as contas xerais e que se vaia vendo a información que existe, que estaba e a que vai desaparecendo dependendo dos intereses do goberno local, a nós nos preocupa algunha información que estaba noutras Contas Xerais e desaparece, por exemplo o custe de explotación que declaran algunhas concesionarias, nalgunhas contas xerais, incluso na do ano 2014, incluso anteriores, poderíamos saber canto declaran as empresas concesionarias que lle custa a explotación dos servizos e polo tanto, nós establecer algún criterio, análise desas contas, no seu día Vitrasa dicía o custe total da explotación do servizo, 24 millóns de euros nunha concesionaria que recibe practicamente o 50% dese custe de explotación vía subvención pública, tanto deste Concello como do Goberno Central, esa información xa non aparece nesta Conta Xeral, é certo que seguramente non é unha información obrigatoria pero polo feito de que estivera noutras contas xerais daba a calquera cidadá cun pouco de curiosidade a magnitude do tipo de concesionarias públicas que temos neste Concello. Tamén toda a parte inicial da Conta Xeral, que son datos económicos da cidade, datos tamén socioeconómicos da cidade e da nosa contorna e que poñen enriba da mesa algunhas cuestións que sistematicamente se discuten, unha delas por exemplo, a pesar de que si hai un repunte de emprego nos sectores servizos e de maneira tímida no sector da industria, o sector da construción precisamente onde vostedes actúan de maneira máis decidida a través das humanizacións, perde traballadores ocupados na nosa cidade, pasa de 5.996 que aparecían como traballadores do sector da construción no 2015, a apenas 4.300 traballadores, é dicir, ao mellor as humanizacións están dando traballo a persoas que non son de Vigo, o cal pode ser positivo, pero dende logo cando é un Orzamento local o lóxico sería que na Conta Xeral despois de voltear gran parte do superávit dos recursos públicos, ese sector no que actúa ese tipo de infraestruturas, pois dende logo, subira e non baixara. Logo hai outras

cuestións que seguramente non teñen culpabilidade do Concello como pode ser a situación do Porto, que recollen os datos desta Conta Xeral, que é unha parte substancial da economía da cidade non só vai perdendo poder económico, número de TEUS transportados senón que vai desaparecendo gran parte da cifra de negocio do Porto o cal debería tamén polo menos preocupar a esta Concello, a nós nos preocupan algúns datos que si que cremos que estaban, había unha maneira case máis líquida de presentar o resultado do Orzamento en anteriores contas xerais, máis detallado, agora simplemente temos datos moi agregados e si que hai dúas evidencias nesta Conta Xeral, que cada vez se recada máis, é dicir que os vigueses e as viguesas pagan máis impostos porque estamos a falar de incrementos importantes nos ingresos tributarios, sen contar as transferencias por parte doutras administracións, de 144 millóns recadados ou que figuran na Conta Xeral do 2015, a 147 millóns, polo tanto, ou os vigueses pagamos máis impostos ou que nos expliquen como se poden dar eses incrementos nos ingresos tributarios que non figuran nas transferencias doutras administracións. E logo a execución do orzamento, queda claro que o ano 2016 a execución do Orzamento foi moi pobre, comparativamente co 2015, información como digo pública que se pode contrastar e que o xogo de casino que supón utilizar o superávit para logo volvelo imputar ao ano seguinte como humanizacións a nós parécenos perigoso porque non fai unha análise global das necesidades que ten a cidade, ao final o único que facemos é postergar a execución orzamentaria para ir chegando ao 2019 cunha brúnete de cartos para poder utilizar en obra pública, parécenos cando menos discutible.

Un dato para rematar, tamén é preocupante o indicador da autonomía fiscal, é certo que non toda a culpa é dos concellos pero que cada vez Vigo perde a autonomía fiscal, os concellos deberían tentar que ese indicador de autonomía fiscal fora de maneira progresiva cara os concellos cada vez máis autónomos, pasamos do 67% da autonomía fiscal que figuraba na memoria do 2015, a apenas o 61% do 2016, polo tanto, deberíamos tamén preocuparnos por se cada vez dependemos de transferencias doutras institucións e se o concello vai perdendo capacidade de autonomía fiscal.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros, di o refraneiro español que todo se pega menos a hermosura e falar de que estas contas son excepcionais, sobresaíntes, de que se

utilizaron o 100% dos recursos é como cando estábamos no colexio e cantábamos aquilo de “imos a contar mentiras tralará” e isto o que quere dicir tamén, é que un, e é un consello, unha advertencia para vostedes, un acaba facendo súas as costumes que ve nas persoas coas que se relaciona, porque para integrarse no grupo Sr. Aneiros, as persoas acaban adoptando as actitudes e os comportamentos do grupo ou do líder do grupo e este virus da prepotencia, da arrogancia, da mentira, de crese a última galleta do paquete, lamentablemente Sr. Aneiros, xa lle picou, vostede xa está dentro dese grupo porque parece que vostede pretende que nós veñamos aquí a aplaudirlle as súas gracietas, pero o Pleno do Concello de Vigo é algo moito máis serio, polo menos o era ata o de agora, é serio porque representa a tódolos vigueses e nós como grupo municipal do Partido Popular, estamos aquí para defender os seus intereses e por iso vir a aquí a presumir de que o 2016 foi marabilloso cando en realidade foi un verdadeiro desastre, negro e lamentable, o peor nos últimos dez anos da época do Sr. Caballero, e escoitarlle aquí dicir como que se houberan descuberto América, perdoe pero paréceme unha auténtica irresponsabilidade porque no 2016 non fixeron absolutamente nada de nada. O que se ve nestas contas son as vergoñas da súa política e o desastre da súa xestión, vender a moto recoñézolle que ten moito mérito, pero cando un rasca, rasca só un pouco aí xa aparecen tódalas sombras e vemos por exemplo na memoria, na páxina 14 do documento, na cesión de tributos, transferencias e subvencións correntes doutras administracións como o Estado, o goberno central, aporta ao Concello 77.500.000 de euros, como a Xunta de Galicia aporta 8.900.000 euros, e como a Deputación de Pontevedra aporta 69.000 euros, o 0,03% dos ingresos do Concello, onde están as obras da Deputación, onde está a Deputación na cidade de Vigo, onde está o Colexio Alemán, a estrada Provincial, as axudas que había aos colectivos sociais, deportivos, veciñais, culturais, onde están? Non falemos do imposto de Plusvalía que agora parece ser que hai de que devolver, non falemos de que este ano se recadou un 3% máis de impostos e taxas municipais, non falemos do roubo, do atraco que teñen previsto facer para o ano que ven, un 2,2% máis de impostos aos vigueses, pero como isto non era un concello saneado, o máis do máis, o mellor do mellor, entón para que lle souben impostos á xente? Por que vanlle subir o Lixo á xente cando o custo do servizo do lixo baixou 4 millóns de euros? Por que lle imos subir os impostos cando están



recibindo os peores servizos que xamais recibiron? Aquí están os traballadores do servizo de Parques e Xardíns, xamais estivo a cidade peor que está agora, as zonas verdes, os parques forestais, as medianeiras, xamais estivo peor, horrible, o Castro, horrible, A Guía, vostedes non sei por onde andan.

E ademais son as contas do escurantismo, o escurantismo porque é a primeira vez en moitos anos que desapareceu desta Conta Xeral información relativa as contratas municipais, máis en concreto a Vitrasa e a Aqualia, que pasa? Que non interesa á xente saber que está a pasar con Vitrasa e con Aqualia ou é que xa perderon a conta, ou é que non lles interesa? Antes se facilitaba ao menos a información, tamén desaparece da Conta Xeral toda a información relativa a indicadores de xestión porque a transparencia o escurantismo, a opacidade é o predomina neste desgobierno municipal.

En resumo o que lle importa aos vigueses ao final é que utilidade teñen cos seus cartos e cada vez máis esforzo que están a facer cada ano reciben moito menos, pagamos os impostos máis altos de Galicia, pagamos a recollida de lixo máis alta de Galicia, máis alta case de España, pagamos por aparcar dúas horas.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que non deixa de sorprendere que como vostede di non se lle pega iso de viaxar a Madrid, Sr. Fidalgo, porque o que estamos a gastar tódolos españois con vostede manténdoo en Madrid, non ten prezo porque o seu falar é máis propio do “club da comedia” que dun representante que pretende ser da cidadanía. Eu comprendo que vostede queira facer política de mesa camilla, de visillo, destes que se reúnen ao redor dunha mesa camilla coas cortinas corridas para non ver o que pasa na rúa, pero basta con saír á rúa para ver o que está a pasar, para ver que estamos humanizando toda a cidade, que estamos adicando recursos a tódolos rincóns da cidade, para ver que estamos adicando recursos á cidadanía porque os datos non enganan Sr. Fidalgo, máis de 2.800 pagamentos feitos dende a Concellería de Benestar Social, atendendo ás necesidades da cidadanía, atendendo aos colexios que non atende a Xunta de Galicia e facendo un esforzo inversor na cidade sen precedentes, nin a Alcaldesa a Sra. Porro, nin o Alcalde o Sr. Pérez, fixeron por esta cidade o que está a facer este Alcalde e este goberno, así que, saía a rúa, abra os ollos porque parece que os ten pechados e vexa o que estamos a facer na cidade.

Respecto a información que figura na Conta Xeral, a información que figura na Conta Xeral e lle respondo tamén ao señor de Marea de Vigo, o Sr. Pérez Correa, segue o modelo e formato oficial que establece o Ministerio, non hai máis que pasear ao longo da memoria para ver a información da que din que non presentamos e que está aí presentada porque faise referencia a tódolos contratos que ten este Concello e os pagamentos que fai este Concello. Un documento público, efectivamente, e como documento público pode consultalo calquera, polo tanto, non hai escurantismo ou ningunha ocultación de información, simplemente hai que saber buscar a información e ver onde está.

Respecto ás axudas aos usuarios, o transporte público, esta cidade é a cidade que máis adica a axudas aos usuarios de transporte público, estudantes, pensionistas e titulares da tarxeta verde, máis de trece millóns de euros adicados ao transporte dos cidadáns que viven nesta cidade, cunha tarxeta social tamén para estes cidadáns, polo tanto adicamos un gran número de recursos a estes cidadáns.

E por outra parte, respecto aos datos da recadación, efectivamente, a recadación se cumpre, facemos previsións e as previsións vense acompañadas co funcionamento da recadación, a legalidade se cumpre, polo tanto, recadamos o previsto, polo tanto, nada que dicir neste aspecto.

Respecto ao Sr. Fidalgo o que achega o Estado é o que lle di a lei, Sr. Fidalgo, un dos recursos dos concellos é o Fondo Complementario de Financiamento onde están eses sesenta e tanto millóns que achega o Estado, polo tanto, non achega excepcional o Estado a este Concello, o achega o que a lei lle di que ten que achegar.

**VOTACIÓN:** Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

## ACORDO:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acreedor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2015), correspondente á Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na entidade por unha contía de 4.911.011,25 euros e nos estados consolidados de 5.028.985,94 euros.
- c) Aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía na entidade de 55.704.120 euros e nos estados consolidados de 56.923.513 euros.
- d) Aprobar os axustes que se relacionan na Memoria correspondentes á integración dos Organismos Autónomos Administrativos, Instituto Municipal dos Deportes, Escola de Artes e Oficios e Parque das Ciencias Vigo Zoo, incorporados con data 2 de xaneiro de 2016 que se relacionan no epígrafe 29 da memoria.
- e) Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2016, composta polos seguintes estados e contas anuais:
  - Balances.
  - Contas de resultados económico-patrimoniais.
  - Estado de cambios no Patrimonio Neto.
  - Estado de fluxos de efectivo.
  - Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios
  - Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2016.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais, para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polas polos Acordos do Pleno do Tribunal de 30 de xuño de 2009 e de 20 de xullo de 2010 e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011

relativo ao formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, Acordo do Pleno do Tribunal de Contas de 26 de novembro de 2015, en relación co formato da Conta a partir do ano 2015, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

En relación co formato, terase en conta a Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de data 13 de novembro de 2015.

### **3(99).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 41/2017, CRÉDITO EXTRAORDINARIO. EXPTE. 44/142 (REXISTRO PLENO 1579/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xullo de 2017, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta,

"Antecedentes

A Disposición Adicional decimosexta introducida pola Disposición Final primeira do R.D.-lei 2/2014, de 21 de febreiro ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), ven a delimitar os requisitos que debe ter o Investimento financeiramente sustentable.

A Disposición adicional nonagésima sexta da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, regula o destino do superávit das entidades locais correspondente á Liquidación dos orzamentos do ano 2016, prorrogándose para o ano 2017 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (41/2017), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo dá Área de Fomento e do Servizo de xardíns en relación co destino do superávit, que afecta a proxectos de Fomento e Parques e Xardíns, que os investimentos son sustentables financeiramente e por tanto non poñen en perigo a estabilidade orzamentaria nin a curto nin a longo prazo, relación de Proxectos e Investimentos que son obxecto da modificación orzamentaria, informe da necesidades,

acreditación de que os investimentos financiados co superávit SEC-2010, teñen unha vida útil superior a cinco anos, e Resolución de incoación do expediente da data indicada na Resolución.

Expedientes: 4763/440 e 9642/446.

Xustificación da Área de Seguridade e mobilidade: Sentenza Aparkisa e atrasos en relación coas revisións de prezos abril 2011-marzo 2017 ante o recurso de lesividade presentado polo Concello e a posible imputación da incompatibilidade da concorrencia de dous custes (alugueiro do terreo e anualidade técnica e financeira do préstamo para a adquisición do inmovible).

Expediente nº:10092/111.

Xustificación do Servizo de Contratación, Sentenza INMIGA

Expediente nº:4946/241.

Xustificación Xerencia de Urbanismo; Xustiprezo firme dos terreos Universidade Comunidade de Montes en Man Común de Zamáns.

Sentenza expropiación á Comunidade de Montes en Man Común de Beade (sentenza nº 41/2017).

Expediente nº: 9868/407.

Sentenza nº 286/2017, retaxación dos terreos expropiados para ampliación da cidade universitaria, 2ª fase, parcela nº 2. Expropiado: Entidade Menor de Bembrive,

Expediente Nº9891/407.

Convenio en desenvolvemento dos protocolos do ano 1997 e 2007 en relación co Parque Tecnolóxico e Loxístico. (Dotación para compensación IBIs e ICIO dos anos 2008-2017 para dar cumprimento aos protocolos asinados)

Expediente nº: 45/142.

En canto ao cumprimento dos requisitos para a utilización do superávit avaliado en termos do SEC2010 correspondente a Liquidación consolidada do ano 2016, así como os destinos do mesmo e o financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería que conforman os restantes empregos, estarase ao informe que emita o Sr. Interventor Xeral en exercicio das súas funcións.

Para a aplicación do superávit, o Concello de Vigo ten que cumprir todos e cada un dos requisitos esixidos pola modificación que incorporou a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, á DA sexta da Lei Orgánica 2/2012: que a Conta 413 do PGCP adaptado a entidade local, non teña contías pendentes de aplicar ao orzamento, así como non ter préstamos concertados para facer fronte ao financiamento de pago a provedores FFPP. Nese caso, o destino do superávit, sempre dando cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para a Liquidación do Orzamento do ano 2017, pódese destinar a facer fronte a novos investimentos non xeradores de

gasto. Polo tanto, de acordo aos informes que figuran no expediente, estes empregos, non van a por en perigo a estabilidade orzamentaria nin a sustentabilidade financeira nin a curto nin a longo prazo.

Así mesmo, o expediente está a incorporar as contingencias que se produciron en relación con distintas expropiacións e ocupacións dos terreos da 2ª fase da Universidade de Vigo, sentenza sobre Prazas Elíptica e sentenza sobre a discrepancia de imputación de custes que se mantíña sobre o contrato e a revisión de prezos do servizo de retirada e custodia de vehículos coa grúa, servizo adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xaneiro de 2007, e que afecta as revisións de prezos do período abril 2011 a marzo de 2017, habendo sido presentado recurso de declaración de lesividade con carácter previo.

Dáse cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA decimosexta do TRLRFL, tanto en relación co endebedamento, Remanente de Tesourería, Período medio de pago, Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto. Así mesmo, coa execución dos proxectos financiados co superávit, tamén se dá cumprimento ao obxectivo de Estabilidade Orzamentaria na Liquidación prevista do ano 2017 e seguintes tal e como se fai constar no documento de proxección de ingresos e gastos para o período 2017-2020.

En relación co anterior, achégase ao expediente memoria da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2017, que permite a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para o período 2017-2020.

Faise constar, que en relación co endebedamento, a esta data, nin ao peche do ano 2016 non hai endebedamento financeiro, polo cal, o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL e do 0%.

É importante resaltar ao respecto, a redacción dada pola DA nonagésima sexta da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais o Estado para o ano 2017 ao segundo parágrafo do apartado 5 da DA décimo sexta do TRLRFL, *“A los efectos del apartado 5 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en el supuesto de que un proyecto de inversión no pueda ejecutarse íntegramente en 2017, la parte restante del gasto autorizado en 2017 se podrá comprometer y reconocer en el ejercicio 2018, financiándose con cargo al remanente de tesorería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante y la entidad local no podrá incurrir en déficit al final del ejercicio 2018”*.

En relación cos empregos distintos da aplicación de superávit da Liquidación do ano 2016 en termos do SEC-2010, están destinados a facer fronte a necesidades inaprazables, sendo basicamente os empregos aqueles que teñen por finalidade o de facer fronte a sentenzas ou xustiprezos firmes, tendo causa nos casos antes referencidos.

Achégase o estado de Remanente de Tesourería así como o seguimento do Remanente de Tesourería para gastos xerais dispoñible.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei

Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19 de xullo de 2017, ditaminou favorablemente a citada proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para pedir a aprobación deste crédito extraordinario que reflicte os bos datos económicos aos que fixen alusión hai un momento porque derivado do superávit do ano 2016, de que no ano 2016 tivemos un resultado positivo queremos aprobar este crédito extraordinario de 18 millóns de euros para adicar ese superávit ás necesidades da cidadanía, hai que dicir neste senso que a aplicación do superávit que o que imos facer a continuación é mérito do Alcalde deste Concello, do Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias que conseguiu o que o Sr. Montoro non quería facer, que era deixar que os concellos reinvestísemos o superávit da nosa xestión en atender ás necesidades da cidadanía, froito desta actividade do Alcalde de Vigo como presidente da FEMP, temos que tódolos grupos políticos votaron a favor da inclusión na Lei de orzamentos xerais do Estado, da posibilidade de aplicar o superávit por parte dos concellos, se cobre así o baleiro legal que o Sr. Montoro quería deixar para usar eses recursos dos concellos para as súas necesidades, polo tanto, ese mérito é do Alcalde desta cidade como presidente da FEMP.

E é mérito tamén deste goberno porque para aplicar o superávit en primeiro lugar hai que telo e polo tanto, nós como concello saneado, como concello con débeda cero, como concello con resultado positivo, podemos aplicar eses cartos ás necesidades da cidadanía.

Eses 18 millóns de euros adícanse en primeiro lugar a pagar obrigas pendentes

que nos deixaron outros gobernos, temos que adicar recursos a pagar unha sentenza contra a grúa, contrato asinado por non por este goberno, temos que adicar tamén recursos a pagar as expropiacións do campus da Universidade de Vigo que adicamos a Zamáns, a Beade e a Bembrive pero o groso destes recursos adícanse ás necesidades da cidadanía, a mellorar as condicións de vida dos cidadáns desta cidade, en primeiro lugar ás humanizacións das zona da cidade, a rúa María Berdiales, Purificación Saavedra, Colombia, Norte, Camilo José Cela, José Frau, Fátima, Sanjurjo Badía, a Avenida da Atlántida e ó perímetro do Álvaro Cunqueiro, polo tanto, un número importante de recursos que se adican a mellorar as condicións de vida da cidadanía, unha actuación de todas estas rúas máis de 10.000 metros cadrados de actuación. Pero non só iso, tamén a atención ás necesidades das familias e sobre todo á xuventude coa adicación de recursos aos parques infantís en Pedro Alvarado, en Navia, o parque de Skate en Navia e tamén de Skate en Barreiro, dúas zonas moi poboadas desta cidade que verán melloradas estas infraestruturas para que os mozos poidan ocupar o seu tempo libre e tamén o parque infantil de Bouzas, de Barreiro e o da Praza da Independencia, polo tanto, recursos que se reinvesten na cidade planificando a cidade do futuro, mellorando as condicións de vida do que nos sucederán nesta cidade, polo tanto, coidando das necesidades da cidade e ademais mellorando o medio ambiente porque hai que lembrar que as humanizacións ademais de xerar postos de traballo, non se esquezan, permiten mellorar a rede de saneamento, de abastecemento e a de distribución de augas, evitando digamos as perdas para o medio ambiente que ten que as augas residuais circulen pola mesma rede de saneamento que as augas que si que teñen ir ó saneamento na nosa depuradora e ademais mirando tamén os aspectos da contaminación lumínica, mellorando a rede de alumeadado pública e favorecendo a mobilidade das persoas nese novo termo de mobilidade peonil que estamos a implantar na cidade de Vigo. Polo tanto, trátase de construír a cidade do futuro, de mellorar tódalas condicións de vida de tódolos barrios, de tódalas zonas da cidade e de reinvestir eses recursos que conseguimos no orzamentos do 2016 nas necesidades da cidadanía, facendo unha cidade sostible, habitable, fermosa, limpa e unha cidade das persoas, non unha cidade doutras máquinas como poden ser os coches. Polo tanto, mellorando as condicións da vida da cidadanía e reinvestindo o superávit nas necesidades da cidadanía.



SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que debería pedir o concelleiro unha segunda actividade como propagandista porque ten aparte do ton, sería bo incluso para un vídeo promocional da cidade, pero non estamos a falar de vídeos promocionais da cidade, estamos a falar da economía que creo que é bastante seria, ademais creo que en tódalas intervencións a medida que vai pasando a lexislatura hai unha cota de louvanza ao líder que empeza a aparecer case histriónico, creo que hai que ser un pouco máis concreto sobre todo cando estamos a falar de cuestións deste carácter. Acaban de aprobar vostedes unha Conta Xeral na que tamén aparece unha parte importante, e de novo volvo dicir, información pública que se pode cotexar, do grado de execución do exercicio do 2016 que é o provoca estes 18 millóns de euros de superávit que se traspasan agora como investimentos en teoría economicamente sostibles, digo en teoría porque tamén hai cuestións discutibles sobre se as humanizacións a partir do quinto ano de humanización teñen unha vixencia que non require intervención pública con recursos públicos, e polo tanto, creo que hai información tamén na Conta Xeral que temos que poñer enriba da mesa. Pero a nós é unha cuestión que nos preocupa do uso do superávit, que arbitrariedade cando vostedes deixan de executar partidas, esas partidas se incorporan ao superávit e se volven a incorporar ao exercicio seguinte, con eses 18 millóns de euros vostedes establecen un criterio absolutamente arbitrario e voume a explicar, para nós segue sendo discutible a política de humanizacións e unha elección deste goberno, imos a entender que non nos imos entender nesta cuestión do que teñen que ser as prioridades das infraestruturas da cidade, é certo que se prohíbe ou que non nos deixan por parte do goberno do Partido Popular utilizar o superávit en cuestións que creo que hai un consenso de tódalas forzas políticas progresistas en evitar que teñamos que empregar o superávit só nestas cousas, que por exemplo, co superávit non podemos construír unha gardería, unha biblioteca, niso estamos de acordo, pero claro cando decidimos que hai que indemnizar a unhas comunidades de montes si, e a outras non por un criterio completamente arbitrario, a nós parécenos que hai un agravio comparativo, me explico, aquí vaise a acatar unha sentenza xudicial para pagar uns terreos a unhas comunidades de montes en concreto, e temos a comunidade de montes de Teis cunha sentenza firme dende o ano 2009 que o Concello non quere recibir sobre os

terreos do Zoo, do campo de fútbol de Candeán, os terreos do campo de fútbol de Sampaio e 4.000 metros cadrados que agora mesmo utiliza o Celta, e vostedes empregan un criterio do Plan Xeral do 93 para non chegar a un acordo contra esta comunidade de montes, porque aquí si que habería moito recurso económico do superávit que tería que empregarse nesta comunidade de montes, que ten unha sentenza firme e que vostedes de maneira “torticeira” utilizan o Plan do 93 para non acatar, de feito din que o Concello ocupa de maneira pacífica os terreos da comunidade de montes de Teis, discutible para nós. Polo tanto, ao mellor aquí tería que aparecer como aparece a comunidade de montes de Zamáns, de Beade ou subsidiariamente a Entidade Local Menor de Bembrive que xestiona tamén de maneira subsidiaria o monte, debería aparecer tamén algún tipo de compensación sobre unha sentenza xudicial dunha comunidade de montes exemplar nesta cidade, en tanto ó criterio de uso e de xestión medio ambiental do monte, con algúns premios importantes en Europa e no conxunto do Estado sobre xestión forestal e que sistematicamente desaparece, decídese a unhas comunidades de montes si e outras non, posiblemente comunidade de montes que logo seguramente inauguran algún tipo de polideportivo, algunha cuestión, pois case chegando aos meses previos á campaña electoral.

Polo tanto, este criterio arbitrario tamén podería ser aplicado nas cuestións que se poñen aquí con 10 millóns de euros que practicamente na súa totalidade son para barrios e parroquias do centro, case ningunha infraestrutura vai aparecer no rural vigués, que por certo ten unha poboación moi consolidada, non hai practicamente ningunha infraestrutura e seguimos coa política do centro periferia desta cidade. Polo tanto, para nós esta arbitrariedade cando todo se vai metendo no saco do superávit e despois imos quitando a chequera ao que nos interesa ou ao que politicamente nos da máis percorrido de cara ao proceso electoral, a nós nos parece que hai un criterio de arbitrariedade discutible, que ese criterio non pode ser cunhas comunidades de montes si e con outras non, e nos gustaría que tódalas sentencias xudiciais das comunidades de montes que teñen gañadas e que vostedes sistematicamente non queren acatar, tamén aparece aquí con ese gasto financeiro con remanente de líquido de Tesourería, é unha cuestión que creo que xa é a enésima vez que esa comunidade de montes se dirixe a este Concello e a resposta como vimos o outro día, pois era na Xerencia de Urbanismo unha

ocupación pacífica dun monte que xa non existe porque foi arrasado para construír un Zoo, ou sexa non entendemos moi ben que cuestións se puxo enriba da mesa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros vai por bo camiño, se segue así igual o ano que ven, fíxese o que lle digo, o Alcalde lle deixa ser teloneiro da orquestra Panorama nas festas de Coia, se segue así. Pero efectivamente o que traen hoxe a Pleno é unha modificación moi importante do Orzamento porque son 18 millóns de euros, e tráeno porque é posible e é gracias á responsabilidade do goberno do Partido Popular, non a palabrería e a como vende o fumo e como empaqueta o fume o Alcalde, porque vai a Madrid a facerse a foto, pero logo quen aproba os presupostos xerais do Estado para que isto sexa posible é o Partido Popular con outros seis grupos políticos, porque o Partido Socialista segue no non é non, e é o Partido Popular con outros seis grupos políticos quen aproba os Orzamentos Xerais do Estado, que fan posible que se desbloquee este superávit e que se poida utilizar en investimentos financeiramente sostibles, e para que o van utilizar esta superávit? Porque de tapadeira tráeno como para dicir que fan reformas nuns parques en sete parques e unhas humanizacións, pero traen a modificación do Orzamento e traen esta modificación para pagar débedas, “pufos”, por iso é mentira, unha mentira moi grande, máis grande que o parque de Castrelos dicir que Vigo non ten débeda, senón ten débeda porque estamos a pagar 8.500.000 de euros de “pufos”, porque unha cousa é a débeda financeira cos bancos e outra cousa é pagar aos acredores, que é débeda. Eu podo non ter débeda co BBVA ou co Santander pero si lle debo a Fenosa, ao que me fixo a reforma da casa ou ao que me puxo a calefacción, teño débedas si ou si, por iso é o que ten o Concello de Vigo, débeda.

E aquí hai para todos, 2.700.000 euros por unha sentenza do servizo da grúa de agora, non desa cidade chea de grúas que ía ter o Alcalde co Plan Xeral que nos enganou, que gracias a el é Alcalde e ao voto do Bloque Nacionalista Galego por iso así llo devolve a xente, e non están hoxe na Corporación, pois pola grúa e sabe canto pagamos de intereses da grúa por non cumprir unha sentenza de 2014, o seu goberno, se pagasen en 2014 a sentenza nos aforraríamos 218.000 euros de intereses, que son cartos, que pola súa incompetencia, por iso está tan nervioso o concelleiro de Seguridade, pola incompetencia do concelleiro de Seguridade, que

xa lle digo como non espabile quítalle o posto de voceiro o Sr. Aneiros porque vai moi ben, xa deu tres voltas ao catecismo do Sr. Caballero.

Un millón para xustiprezo para a comunidade de montes de Zamáns, 700.000 euros para un convenio con Zona Franca que tamén se debe, 2.845.000 euros para pagar outra sentenza do TSXG de Galicia no tema da Entidade Local Menor de Bembrive, non sei que agora lle queren dar aire á Entidade, como está de débedas ata as orellas, vostedes agora, que casualidade, lle soltan 2.845.000 euros, mire, isto e unha vergoña, é unha tomadura de pelo e ademais deben máis cartos porque é certo que se deben cartos 4.622.000 euros por liquidacións negativas dos exercicios oito, nove e trece, é certo que se ven vir xa por fora das Cíes unha ola que é un tsunami que é o Auditorio Pazo de Congressos que o Sr. Alcalde empeñouse en inaugurar e poñer unha placa marabillosa pero agora igual hai que pagar 50 millóns de euros como mínimo para o rescate do Auditorio Palacio de Congressos, tamén hai que pagar á comunidade de montes de Teis, e hai que devolverlle a plusvalía á xente que se lle debe, hai moitas cousas que pagar, por iso é unha gran mentira dicir que Vigo ten débeda cero, unha gran mentira.

SR. ANEIROS PEREIRA: Sorprende que nun asunto tan relevante para a cidade a voceira do grupo maioritario da oposición, garde silencio e no seu lugar fale o Sr. Fidalgo pretendendo facer un monólogo de gracieta nun tema de extraordinaria relevancia, como digo para a cidade, porque o que fai este goberno e cumprir coa legalidade, cumprir coas sentencias que nos obrigan a pagar cantidades que estábamos discutindo por exemplo, cunha empresa que asinou un contrato coa Alcaldesa a Sra. Porro, iso é o que estamos a facer, estamos pagando sentencias das expropiacións que fixemos á Universidade de Vigo, para que teña terreos, en total máis de 10 millóns de euros adicados á Universidade de Vigo, máis a axuda que se fixo para pagar a Facultade de Ciencias Xurídicas e para pagar a Escola Técnica de Enxeñeiros Industriais, aí adicamos os recursos. Pero o cadro da cidade é este, este é o reflecto da cidade, a Xunta de Galicia inviste cero nesta cidade, o Goberno inviste o que está obrigado a facer pola depuradora e por outros compromisos, e cal é o resultado final para a cidade? O resultado para esta cidade é que 43 millóns de euros se adican neste ano 2017 ás necesidades das cidade, partimos dun orzamento inicial, incorporamos os remanentes do 2016 e

incorporamos agora 18 millóns de euros para atender ás necesidades da cidadanía, esta é a realidade da cidade e non a que non pintan ou a que nos queren pintar os señores do Partido Popular, esta é a realidade da cidade. Adicamos 18 millóns de euros do superávit que conseguimos porque o presidente da FEMP, tamén Alcalde de Vigo, conseguiu que se desbloquease en Madrid esa posibilidade de aprobar e de aplicar o superávit ás necesidades da cidadanía, lle guste ou non lle guste ao Sr. Fidalgo, lle guste ou non lle guste ao Partido Popular, ese é a realidade, por iso podemos contar con estes 18 millóns de euros adicionais para facer o que a cidadanía queira que fagamos, máis parque infantís, máis melloras de humanizacións na cidade, porque as parroquias non están no centro, están tamén fora e as parroquias se lles atende con cargo ao Orzamento normal do exercicio, polo tanto adicamos todo os cartos a satisfacer as necesidades de tódolos vigueses e viguesas con independencia do lugar da cidade onde vivan, non como facían vostedes a dúas rúas do centro, senón parroquias e rúas do centro desta cidade. Polo tanto, esa é a consecuencia desta boa xestión económica e da posibilidade de que o Alcalde de Vigo como presidente da FEMP conseguiu para que os concellos puidésemos aprobar o superávit e adicalo ás necesidades da cidadanía e por iso que pedimos o voto favorable para este crédito extraordinario de máis de 18 millóns de euros para as necesidades da cidadanía.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2017, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 44/142 por unha contía de 18.158.512,38 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan

A modificación orzamentaria nº 41/2017 incorporada ao expediente 44/142, conforma un Crédito Extraordinario pola devandita contía

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente da data da sinatura electrónica que figura na Resolución.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao superávit SEC-2010, co límite do Remanente Líquido de Tesourería, cuxo informe de seguimento figura no expediente, por unha contía de 10.000.000,00 euros e 8.158.512,38 euros, para facer fronte as continxencias que teñen orixe en sentenzas, xustiprezos firmes e o convenio a asinar co Consorcio da Zona Franca de Vigo .

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Aplicación do superávit, Liquidación do Orzamento do ano 2016.

Empregos				Recursos		
Aplicación	Proxecto	Concepto	Importe	Partida	Concepto	Importe
1532.6190060	17153260	H. M <sup>a</sup> Berdiales, Gran Vía-H.Cortes	194.609,70	87000	Rem.T.X	10.000.000,00
1532.6190061	17153261	H. P. Saavedra, sjurjo badía e T. Foxos 1	306.096,89			
1532.6190062	17153262	H.Rúa Colombia, pra. Isabel Cat. E C.Piñeiros	483.360,26			
1532.6190063	17153263	H. Vía Norte, Esc. G. Fernández a Urzaiz	2.301.549,34			
1532.6190064	17153264	H. Camilo José Cela, Coruña-C.Piñeiros	667.439,87			
1532.6190065	17153265	H. J. Frau, entre L.Mora e A.Cunqueiro	596.545,00			
1532.6190066	17153266	H. Rúa Fátima	225.000,00			
1532.6190067	17153267	H. S. Jurjo Badía co Barrio das Flores	595.000,00			
1532.6190068	17153268	Renovación beirarrúa, Avd. Atlántida, F.2 <sup>a</sup>	470.398,94			
1532.6190069	17153269	H. Perímetro ext. Alvaro Cunqueiro	1.600.000,00			
1710.6190020	17171020	Parque infantil P. Alvarado	500.000,00			
1710.6090001	17171001	Parque infantil en Navia	1.100.000,00			
17106090002	17171002	Parque skate en Navia	300.000,00			
1710.6090004	17171004	Parque skate en Barreiro	60.000,00			
1710.6190027	17171027	Parque infantil de Bouzas	200.000,00			
1710.6190021	17171021	Parque infantil en Barreiro, ampliación	200.000,00			

1710.6190026	17171026	Parque infantil Praza Independencia	200.000,00			
			10.000.000,00			10.000.000,00

Outros gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería

Empregos				Recursos		
Aplicación	Proxecto	Concepto	Importe	Partida	Concepto	Importe
1330.2279901		Sentenza Aparkisa, abril 2011, marzo 2013	499.617,11	87000	Rem.TX	8.158.512,38
		Atrasos abril 2013, marzo 2017	2.055.438,36			
		Xuros de demora, 22/10/2014 a 31/05/2017	217.669,72			
		Total	2.772.725,19			
1510.4230000		Convenio CZF, PTL	705.000,00			
1510.6000000	17151000	Xustiprezo terreos UVIGO, CMMC Zamáns	1.043.456,28			
1510.7000000	17151010	Sentenza CMMC Beade	55.722,67			
1510.6000001	17151001	Sentenza E. M. Bembrive	2.845.859,08			
9330.2269910		Sentenza INMIGA, Praza Elíptica	735.749,16			
Total			8.158.512,38			8.158.512,38

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar o expediente de acordo á relación que conforman os empregos dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 110 do texto refundido da Lei de

Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 41/2017, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

QUINTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

SEXTO.- Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario, coas excepcións previstas no segundo paragrafo do apartado 5 da DA decimosexta do TRLRFL pola modificación operada pola Disposición adicional nonagésima sexta da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 en relación coa aplicación do superávit, que posibilita que os empregos poidan quedar en fase de autorización de gasto ao peche do ano 2017, que serán incorporados ao Orzamento do ano 2018 polos saldos de autorizacións e de compromisos, sempre e cando o Remanente Líquido de Tesourería sexa positivo, quedando afectado a esta finalidade.

En todo caso, os empregos financiados con superávit obtido da Liquidación do Orzamento do ano 2016, teñen que quedar en algunha das situacións de créditos seguintes:

Gasto autorizado. Gasto comprometido ou obriga recoñecida.

**4(100).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2017, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 61/143 (REXISTRO PLENO 1577/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xullo de 2017, a Dirección superior contable e orzamentación da conta do seguinte informe,

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de



Execución Orzamentaria para o ano 2017, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao segundo trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de xuño de 2017.

#### Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos e para os estados consolidados.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/06/2017, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local.

Achégase o estado de Remanente de tesourería, da entidade e do Organismo Autónomo, así como o consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

#### Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gasto e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto

para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Modificacións orzamentarias.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local, organismo autónomo e consolidados a 30/06/2017.

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

Estado dos períodos de pago do segundo trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, sa súa sesión ordinaria do 19.07.17, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para render conta da execución trimestral do orzamento corrente do 2017, cuestión que facemos porque así a prevemos na base terceira do Orzamento deste ano 2017 tamén en cumprimento da transparencia, por certo, criterio de transparencia no que este Concello ten un ratio moi superior ao resto dos concellos e cumpre cos criterios estándares de transparencia. Esta xestión deste segundo trimestre do que agora se rende conta, está caracterizado pola normalidade posto que non houbo que utilizar nin o fondo de continxencia, nin o capítulo de gastos financeiros para o capítulo terceiro de gastos financeiros para facer fronte a necesidades imprevistas senón que todo descorre cunha xestión ordinaria e normal do Orzamento do 2017.

se facemos referencia ás principais áreas de gasto e de goberno temos que os fondos do Plan de Emprego están adicados nunha porcentaxe superior ao 65%, polo tanto, rondando o 70% neste trimestre, o Plan de Emprego de Vigo Emprega, Vigo Prepara e o Vigo Capacita están executados igual que boa parte das axudas

ás ONGs e ós proxectos innovadores de emprego, tamén a creación de empresas e o emprego xuvenil, hai que dicir que o Concello tamén foi parte importante do Sea Fish cunha achega significativa, máis de 100.000 euros a esa feira de produtos pesqueira na cidade que foi todo un éxito.

Continuando co emprego e neste caso co emprego keynesiano, tamén se adican eses recursos ás necesidades da cidadanía para mellorar as condicións de vida en tódolos barrios, zonas da cidade, quero sinalar algunhas destas intervencións máis importantes, se o Sr. Fidalgo sae á rúa pode ver que a rúa vía Norte no entorno de Fátima quedou excepcional e quedou pagada con cargo aos orzamentos deste Concello, tamén a zona de Rosalía, esa magnífica rotonda que temos alí, ou ben coas obras do Estadio de Balaídos que van na grada de Río no prazo previsto, adicamos tamén os recursos a satisfacer os transportes sociais desta cidade, o bono bus que é as axudas á cidadanía que instala ascensores nos barrios de Santa Clara ou de Coia e tamén coas subvencións á rehabilitacións no barrios de Bouzas e do Casco Vello, nos barrios históricos, satisfacendo o pago das nove escolas infantís que se satisfacen por parte deste goberno, deste Concello, en Lavadores, en Navia, no Casco Vello, en Saiáns, en Teis, en Tomás Alonso, en Casino Martínez, en Mestres Goldar e Hernán Cortés, e abonando tamén o importe das escolas municipais, facendo cousas que non fai a Xunta de Galicia, por certo, a limpeza dos colexios, as reparacións nos colexios, o subministro de enerxía eléctrica nos colexios e tamén o gas e o gasóleo nos colexios, pagamos tamén neste trimestre a magnífica biblioteca que temos na sede da UNED que permite que nesta época de exames os estudantes dispoñan de máis de 450 prazas para poder estudar, remataron os exames de xuño e de xullo e os estudantes estaban nesa magnífica biblioteca que este Concello puxo a disposición de toda a cidadanía, máis de 450 prazas adicionais para que os estudantes da nosa cidade poidan estudar, e facendo fronte como non ás necesidades sociais, ás axudas que precisan as familias, facendo un pagamento de máis de 1.000 axudas de alimentación, de vivendas, de axudas para paliar os problemas de gas e de pobreza enerxética que teñen as familias e tamén hai que dicir que temos e así faremos un abono das 3.400 solicitudes de bolsas de libros e de comedor que tivemos por parte deste Concello.

Tamén afrontamos os gastos dos campamentos de verán, unha boa forma de facer

compatible a actividade laboral dos pais co tempo de lecer dos rapaces e facemos como non a achega extraordinaria a estas magníficas festas de Vigo e o que ven neste mes de agosto do Marisquiño que inundará a cidade desta nova forma de entender o deporte urbano e o arte urbano que é o Marisquiño, todo isto acompañado de actuacións en deportes e na promoción da cidade co impulso ao Aeroporto de Peinador que neste mes de xullo, agosto conta con esas 19 rutas que colocan ao Aeroporto de Peinador como o que máis crece en toda Galicia e tamén no contexto do Estado que permite esa nova mobilidade dos cidadáns de Vigo cara afora e sobre todo dos cidadáns que visitan Vigo nestas liñas aéreas.

No que se refire aos ingresos o único imposto que ten o período xerado o de vehículo e os ingresos descorren con normalidade, recadamos o 15%.

SR. PÉREZ CORREA: Nós á altura destes mesmos días o ano pasado discutíamos tamén a aprobación do grao de execución do Orzamento e quizais pola candidez dos novatos, dicíamos imos esperar ao final de ano que seguramente a maior parte do nivel de execución no capítulo de investimentos estará rematado, vemos que hai un progreso, que si, que se avanzou algo máis na execución deses orzamentos no capítulo de investimentos pero a nos séguenos preocupando e agora que xa temos onde compararnos que é o ano 2016, o grado de execución que nos atopamos a fanais de ano pois imos a poñer en dúbida que gran parte das vontades ou das intencións da execución deste Orzamento se fagan tamén, e imos esperar a finais de ano á liquidación do 2017 para ver realmente que se está a facer; se que hai cuestións que a nós nos preocupan porque xa na secuencia anterior moitos recursos do Plan de Emprego se executan ou non se executan pero se se executan se executan ao final de ano e entendemos que o Plan de Emprego, as contratación que se fagan son de seis meses de media, e xa estamos na metade do ano, polo tanto entendo que serían contradicións que se fagan con cargo aos Orzamentos do 2017, pero contratacións que se fagan no 2018, digamos polo prazo porque por exemplo, as axudas do Plan de Emprego agora mesmo hai practicamente 1.500.000 sen executar, entendemos que quedan seis meses pero que son contratación de seis meses.

Logo hai algunhas cuestións que nos parecen tamén que van acabar en superávit, entendemos que os recursos que se gardaron para as expropiacións da

Panificadora entendemos que acabarán dando superávit, é certo que teñen vostedes 5 millóns de euros gardados en Tesourería, pois ao mellor habería que darlle outro uso e non volver a finais de ano a pasar a superávit e tamén algunhas cuestións sobre ingresos que si que vemos que as previsións se cumpren e por desgracia se cumpren moi por enriba, como por exemplo as multas de tráfico na cidade que teñen unha progresión positiva cada vez máis grande que dende logo non creo que teña que ver co carácter dos vigueses/as que cada ano queren incrementar as multas que lle poñen as forzas de seguridade. Polo tanto, a execución creo que xa neste Concello non nos queda máis que esperar á liquidación do ano para poder analizar dunha maneira completa pero si que nos gustaría que se tivera algún control sobre determinadas cousas, aquí abaixo están os traballadores do servizo de mantemento de Xardíns, das concesionarias as que xa se lles vai pagando, levamos xa seis meses e teñen un nivel de execución grande, Valoriza é unha que está a cobrar de maneira regular, de maneira importante, xa con compromisos, obrigas recoñecidas de case 2.145.000 euros, e está incumprindo flagrantemente o convenio en canto á contratación, está moi por debaixo dos niveis de emprego que figuran na concesión, e polo tanto, nós seguimos pagando e executando as concesionarias sen ningún problema a pesares de que incumpren o número de traballadores, que están incluso collendo a traballadores do servizo de Xardíns para que fagan de socorristas porque eles tamén teñen os socorristas das piscinas de Samil. Polo tanto, antes de pagarlle ás concesionarias que alguén comprobe se a concesionaria está a cumprir, se a concesionaria cumpre a relación de traballadores que figura no prego no momento que se adxudica porque senón logo temos ruído no Pleno, non falo de ruído mediático, falo de ruído físico que están a facer abaixo os traballadores/as por incumprimento, esta concesionaria xa ten pagos comprometidos nesta execución moi importantes e me gustaría saber se alguén destes 17 concelleiros/as fixo a xestión de preguntarlles aos traballadores se se cumpren os ratios de emprego, se se cumpre a concesión, porque dende logo existe unha realidade, calquera cidadá de Vigo ve a situación das xardineiras e sabe que se está a incumprir o prego, non fai falla ser catedrático en Oxford para saber que se está a incumprir o prego primeiro, porque hai xa denuncias dos traballadores e segundo, polo estados das xardineiras nesta cidade, eu paseo nesta cidade seguramente como vostede para

saber que dende logo hai unha desleixo de funcións neste caso do concelleiro que estará metido noutras actividades, polo tanto, ese control antes de facer o pagos sería importante. Si que pedimos que os grados de execución que noutros exercicios non se levaron adiante, promoción turística, conservación arqueolóxica que quedaron noutros exercicios de maneira sistemática sen executar, que dende logo agora que Vigo ten un repunte turístico que se executen ao 100% no que teña que ver na conservación do noso patrimonio e no que ten que ver coa programación turística de Vigo que dende logo é deficitaria entre outras cousas porque non se executan partidas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Estamos a falar da execución do Orzamento, de como vai do Orzamento do 2017, xa falamos do pésimo que foi o 2016 pero o 2017 vai pior Sr. Aneiros, hai oito meses e aquí a hemeroteca e a memoria dos vigueses non falla, hai oito meses en decembro o Alcalde presentaba os Orzamentos para o 2017, que é do que estamos a falar agora, como cren que definiu con eses superlativos que tanto lle gustan ao Alcalde, os Orzamentos do 2017? Por 25 pesetas cada unha, cualificativos que dixo o Alcalde dos Orzamentos do 2017? mínimo históricos, maravillosos, unhas contas únicas en Europa, iso ven na hemeroteca, mire, 233 millóns de euros, un 3% máis que o ano pasado e dicía “os investimentos se disparan ata alcanzar 16.500.000” e tiña tres proxectos estrela para este ano, proxecto número 1 que encheron páxina de xornais ata que deixaron de enchelas, a Panificadora e aí está a Panificadora, os señores de Parques e Xardíns manifestándose, os señores que están nunhas tendas de campaña polos desafuzamentos, ese é o Vigo que o Alcalde non ve, e a Panificadora que nin está nin se lle espera, esa é o primeiro proxecto estrela que executou cero euros. Segundo proxecto estrela, mega ultra hiper pavillón das Traviesas para o 2017, onde está? Cero. E o terceiro proxecto, xa non se lembra, porque non hai tanto, foi hai sete meses, os tres proxecto estrela do 2017, o terceiro un ascensor na rúa San Salvador, que ese parece que progresa adecuadamente e ao mellor ao finais do ano 2018 temos ascensor en San Salvador. Eses son os proxectos estrela deste novo goberno “guay”, que fixo poñer unha canta fontes e facer unhas cantas beirarrúas pero ningunha infraestrutura nova en Vigo, ningún novo túnel, ningunha circunvalación, ningunha infraestrutura

deportiva interesante, nada de nada, dez igual a cero. Logo, que quere que lle diga Sr. Aneiros vostede pode contar aquí todo o que vostede queira pero os vigueses pagamos os impostos máis altos de Galicia e somos os que menos recibimos de Galicia, Ferrol na Ora, cero, Pontevedra non teñen nin a Ora, Santiago de Compostela, un euro, Vigo 1,45 euros; o Lixo a que máis paga de Galicia, 85 euros, ata Oviedo, Alacante, Zaragoza, Bilbao, 45 euros o lixo, nós 85 euros e 2,2 euros que di que actualiza, non sei que actualiza. Imposto de circulación de vehículos, o que máis pagamos de Galicia, 61,75 euros, máis que Ourense, A Coruña, todos, se ten máis cilindrada tamén pagamos máis, somos os que máis 133 euros, a grúa a que máis, o Imposto de Bens Inmóbiles, o que é o contribución, o tipo impositivo máis alto, 0,88, o Bono Bus máis caro de Galicia, a auga máis cara de Galicia e nola queren subir, se estamos a pagando por unha auga que non consumimos. Isto é a política do envoltorio, a política de celofán, onde o importante é o que parece e non o que é e por iso Sr. Aneiros con intervencións como a de vostede, pois vostedes está a perder a escasa credibilidade que lle quedaba, un Sr. Aneiros era o que veu da Universidade hai dous anos e outro distinto é o que lle imos a devolver a Universidade dentro dun ano e medio, é lamentable e patético que sega esta estela Sr. Aneiros.

SR. ANEIROS PEREIRA: A miña credibilidade vai a máis, non vai a menos como a súa, esa é a gran diferenza, porque vostede non sei que Orzamentos lee porque debe estar empeñado en ler o cómic o tebeo

Fala da presión fiscal, onde gobernan vostedes a presión fiscal é máis alta da media das cidades de Galicia, moito máis alta que a presión fiscal de Vigo, temos a presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia, polo tanto mente o Sr. Fidalgo.

O que estamos a facer é algo moi sinxelo é transformar a cidade, vostede parece que non sae desa galería con visillo que non deixa ver a rúa porque lle vou dicir, actuamos en tódalas zonas da cidade, actuamos na Vila de Bouzas coa humanización de Ferreros, de Coia coa humanización da Avenida de Castelao, actuamos na zona da Praza da Independencia e Travesas coa rúa Hispanidade, Camelias e Álvaro Cunqueiro, na zona da estación de autobuses, na Doblada e Casablanca con Gregorio Espiño, Martínez Garrido e a rúa Estornino, na zona da estación de tren de Urzaiz coa rúa Vía Norte, na zona de Teis e Aragón coa Rúa

Aragón e Doctor Corbal, na zona centro coa rúa Rosalía de Castro e Llorente, na zona de Balaídos coa mellora do contorno do Estadio de Balaídos e coa propia instalación do estadio, melloramos as instalacións deportivas da cidade e melloraremos e continuaremos mellorando tódalas rúas desta cidade, polo tanto saía vostede desa galaría que non o deixa ver a rúa e visite a cidade, a súa cidade, esta que debe ser a súa cidade e lea os Orzamentos tal e como debe facer unha persoa sensata e que debe ser ou se presume ser sería.

Tamén estamos nesta execución apoiando aos sectores que precisan apoio nesta cidade, apoiando como nunca e como ninguén o fixo ao sector naval, ao sector do mar, á creación de emprego, ás axudas para creación de empresas están executadas ao 100%, o Plan de Emprego Xove está executado ao 100%, polo tanto, apoiando como nunca a esta cidade, apoiando tamén ao turismo e comercio coa apoio decidido ás liñas aéreas de Peinador, o Aeroporto que máis crece en Galicia e que permite sobre todo que veña xente a visitar a nosa cidade e a consumir no noso comercio local e na nosa restauración local. Polo tanto, apoiando coma ninguén o fixo en tempos ás necesidades desta cidade, satisfacendo, Sr. Fidalgo por moito que lle pese, as necesidades desta cidade.

Trátase dunha execución ordinaria normal sen sobresaltos como creo que parece que lles gustaría aos grupos da oposición, iso é o que lles amola e iso e que intentan facer ruído.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**5(101).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 18566/541 (REXISTRO PLENO 1578/1101)**



ANTECEDENTES.- Con data 10 de xullo de 2017, o Tesoureiro Municipal da conta do seguinte informe,

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINHAP.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

*(.....)*

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)*”

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de*

*entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FAcE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

### III.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhaf.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/Instruccion esAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos,*

de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requirida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

#### IV.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2017.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2017 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Situación	Entidade Local	Xerencia M. Urbanismo
<b>Pagos feitos no trimestre</b>		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	4.357	102
Importe dos pagos	32.508.507,61	175.533,03
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	0	0
Importe	,00	,00

<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>22,95 días</b>	<b>18,96 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>		
Nº de pagos	,00	,00
Importe	,00	,00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	361	4
Importe dos pagos	3.325.816,70	23.329,75
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	1	0
Importe	1.017,50	,00
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>8,86 días</b>	<b>2,36 días</b>

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de facturas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750.

En relación coa facturación pendente de pago que afecta a 361 facturas, 135, por un importe de 1.664.633,42 euros, teñen menos dous días de antigüidade.

En canto á factura pendente de pago ao peche que está fora do período medio de pago, pola súa pequena contía non merece comentario.

### Resumo por trimestres de morosidade

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2017				
Trimestres	Entidade Local		Xerencia Municipal Urbanismo	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
Primeiro Trimestre	19,86	12,19	21,24	12,93
Segundo Trimestre	22,95	8,86	18,96	2,36
Terceiro Trimestre				
Cuarto Trimestre				

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o

pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

### Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2017												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-12,62	-12,48	-12,2	-9,23	-9,14	-11,50						
FAIMEVI				10	-25,13	-7,96						
MARCO	52,48	37,7	2,05	16,27	9,96	14,12						
XMU	-20,46	-13,85	-10,37	-11,59	-17,13	-20,01						
PMPGlob.	-12,12	-11,82	-12,10	-9,06	-9,06	-11,38						

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, sa súa sesión ordinaria do 19.07.17, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para render conta do prazo de pago aos provedores, neste caso tamén neste segundo trimestre do ano 2017, Vigo consolídase como a cidade de máis de 100.000 habitantes, unha das principais cidades de España en pago a provedores posto que o facemos antes que ningunha outra cidade, isto non é un mérito de querer ser primeiro senón que pretende evitar tensións de tesourería ás empresas que contratan cos nosos servizos

municipais. Polo tanto, trátase de dotar de solvencia ás empresas e de facer un pagamento pronto para xerar economía, emprego dentro do sector económico privado, é tamén unha mostra da bo funcionamento da recadación municipal por máis que lle pese a algúns, da asistencia dunha caixa solvente na concellería de economía, no Orzamento do Concello de Vigo tamén dun plan de pago a provedores.

A execución trimestral nos reflicte que tan só no contexto do Estado español hai seis cidades de máis de 100.000 habitantes que pagan antes de que comece a computar ese prazo legal que como saben é de 30 días despois da aprobación da factura, algúns tamén parece que descoñecen o prazo de pago a provedores e o réxime porque cando chega unha factura se comproba se o servizo se presta de acordo como se contrata e de acordo como están o prego de condicións e polo tanto, compróbanse tódolos servizos que se contratan por parte deste Concello.

A situación en Vigo é moito mellor que no resto das cidades de España e tamén de Galicia, neste trimestre pagamos 9 días antes de que comezásemos a contar o prazo de pago e 11 días no último mes, polo tanto, estamos nun contexto de que entorno aos 15 días as empresas que contratan servizos, aos que lle compramos bens por parte do Concello, reciben o seu pagamento, no contexto do Estado a media é de 60 días é nalgunhas cidades significativas como poden ser as principais cidades o pagamento vaise, en Barcelona por exemplo, a 29 días, polo tanto, nós estamos a pagar nese contexto de entre 10 de 15 días, Madrid vaise a 42 días, Alacante a 38 días e outras cidades como poden ser Sevilla, Valencia, Málaga, por certo, se collemos un deses voos directos que temos dende o Aeroporto de Peinador podemos visitar algunhas desta cidades onde por exemplo, en Sevilla o prazo está en 38 días, en Zaragoza 16 días, Palma de Mallorca 56 días, Las Palmas 79 días, Tenerife 35 días, Murcia 30 días, Valencia 8 días, polo tanto, estamos a pagar nun prazo extraordinariamente rápido, como digo, coa finalidade de evitar tensións de tesourería ás empresas, coa finalidade de evitar endebedamento por parte das empresas e de manter os postos de traballo das empresas que contratan con nós.

No contexto de Galicia se temos en conta as principais cidades, vemos que en A Coruña pagan en 26 días, polo tanto, Vigo paga en 9 días, moito antes que A Coruña, Santiago de Compostela 23 días, polo tanto, moito máis que Vigo, Ourense

onde vostedes gobernan 19,75 días, polo tanto, moito máis tarde que en Vigo, en Lugo temos que se paga en 109 días, polo tanto, a entidade local e nos estados consolidados se paga antes de que comece ese prazo de pago aos provedores e polo tanto, moito antes que noutras cidades de Galicia.

Neste trimestre fixéronse un total de 4.479 pagos, por un importe de 32 millóns de euros, como digo, comezando o pagamento neses 9 ou neses 11 días de pago, polo tanto, nun prazo extraordinariamente rápido para as empresas, comprobando que os servizos se prestan, que os servizos están de acordo co pactado e comprobando que todo está de acordo coa legalidade, neses prazos se paga.

Ao finalizar o trimestre quedaron pendentes de pago 365 pagos, e o período medio de pago dos pendentes está en 8 días, polo tanto, pagando nun prazo extraordinariamente rápido, comprobando que os servizos se prestan, e comprobando que as actividades están de acordo co pacto. O relevante é que Vigo é a principal cidade de España en pago a provedores, é dicir, a principal cidade que coída a economía das empresas do contorno, das empresas que contratan con este Concello, iso é o relevante, pagamos antes que as principais cidades de España, estamos polo tanto, á cabeza das cidades de España en xestión económica e en cumprimento das obrigas que temos cos nosos provedores.

SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que xa é recorrente que nós digamos que comparativamente, pois si, é certo que a situación dos pagamentos a provedores, na maior parte dos grandes municipios deste país era a que era, pero nós tamén levamos practicamente os dous anos e pico de lexislatura dicindo que a progresión é saber como se vai reducindo no conxunto dos concellos e como se vai reducindo en Vigo, porque aínda que haxa concellos que están moi por enriba ou incluso en poucos días por enriba de nós, o caso por exemplo que poñía vostede Barcelona que saibamos onde saía porque hai concellos que se saían de 180 días, hai concellos que se saían practicamente de incluso non ter recursos de caixa para poder facer pagos a provedores e non é o mesmo a situación dun concello que está intervido e que de feito tivo que facer unha memoria económica e financeira co Ministerio, ou o caso do Concello de Vigo, polo tanto, a nós pareceríanos ridículo que non foramos mellorando os pagos cando liquidamos a débeda bancaria precisamente para poder ir avanzando nas outras cuestións que se nos permite no



momento que imos solventando, solventamos o pago da débeda bancaria, nos discrepamos co Partido Popular, a débeda bancaria é unha cousa e outra é unha débeda por unha sentenza xudicial, entendemos que a débeda bancaria é o que di o Decreto de retirar, unha vez que se retira a débeda bancaria págase aos provedores, unha vez que se paga aos provedores pódese utilizar eses cartos na cuestión que discrepamos que é o uso final que se lle da ao superávit, que no caso de ter débeda bancaria nós seguimos pensando que liquidar de golpe 23 millóns de euros para aforrar xuros bancarios nos houbera dado máis xogo, seguro, utilizar eses cartos, pero iso é unha discusión da cal no entramos aquí, o que si queremos dicir é o que así como hai grandes concellos que van reducindo en porcentaxes moi altos o tempo de pagamento aos provedores, nós estamos máis ou menos nos mesmos niveis do trimestre anterior, no trimestre anterior 22,86 días, descontando obviamente que son 30 días a partir do recoñecemento de factura, pero que nesa altura se fixeran 7.714 pagos contra 4.357 pagos, é dicir, agora fixemos moito menos pagos e practicamente estamos no período medio de pago que estábamos no trimestre anterior, xa non comparamos co último trimestre do ano porque entendemos que os pagos deberían ser comparados no seu trimestre e non con trimestres diferentes, pero máis ou menos Vigo imos quedando nos mesmos niveis de períodos medios de pagamento, cando nós xa temos unha situación por certo, que non se diga máis que Vigo é a única gran cidade deste país que ten débeda cero, xa hai algunha máis, xa está Zamora e Bilbao que tamén teñen débeda cero, polo tanto, hai moitas cidades que levan facendo esforzos con situación financeira terrible para tamén estar en débeda cero e penso que esa información hai que dala tamén aos cidadáns. Polo tanto, cremos que hai unha relaxación, que podíamos avanzar en pagamentos, hai menos pagamentos e polo tanto, menos provedores a pagar ao longo do período que estamos estudando, e que debería haber unha progresión, claro, compararse con concellos que saían con pagos de 180 días, que teñen plans de sostibilidade financeira para poder facer os seus pagamentos, compararnos con concellos que incluso tiveron problemas para pagar as nóminas dos seus funcionarios, creo que non é en economía hai que compararse coa xente do seu entorno e no caso do Concello de Vigo deberíamos preocuparnos se nós porcentualmente imos mellorando ou non imos conxelando no pago a provedores, que digo e repito, é unha parte importante a reactivación

económica de Vigo, que a xente que traballa para este Concello lle paguemos o máis rápido posible, non vou dicir que se pague antes cunha carta de crédito pero si que polo menos haxa unha mellora conforme van pasando os anos neses pagamentos e non practicamente ter os mesmos niveis de tempo de pago a provedores que tiñamos no trimestre anterior do ano pasado.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Seguimos un pouco analizando a situación económica do Concello de Vigo, antes na execución do Orzamento fallaba por dicir que este é o peor dos tres anos, leva o 37,22% cando o ano pasado estábamos no 37% e hai dous anos no 41%, que por departamentos é pésima a xestión, Comercio leva executado só o 9% do Orzamento, Cultura o 16%, Emprego o 25%, Urbanismo o 26%, Xuventude o 32%, Turismo o 34%, e así imos continuar pois producindo e xerando un superávit que non é entendible, agora hai cousas que non van moi ben incluso mellor do esperado, os ingresos e a recadación por multas que é a especialidade desta casa, superaron xa o previsto para todo o ano, xa hai 4.600.000 euros de multas de tráfico só nos primeiros seis meses, por iso non se entende que cando hai cartos en caixa, hai 94 millóns de euros en remanente segan con esa política de impostos caros, de cobrar polo que non se está a consumir como a auga, de ter autobús máis caro de Galicia, a auga máis cara, a contribución, etc. Os pagos? Os pagos van razoablemente ben, pero o último dato publicado polo ministerio non somos o primeiro, o primeiro é Fuengirola, agora está ben e iso é gracias tamén ás políticas do Partido Popular, un, á obrigatoriedade de presentar a factura electrónica dende o 15 de xaneiro do ano pasado, dous, á lei de estímulo e crecemento e a creación de emprego, tres, á Lei de control de débeda comercial no sector público e catro, á Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, reformas que eran necesarias para que o goberno do Partido Popular en España lle dese a volta á situación e cambiase unha senda de destrución de emprego 3.200.000 postos de traballo destruídos nos dous últimos anos do goberno do Sr. Zapatero, por 2.500.000 de postos de traballo creados polo goberno do Partido Popular e iso é o que hai que facer para ser un bo xestor e para ser un bo gobernante. E outra cousas, é tamén o que lle vimos pedindo hai xa tempo, que nos dean información non só do tempo que tardan en pagar facturas senón tamén doutras cousas importantes para o funcionamento da

cidade como son as axudas sociais, as subvencións porque moitas veces vemos colectivos que andan por aquí, polo casa, intentando cobrar unha pequena axuda para poder sobrevivir, tampouco ten moito mérito a súa xestión polo escaso nivel de execución do orzamento, non é tan complicado se hai tan poucos provedores aos que pagar, cada vez estamos pagando incluso menos facturas e é certo que seguramente as empresas concesionarias estarán encantadas como é habitual e norma da casa con este Concello e este Alcalde, por estar ao día nas súas contas, o malo é que os cidadás pagan e pagan relixiosamente por ter uns servizos e logo as empresas concesionarias moitas delas con cumpren co prego de condicións, nin cos traballadores por iso están aquí manifestándose, ás probas me remito.

E xa que falamos de Vigo tamén nos gustaría saber que está a pasar na Entidade Local menor de Bembrive, como se paga aos provedores en Bembrive, porque diso nunca queren falar, e o que está a pasar en Bembrive é moi grave e quen goberna alí é un socialista do PSOE vigués, e ademais a Entidade Local Menor de Bembrive recibe 300.000 euros do Concello de Vigo e agora vai recibir dunha sentenza máis de 2.800.000 euros, mire, por iso claro que é importante a xestión económica, pero o que é máis importante e máis útil é non subirlle os impostos á xente cando hai cartos en caixa e sobresalto, que é o que dicía vostede antes, é esperar a que saian os Reis Magos e ver ao Alcalde pasear por alí antes de que saían os reis, sobresalto é esperar a que toque a Oreja de Van Gogh en Castrelos e que apareza o Alcalde a dar o mitin, sobresalto é esperar a que saia Miguel Bosé e tamén ver alí ao Alcalde, por iso non se pode presumir dunha boa xestión cando non se executa o orzamento, nin se baixan os impostos e cando ademais as outras administracións tanto o Goberno de España como a Xunta de Galicia están baixándolle os impostos á xente, vostedes seguen con esa senda de subirlle os impostos cando non reciben absolutamente nada a cambio.

SR. ANEIROS PEREIRA: Eu se tivese que resumir as intervencións que acabo de escoitar diría que o Partido Popular está máis preocupado polos infractores que pola boa xestión e polos bos resultados económicos deste Concello, posto que preocuparse se se infrinxe moito as ordenanzas e a lei nesta cidade porque a xente é sancionada por multas, pois non deixa de ser paradigmático, debe ser que o Sr. Fidalgo debe ir a 140 quilómetros por unha rúa de de 50 quilómetros por hora,

porque debe estar moi preocupado por se lle poñen algunha multa, a verdade descoñezo se ten algunha multa pendiente con este Concello, pero a recadación funciona correctamente e os pagamentos fanse en tempo, dos que estamos a falar agora, os de pago a provedores capítulo II e VI do Orzamento e tamén funciona de acordo co previsto na normativa de subvencións e de axudas sociais, no pagamento das subvencións e das axudas sociais, polo tanto, unha vez que se xustifica ou verifica a actividade, págase. Volvendo ao tema do pago aos provedores, os capítulos II e VI do Orzamento corrente, páganse nos prazos máis rápidos posibles, tamén contestándolle ao Sr. Pérez Correa, os servizos hai que comprobar se se prestan, polo tanto, hai que facer unha tramitación, loxicamente, non se pode pagar no mesmo día, e temos que compararnos tamén con cidades comparables, non podemos compararnos con Bilbao que ten máis poboación que Vigo e sobre todo máis recursos económicos que Vigo porque se beneficia dun réxime foral que non temos en Vigo e polo tanto non somos comparables con Bilbao e tampouco somos comparables con Zamora que é un cidade con moita menos poboación que Vigo e con moitos menos recursos económicos que Vigo, por moito que tamén lle guste ao Sr. Fidalgo pasear.

Digo que nas principais cidades de España, nas cidades de máis de 100.000 habitantes como é o caso de Vigo que roldamos os 300.000 habitantes, e cun nivel de orzamento e pagamento aos provedores similar aos de Vigo, Vigo é a primeira cidade de España en pago a provedores, é dicir, isto é un reflexo de que a recadación funciona en termos normais, de que hai caixa que non dilapida senón que se adica a pagar aos nosos provedores para que non teñan tensións de Tesourería e para que poidan xerar emprego e facer os consumos que teñen previstos facer.

Polo tanto, cumprimos como non pode ser doutro modo, coa atención á legalidade ou ás necesidades da cidadanía.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**6(102).- ESTUDO PREVIO DAS MEDIDAS PROVISIONAIS DE ORDENACIÓN DA LEI 2/2017, DO 8 DE FEBREIRO, DE MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDENACIÓN. EXPTE. 16022/411 (REXISTRO PLENO 1573/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 27 de xuño de 2017, o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe proposta,

**“I.- ANTECEDENTES E FEITOS**

1.- Dánse por reproducidos na súa totalidade, por mor das necesarias concisión e brevidade, e por non incorrer en repeticións innecesarias, o relato de feitos e a fundamentación xurídica que obran na proposta do Xerente de urbanismo de data 21.04.2017 que serviu de base á Resolución adoptada pola Vicepresidencia desta XMU na mesma data, pola que se dispuxo, *tramitar o Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, administrativas e de ordenación (en diante LMFAO) elaborado polos técnicos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo en abril de 2017, e remitir o nomeado documento á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, solicitando a emisión do informe urbanístico e do informe ambiental referidos no artigo 89.2 do dito corpo legal.*

2.- Mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU de data 21.04.2017 (núm. de saída 4515-2017) remitíasele á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, dous exemplares en formato dixital do nomeado Estudo, aos efectos de que polos órganos competentes se emitan os informes urbanístico e ambiental, ao abeiro do previsto no artigo 88 da LMFAO.

3.- Con data do 16.05.2016 tiña entrada no rexistro xeral desta XMU (doc. 170069068) un oficio subscrito o 11.05.2017 pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, no que, ao abeiro do establecido no artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, requírese a esta administración, a achega dunha serie de documentación complementaria.

4.- En cumprimento do requirido pola devandita Consellería, e dentro do prazo conferido a dito efecto, en data 22.05.2017 incorporouse ao expediente o documento nomeado *“Complemento do Estudo Previo de Ordenación Provisional”* elaborado polos mesmos facultativos municipais, datado en maio de 2017 e que foi remitido ao órgano competente da Xunta de Galicia, mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU de 23.05.2017 (núm. de saída 5484-2017)

5.- Así as cousas, en data 20.06.2017 tiña entrada no rexistro xeral desta XMU baixo o doc. núm. 170090015, un oficio subscrito pola Secretaria Xeral Técnica da

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, polo que se remiten o informe urbanístico e ambiental regulados no artigo 88. dous da LMFAO, co contido que de seguido se expoñerá.

6.- Xa que logo, e de conformidade co “ lter procedimental” pautado pola LMFAO, no seu Título V baixo o epígrafe “*Medidas provisionais de ordenación urbanística*”, artigos 88 e seguintes, procede neste intre aprobar polo Concello de Vigo o *Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación no que se inclúen os documentos nomeados “Estudo da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015 no recurso de casación nº 11658/2014”* de data abril de 2017 e o nomeado “*Complemento do Estudo previo de ordenación provisional*” de data maio de 2017, logo da emisión dos informes urbanístico e ambiental de carácter vinculante, polos órganos competentes da Comunidade Autónoma, tal e como se indicou nas alíneas precedentes.

7.- O Estudo das medidas provisionais de ordenación, ao que neste intre se presta aprobación polo órgano municipal competente, parte do respecto polos pronunciamentos das sentenzas firmes que declaran a nulidade do PXOM2008 de Vigo, así como das resolucións xudiciais recaídas na súa execución, de conformidade co esixido pola LMFAO e identifica aqueles solos urbanos, de núcleo rural ou incorporados a ámbitos de desenvolvemento urbanístico, cuxas características ou singulares circunstancias, configúraos, de partida, como máis idóneos ou necesitados das medidas de ordenación provisional previstas na LMFAO.

## II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Xustificación da necesidade da adopción das medidas de ordenación

Xa dende un primeiro intre cómpre indicar que a xustificación da presente proposta/Estudo de ordenación provisional se atopa no teor literal da propia LMFAO, concretamente no seu Título V, artigo 84 e seguintes, xa que a declaración de nulidade de todo o PXOM de 2008 do Concello de Vigo, supuxo que recobrar a súa vixencia o PXOM de 1993, que non responde á realidade urbanística actual deste termo municipal, resultando obsoleto por mor da substancial modificación da normativa sectorial de aplicación e inadaptado ao modelo da cidade na actualidade.

Os obxectivos xerais da planificación proposta, poden considerarse, dun modo non excluínte, os seguintes:

- Cumprimentar o disposto na LMFAO relativo ao establecemento dunhas medidas de ordenación provisional que permitan superar a situación derivada da anulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo de 2008 e a supervivencia dun planeamento non axustado á realidade ambiental, social nin económica actual.

- Evitar a paralización da actividade urbanística, función pública que ten obxecto a organización, dirección e control da ocupación do solo e o subsolo, a súa

transformación pola urbanización, a edificación e rehabilitación do patrimonio inmobiliario e a protección da legalidade urbanística.

- Incorporar as novidades legislativas sectoriais e de ordenación do territorio vixentes ao ordenamento urbanístico de aplicación.

- Dotar de seguridade xurídica ás actuacións executadas (nun grao de desenvolvemento completo) con arranxo ao Plan Xeral suspendido.

- Respectar as sentenzas firmes que declaran a nulidade do PXOM de Vigo de 2008 no marco do indicado na LMFAO, incorporando o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, con participación do órgano ambiental na decisión, ao procedemento de aprobación da ordenación provisional.

- Garantir un desenvolvemento sustentable, competitivo e eficiente do medio urbano, e o impulso e fomento das actuacións de rehabilitación de edificios e de rexeneración e renovación dos tecidos urbanos existentes, harmonizando a necesaria revisión do Plan Xeral en marcha coa integración da cidade xa consolidada pola execución dos planeamentos anteriores.

No nomeado “*Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación*”, se xustifica a necesidade da adopción de ditas medidas, identificándose unha casuística heteroxénea na que inclúe, preferentemente, aqueles supostos nos que razóns de idoneidade da ordenación prevista no PXOM 2008 ou de seguridade xurídica, aconsellan a súa recuperación para evitar as consecuencias derivadas das imprecisións, carencias e obsolescencia do PXOU 1993, así como a existencia de ámbitos de xestión dependentes do PXOM 2008 en avanzado estado de desenvolvemento, nos que a protección da seguridade xurídica e respecto por un elemental principio de equilibrio de beneficios e cargas leva a concluír sobre o procedente da ordenación do PXOM 2008. E, en atención ao interese xeral presente en concretas intervencións e mesmo no papel do urbanismo na cidade, identifica as actuacións cuxa recuperación pode evidenciar unha mellor satisfacción do interese xeral ou a consecución de obxectivos necesarios e debidamente xustificadas.

Ademais, trataron de identificarse no mesmo, situacións de complexidade urbanística ou conflitivas dende o punto de vista da seguridade xurídica, esixíndose que entre a ordenación a recuperar e a que previsiblemente poda incorporar o PXOM en elaboración, exista unha suficiente coherencia.

Unha vez axuizadas as cualificacións do solo e condicións urbanísticas entre o planeamento anulado e o que recobrou a súa vixencia, dentro das pautas establecidas na lei 2/2017, a proposta do Concello de Vigo céntrase no seguinte:

a) Solo urbano: partindo de que a clasificación de solo urbano consolidado máis axeitada á realidade existente é a do PXOM 2008, propónse a ordenación provisional do solo así clasificado polo PXOM de 2008, coas excepcións correspondentes aos solos con planeamento especial vixente, que ofrecen actualmente unha solución urbanística adecuada en canto aos seus obxectivos de

protección e ordenación; os ámbitos con ordenación detallada de planeamentos de desenvolvemento do PXOM de 1993 ao non proceder outra ordenación; os ámbitos cualificados con ordenación pechada e aberta polas similitudes esenciais entre ambas regulacións; as correspondentes a zonas consolidadas de idénticas condicións urbanísticas en ambos planeamentos, e as áreas dotacionais, espazos libres e zonas verdes que non son de titularidade pública.

b) Solo de núcleo rural: os estudos do medio rural e dos asentamentos poboacionais actualmente en marcha no Borrador da revisión do PXOU, recomandan non aprobar ningunha ordenación provisional en ditos núcleos, que, por outra banda, na maioría dos casos, están pendentes da redacción dun planeamento especial para concretar a súa ordenación detallada, nas áreas de actuación integral.

c) Solos de desenvolvemento urbanístico: pola concorrencia dun especial interese xeral polo seu carácter dotacional ou de equipamento público ou privado, incluíronse os ámbitos dos Portos de Vigo e Canido, o aeroporto, a subestación eléctrica de Balaídos e «APR AOD A-3-23 Fenosa-Balaídos» como operación vinculada a esta (*excluída no informe ambiental da Xunta de Galicia como a continuación se exporá*), e, polo grao de desenvolvemento urbanístico acadado inclúense os seguintes ámbitos: «A-3-37 Tomás Paredes 1», «A-3-10 Esturáns», e «A-5-71 Metalúrxica» (*este último excluído no informe urbanístico da Xunta de Galicia do xeito que de seguido se indicará*).

d) Solos rústicos: exclúense todos eles seguindo o mandato legal.

II.- Os informes ambiental e urbanístico emitidos pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo en data 14 e 15 de xuño de 2017 respectivamente, a cuxo íntegro contido nos remitimos, pronúncianse sobre a coincidencia da ordenación provisional coa prevista no PXOM 2008 e, no seu caso, cos instrumentos de desenvolvemento, así como sobre a adecuación das medidas de ordenación provisional adoptadas ao previsto na LMFAO.

Neste senso, e no que atinxe ao informe urbanístico o mesmo conclúe que, *“Analizada a documentación aportada polo Concello de Vigo correspondente ao Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación aos efectos do informe urbanístico referido no artigo 88.2 da Lei 2/2017, pódese concluír que este se axusta ao establecido na Lei, agás no ámbito “A-5-71 Metalúrxica” que carece do requisito legalmente establecido canto á esixencia de contar con instrumento de equidistribución aprobado definitivamente de acordo ao PXOM 2008 obxecto de anulación, polo que debe ser excluído da proposta de ordenación provisional”*.

Pola súa banda, o informe ambiental pronúnciase sobre a tramitación ambiental concluíndo que, en base a documentación achegada *procede inicialmente someter as medidas de ordenación provisional do Concello de Vigo ao procedemento de avaliación ambiental simplificado*.



Non obstante, e no que atinxe o ámbito A-3-23 Fenosa-Balaídos, reflicte que debería excluírse da ordenación provisional proposta, ao presentar condicionantes que determinarían a necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinario.

III.- Emitidos os referidos informes, de carácter favorable, coas consideracións que neles se indica, procede neste intre, aprobar polo Concello de Vigo o Estudo das medidas provisionais de ordenación, tendo en conta as consideracións que neles se indican (artigo 88.cinco da LMFAO).

IV.- Logo da nomeada aprobación, o procedemento a seguir para a aprobación do instrumento de ordenación provisional será o seguinte:

a) O Concello de Vigo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que acompañará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

b) O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo máximo de dous meses dende a recepción dos anteriores documentos, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. Publicarase no DOG e na sede electrónica do órgano ambiental.

c) O órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial e o someterá a información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recabarase os informes sectoriais e as consultas preceptivas.

d) Emitirase informe polos servizos técnico-xurídicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO.

e) O pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente as ordenacións provisionais de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.

V.- Competencia

O artigo 88.5 da LMFAO establece no seu teor literal que, *“Unha vez emitidos os informes anteriores, o estudo será, no seu caso, aprobado polo concello, xustificando a necesidade da adopción das medidas de ordenación provisional previstas na presente Lei”*.

Xa que logo e a teor do exposto, e ao non establecer o amentado precepto con carácter expreso, o órgano municipal ao que lle correspondería dita aprobación, conclúese que, por analoxía da competencia que se lle atribúe ao Pleno polo artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a

maior abastamento, tendo este a consideración de ser o máximo órgano de control e de representación da cidadanía no Goberno municipal, e de conformidade co principio de seguridade xurídica, propónse ao Pleno do Concello, previo sometemento do asunto ao coñecemento do Consello desta XMU ...”

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 29.06.2017, ditamina favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Como ben saben vostedes a nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008, levou a este goberno a anunciar e ademais facer un intento de que ningún proxecto que se poida implementar nesta cidade quedase por unha ausencia de planeamento sen poder executarse, iso nos levou a toma de moitas decisións e entre elas a proposta á Xunta de Galicia da solventación deste problema a través do ditame do profesor Sr. Parejo, que a Xunta de Galicia denegou a esta cidade.

Froito desa situación o Concello anunciou que ía intentar utilizar tódalas vías precisas para axilizar a tramitación do novo Plan Xeral do mesmo xeito que utilizaría tódalas vías previstas para que os desenvolvementos urbanísticos de Vigo puideran avanzar, isto nos levou por exemplo a tramitar de xeito rápido e urxente a través da Lei 3/2016, de proxectos urxentes e de especial interese público, xa tres proxectos, do mesmo xeito a través de proxectos sectoriais, proxectos estratéxicos industriais ou a través da propia Lei 3, implementáranse actuacións que teñan que ver co desenvolvemento de polígonos industriais da Zona Franca de Vigo, do mesmo xeito tomáronse medidas para levantar a suspensións nos núcleos rurais, naqueles que contan con tódolos servizos e como non tamén ante un novo instrumento aprobado no mes febreiro no Parlamento de Galicia para a ordenación provisional de concellos que tiveran o plan anulado e que a recuperación do obsoleto plan do ano 1993, no caso de Vigo, puidera xerar un problema pois como non nos acolleamos a el; iso é o que hoxe traemos aquí, só dous meses logo da

aprobación por parte do Parlamento de Galicia da Lei 3/2017, que permite esa ordenación provisional, o Concello de Vigo iniciou a tramitación co primeiro que se nos pide, que é a elaboración dun estudo que permita avaliar as consecuencias da volta a un plan obsoleto e que propoña cales son as actuacións que o Concello pretende desenvolver a través desta ordenación provisional, o Concello de Vigo adquiere un compromiso firme que é a elaboración do novo Plan Xeral no prazo máximo establecido pola lei que son tres anos e medio para aprobación definitiva do documento do novo Plan Xeral.

Polo tanto, neste contexto o que hoxe traemos aquí é a presentación deste estudo que como requisito imprescindible no artigo 88 desa Lei dise que debe ser aprobada polo Concello. Nese estudo estableceuse unha serie de condicionantes co obxectivo fundamental de que nada quede paralizado, de que todo aquel que puidera solicitar unha licenza previa a anulación do Plan Xeral poida solicitala cando a aprobación provisional estea definitivamente aprobada, e polo tanto, o que intentamos é recuperar todo o solo urbano consolidado, excepto aquel que xa se pode desenvolver a día de hoxe porque ven de planeamento anterior. Polo tanto, todo o solo urbano consolidado e aquelas actuacións de solo urbano non consolidado que permitan desenvolver aqueles desenvolvementos urbanísticos que xa están moi avanzados, caso de Esturanes, Tomás Parades, por poñer dous exemplos, do mesmo xeito se recollen algunhas dotacións públicas relevantes, como non para esta cidade, como son o Porto de Vigo, o de Canido e o Aeroporto, que teñen unha delimitación que non se corresponde coa establecida no Plan do 93. Polo tanto, estamos a dar un paso adiante para poder resolver de tal xeito que todo aquel que puidera solicitar unha licenza antes da anulación do Plan, poida estar hoxe, no momento da aprobación definitiva desta ordenación provisional, en condicións de solicitada.

Como digo a tramitación deste estudo é a seguinte, a partires do momento no que se acorda por este Pleno que este estudo se aprrobe, este Concello ten elaborar dous documentos, documento de borrador e documento inicial estratéxico, eses documentos xa están practicamente rematados, de tal xeito que nun período aproximado dun mes remitiremos á Consellería o documento de borrador e o inicial estratéxico, se todos os trámites fanse rápido este concello ten o compromiso de que si os informes se ratifican ou son favorables, ó día seguinte a recibir a

información por parte da Xunta de Galicia tramitaremos e faremos os trámites oportunos para non demorar nin un segundo, entendendo polo tanto que esta tramitación pode ser rápida e pode dotar a Vigo dun instrumento absolutamente imprescindible a día de hoxe para moitas zonas de cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós non cansamos de dicir que dende que se produce a anulación do Plan Xeral non se deixou de improvisar, é certo que non tiñamos moita marxe máis porque por desgracia se anula o Plan Xeral de Vigo no medio da aprobación da nova Lei do solo do regulamento que a acompaña, pero é certo que ante esta situación o que fixo o goberno da Xunta de Galicia é intentar tapar unha realidade dunha cocorresponsabilidade dunha anulación do Plan Xeral cunha serie de medidas discutibles, entre elas volver a utilizar os orzamentos á aprobación da Lei de orzamentos para meter medidas que acompañen como no seu día fixo con aquela lei ómnibus que eran buscaran 25 medidas de todo tipo que acompañaban aos orzamentos do Estado e para nós é discutible incluso legalmente que teña soporte que a través dunha lei de acompañamento aos orzamentos autonómicos intentar salvar aqueles concellos ou parte do planeamento daqueles concellos que o teñen anulado por sentencias xudiciais. Polo tanto, outra vez imos estar nunha realidade de inseguridade xurídica que o propio informe que manda o Concello o recoñece, vale, imos quitar adiante aqueles ámbitos do solo urbano consolidado, incluso aqueles PERIS ou ámbitos que poidamos que teñan un nivel de desenvolvemento, moi ben, imos quitalos pero pódese dar o caso de que algúns teñan sentencias xudiciais en firme que a anulan, aquí se recolle algún deles, San Roque, Seara, a Unión Cervecera, que teñen sentencias xudiciais firmes na clasificación do solo, polo tanto, non poderíamos legalizar por esta vía determinados ámbitos que teñen unha sentenza xudicial que a ilegaliza, pasar diso é certo que está recollidos pero queremos saber que se queren facer con eses ámbitos que en teoría están clasificados como solo urbano consolidado porque teñen sentencias xudiciais que non o deixan facer. Para nós volve haber improvisación entre outras cousas porque facer un Plan Xeral non é coller as pequenas partes que lle interesan a un Concello despois dunha sentenza xudicial anulatoria, facer un Plan Xeral, repensar o modelo de cidade, onde teñen que ir as dotacións, determinadas infraestruturas e a pesares de que hai anuncios

sistemáticos na Xerencia de Urbanismo, “xa está o Plan, vai vir, o Plan témolo aquí”, pois nós seguimos sen saber cales son eses contidos e se a nós nos preocupa non sabelo, non digamos que lles preocupa aos veciños/as de Vigo que non saben polos derroteiros que vai ir o Plan Xeral porque antigamente neste Concello cando se estaba redactando un Plan Xeral, é certo que cambio a Lei do solo, é certo que agora non hai que facer unha aprobación inicial e que a parte consultiva dos veciños un Concello pode prescindir diso, pero creo que os veciños deberían saber como quedarían determinados ámbitos, que vai pasar con determinados PERIS que estaban incorporados durante 20 anos ao Planeamento a maior parte deles sen desenvolver e polo tanto, terá que haber algún tipo de consulta cidadá previa antes de poñer ese borrador, ese documento estratéxico levalo ao Pleno e así en modo división pánpera aprobar un Plan Xeral como se non fora unha cidade de 300.000 habitantes, a nós nos preocupa, porque nós si que fomos pateando os barrios de Vigo, facendo actos e a desinformación é absoluta, eu creo que tamén teremos que discutir cargas urbanísticas, infraestruturas que estaban non anterior Plan, que non sabemos se se queren volver a incorporar e creo que aí temos un inimigo importante que imos ser o primeiro Concello que aprobe un Plan Xeral con esa novo Lei do solo, que entre outras cousas mete algunhas modificación importantes, entre outras cousas as previsións de construción de nova vivenda que xa non as podemos facer ao chou e temos que xustificar esas previsións de nova vivenda. Polo tanto, non sei se a Xerencia de Urbanismo ou este Pleno, pero temos que ter unha Comisión de Planeamento para discutir estas cuestións, senón vale a Xerencia de Urbanismo e as preguntas que dia si e día tamén facemos á oposición, sobre todo o Sr. Fidalgo que hoxe está especialmente activo, tamén na Xerencia de Urbanismo pregunta cando vai estar o Plan Xeral, levamos ano e medio preguntando cando vai estar o Plan e isto non deixa de ser un parche que pode ter tamén o baleiro xurídico que tivo no seu día a aprobación de xeito urxente porque claro se quere presa, se quere urxencia, o Plan Xeral está anulado por esa urxencia e esa presa, “non hai que someter a avaliación ambiental estratéxico todo o Plan porque senón non chegamos a tempo”, estivo un ano parado e a avaliación ambiental estratéxica simplificada pode ser discutible nalgúns ámbitos, o propio informe da Xunta de Galicia dio, pode ser discutible que queiramos facer unha tramitación ambiental pola vía expres e volvamos a cometer

os mesmos erros de pensar que non todo o Plan e polo tanto, todo o conxunto do Planeamento porque tódalas infraestruturas e dotacións, recursos naturais, hídricos, todo iso debería ser comportado como un todo, non poñer pequenas cadeiras para quitar adiante algúns compromisos, algúns, deles dende logo non públicos senón cos promotores privados, a nós preocúpanos que iso non o esteamos facendo, que volvamos outra vez a improvisar no Planeamento desta cidade, dixémosllo na Xunta de Galicia que non nos gustaba este formato e tamén dicímolos aquí neste Pleno e polo tanto, ímonos abster.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós adiantamos que por suposto imos a votar a favor deste estudo previo porque estamos sinceramente e o levamos aquí repetindo incesantemente durante un ano e oito meses, dende que se anulou o Plan Xeral, moi preocupados pola situación do urbanismo nesta cidade, e como estamos moi preocupados cremos que calquera mecanismo que se poida utilizar e que sexa legal hai que facelo e coa máxima dilixencia, o problema que teñen os vigueses é que ese nivel de preocupación non alcanza a este goberno municipal, polo menos, máis alá das palabras, das declaracións rimbombantes os feitos o que demostran e é que un ano e oito meses despois de que se anula o Plan Xeral do ano 2008, un ano e oito meses que levamos cun plan do ano 1993, o único que foi capaz de facer este goberno municipal é presentar un informe ilegal, o do Sr. Parejo, non porque llo dixera a Xunta de Galicia senón porque llo dixo o Consello Consultivo que é un órgano independente, un informe ilegal, querían novamente saltarse a lei para facer un parche que non servía absolutamente para nada e non dar nin un só prazo realista, nin presentar nin un só papel para o novo Plan Xeral desta cidade, porque a día de hoxe non sabemos cando imos ter un novo Plan Xeral. E nese mesmo prazo, nese ano e oito meses, a Xunta de Galicia aprobou dúas leis para intentar paliar os efectos que ten o que nesta cidade carezamos de Plan Xeral, unha para salvar os grandes proxectos desta cidade que estarían mortos, se por vostedes fora estarían mortos, non teríamos nin ampliación de Citroën, coas consecuencias sobre os postos de traballo, non teríamos ampliación do IFEVI, non poderíamos ter estación Intermodal, non habería nada de nada de grandes proxectos nesta cidade, un solar baleiro é no que converterían vostedes a esta cidade senón fora pola Lei de grandes proxectos.

En segundo lugar, a Lei de medidas para salvar parte da Ordenación Provisional dos ámbitos do Plan do ano 2008, e que fan vostedes con este instrumento, con ese salvavidas, o segundo salvavidas que lle lanza a Xunta de Galicia esa que é tan mala, pois é a que máis se preocupa polo urbanismo desta cidade, pois facer todo menos actuar con dilixencia porque non entendemos porque tardamos un mes en presentar e traer aquí esta aprobación deste Estudo Previo, por que non se fixo no Pleno do mes anterior si xa tiñan o informe favorable do 18 xullo da Xunta de Galicia? Por que non o trouxeron e por que non convocaron un Pleno extraordinario, por que non realmente se toman con interese o problema que temos, por que non son só por unha vez, aínda que sexa a excepción que confirma a regra, dilixentes á hora de tomar decisións? Demostren diso que tanto presumen porque ata agora só imos a velocidade de tartaruga e moi lonxe da velocidade de cruceiro da que tanto presume este Alcalde. Perdemos un mes, neste momento agora está dando uns prazos de que nun mes vai presentar a seguinte documentación, a min me gustaría que clarexase aquí en Pleno se se reafirma o que dixo na Xerencia de Urbanismo, que calculaban un ano para aprobar definitivamente a Ordenación Provisional, porque este é só o primeiro paso pero non significa nada senón se aproba definitivamente, un ano supón estar no mes de xuño do 2018, Sra. Caride, un ano é tardar demasiado, teñen que ser dilixentes e dende logo cos prazos reducidos que establece a lei perfectamente, se teñen esa dilixencia, podemos estar a falar de que esta ordenación provisional pode ser aprobada no mes de decembro e que no mes de xaneiro se poidan estar concedendo licencias, pero a pregunta aquí é evidente, lles interesa aprobar pronto a ordenación provisional ou non, porque claro da mano da aprobación da ordenación provisional ven a obriga que lle impón a lei de presentar un novo Plan Xeral e a primeira data é o borrador e é un ano despois da aprobación desta ordenación provisional, lles interesa presentar o borrador do Plan Xeral novo antes do fin de lexislatura, Sra. Caride, vano presentar? Gustaríame que nos contestara a esta pregunta, van presentar o borrador do novo Plan Xeral antes de que acabe a lexislatura? Xa refugamos a posibilidade de ter novo Plan Xeral nesta lexislatura porque vostedes van a paso de tartaruga, insisto, pero polo menos un borrador imos a ter? A min gustaríame que aproveitase a súa quenda de réplica para clarexala e para arrojar algo de luz porque o que realmente vai resolver os

problemas do urbanismo desta cidade é definitivamente un novo Plan Xeral, polo que levamos esperando un ano e oito meses, nin un só papel foi capaz de presentar, nin unha soa data foi capaz de dar e gustaríame que hoxe, aproveitando que aquí ven esta primeira parte, este estudo previo da Ordenación Provisional, se comprometera a que os vigueses imos ter un borrador de Plan Xeral novo antes de finais de legislatura.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Por ir solventando algunha das cuestión propostas, eu creo que, Sra. Muñoz, o Concello de Vigo é o primeiro concello de Galicia que se acolle a este instrumento, e en tempo record porque se presentou ese estudo en dous meses logo da aprobación da lei, polo tanto, que vostede estea a dicir que imos con atraso, a vedade non o entendo, con atraso vai a Xunta de Galicia que no Plan Parcial de Navia, lémbrese vostede das 1.500 vivendas que están previstas construír en Navia? Leva dende o ano 2009 ata agora e non ten a aprobación inicial feita, iso si é atraso. Dende logo este Concello está actuando de forma absolutamente dilixente e traer este estudo a esta Pleno non significa a paralización dos traballos para materializar eses dous documentos que agora si sabemos que temos que facer, porque a Xunta de Galicia emitiu o informe favorable, iso significa, polo tanto, que podemos acollernos a avaliación estratéxica simplificada para tódolos ámbitos que se nos habilita e polo tanto, o que estamos a facer llo digo, en menos dun mes remataremos eses documentos e os enviaremos á Xunta de Galicia.

Sr. Pérez, eu creo non hai que enganar a ninguén, e vostede ten un caos no que significa a normativa urbanística, pero tremendo, a verdade é que eu lle invito a que se lea tanto o que dí a lei do solo que a imos cumprir no novo Plan como obviamente o que di esta lei, e vostede non pode actuar de dous xeitos radicalmente distintos, non pode estar na Xerencia de Urbanismo solicitando que se solventen os problemas das familias que pediron licencia e quedaron desafortunadamente paralizadas pola anulación do Plan e ao mesmo tempo dicir que este instrumento non lle serve, se hai instrumentos enriba da mesa e son instrumentos legais porque os aprobou o Parlamento de Galicia, eu non teño por que dubidar deles. Polo tanto, se hai instrumentos dispoñibles hai que utilizalos non se pode intentar contentar a todo o mundo, dicirlle á xente que si que



vostedes ás apoian e sen embargo cando chega a ocasión de apoialas porque vostedes neste ámbito non ten ningunha dúbida como non a teño eu, Sr. Pérez porque no solo urbano consolidado non hai dúbida que hai que poder outorgar licencias, polo tanto, dado que non temos dúbidas, utilicemos os mecanismos para resolvelos.

Teremos na seguinte moción ocasión de falar do novo Plan, pero Sra. Muñoz eu lle repito, ó día seguinte de recibir os informes da Xunta de Galicia, este Concello tramitará, aprobará inicialmente, por suposto cando teña os informes sectoriais, e aprobará definitivamente o Plan. Di vostede que en decembro, eu creo que hai uns prazos que hai que respectar, porque a información pública hai que facela, e polo tanto, as consultas, a información pública que establece a lei hai que facelas.

Polo tanto, se a Xunta de Galicia é dilixente e se ratifica nos seus informes, podemos tes esta ordenación aprobada en seis meses, agora como vostede sabe, hai algúns organismos que teñen seis meses para responder a un informe, se consumen os prazos, obviamente ese prazo é imposible de manter. Dende a prudencia o que lle podo comprometer é que ó día seguinte de ter informes, actuaremos e aprobaremos.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que inclúe o documento nomeado “*Estudo da Situación derivada da anulación do PXOM de Vigo pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015 no Recurso de Casación Nº 11658/2014*” de data abril de 2017 e o seu complemento nomeado “*Complemento do Estudo previo de Ordenación provisional*” de data maio de 2017, elaborado polos técnicos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, dos que se xunta dúas copias en formato papel e en soporte dixital.

Segundo: Incorporar ao presente expediente os informes urbanístico e ambiental subscritos pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo en data 14 e 15 de xuño de 2017 respectivamente, facendo constar expresamente, o seu carácter favorable a ordenación proposta, no que se inclúen unha serie de consideracións e condicionantes, no senso indicado no corpo da presente proposta, que serán tidas en conta na solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que se acompañará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente

Terceiro: Notificar o presente acordo á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

**URXENTE (103):**

**6(bis).-APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN. EXPTE. 11989/306. REXISTRO PLENO 1586/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 17 de xullo de 2017, o técnico de Administración Xeral

do Servizo de Medio Ambiente, conformado polo xefe de Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e pola concelleira delegada de Área, Sra. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, emite o seguinte informe proposta,

#### "I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1. En sesión ordinaria do 26.04.2017, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais, abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.2. Publicouse anuncio oficial no BOP nº 94, do 18.05.2017. Durante o período de información pública, presentouse unha (1) alegación (DOC. 170094642), segundo resulta da certificación expedida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local en data 10.07.2017.

#### II. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC) [Disposición Transitoria Terceira LPACAP] .
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos (LRXTAPP).
- Lei do Parlamento Galego de Protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro 1/1993, de 13 de abril (LPADSC).
- R.D. 287/2002, de 22 marzo, polo que se desenrola a Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos.
- Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais (publicada no BOP nº 119, de 22 de xuño de 2000).

#### III.- INFORME DA ALEGACIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (DOC.

170094642) NO EXPTE. Nº 11989/306 (MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS):

ALEGANTE: Grupo Municipal do Partido Popular

DATA DE REXISTRO: 29.06.2017.

Nº DOC: 170094642.

CONTIDO DA ALEGACIÓN:

- Engadir ao artigo 7.3bis a obriga do Concello de comunicar anualmente antes do 1 de xuño os areas exceptuados para o uso por animais.

- Engadir un novo artigo no que se considere a creación dun rexistro local de persoas con antecedentes por maltrato animal para que calquer protectora, albergue, refuxio ou establecemento de venda puidese consultalo e impedir a adopción ou adquisición dun animal de compañía.

- Incluír un parágrafo no artigo 4.1 aclarando expresamente que se deben evitar os casos dos animais que viven en condicións de abandono en patios ou terrazas, así como facultar á Policía Local a facer as comprobacións pertinentes.

- Concretar e ampliar as obrigas dos propietarios e posuidores actualmente contempladas no artigo 4.3 que se limitan á alimentación.

- Excepcionar aos cans pequenos da necesidade de viaxar en autobuses dentro de gaiolas.

- Ampliar os prazos previstos no artigo 13.2 e 13.3 para recoller ao animal da canceira municipal, eliminando a referencia ao sacrificio.

- Engadir ao artigo 14 un apartado f) que estableza a obrigatoriedade de inscrición no Rexistro de animais potencialmente perigosos.

- Cualificar como infracción grave a non recollida inmediata dos excrementos dun animal de compañía na vía pública actualmente cualificada como leve.

- Suprimir o actual artigo 30 da actual ordenanza "Queda prohibido facilitar alimento de xeito cotián ós animais vagabundos" ao non estar amparada pola súa cualificación como infracción da ordenanza.

- Eliminar as referencias ao sacrificio de animais no artigo 31 e ampliar os prazos conforme á modificación do artigo 13.

- Ampliar a obrigatoriedade da vacinación de desparasitación aos animais obtidos en centros de cría e en establecementos de venda.

- Cualificar como infracción grave o non manter o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias, ou mantelos en instalacións inadecuadas ou non facilitarlle alimento adecuado ás súas necesidades e o emprego de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor, así como o sacrificio de animais en lugares públicos, todas elas cualificadas actualmente como leves.

#### VALORACIÓN DA ALEGACIÓN:

Polo que se refire ao contido da alegación relativo a engadir ao artigo 7.3bis a obriga do Concello de comunicar anualmente antes do 1 de xuño os areas exceptuados para o uso por animais, compre poñer de manifesto que a pretendida modificación ten a súa xustificación na pretensión municipal de exceptuar da prohibición xeral contida no artigo 7.3 aqueles areas respecto dos cales a autoridade municipal, ao abeiro do establecido no artigo 11 e 24 da Ordenanza, os delimite como zona de espaxamento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a durante todo o ano, e dicir, a eventual delimitación como zona de espaxamento canino de determinados areas non se limitaría so a tempada estival, senón que a devandita declaración tería carácter continuado no tempo, como de feito acontece coas zonas de espaxamento canino xa declaradas polo Concello. Esta declaración esixirá a tramitación do procedemento legalmente previsto e cuxa resolución da autoridade municipal será obxecto de publicación para xeral coñecemento da cidadanía.

En canto ás demais cuestións contidas na alegación, as mesmas non gardan relación có obxecto da modificación pretendida, o cal se focaliza en dúas cuestións concretas:

- Responder a demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por determinados areas do concello de Vigo.
- Acomodar os importes das sancións establecidas na Ordenanza Municipal ó preceptuado na Lei 8/2014, de 26 de setembro, de reforma da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais e salvaxes en catividade.

Así mesmo, e con independencia do anteriormente exposto, a vixente Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais ten por obxecto asumir as prescricións establecidas na Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais e salvaxes en catividade e na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión dos animais potencialmente perigosos, prescricións que son de obrigado cumprimento para o concello en aplicación do principio de xerarquía normativa. Asemade, e polo que se refire a Lei 1/1993, de 13 de abril, está actualmente en tramitación (pendente de aprobación) no Parlamento de Galicia o Anteproxecto de Lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, a cal, e segundo resulta do seu contido, deroga a Lei 1/1993 e incidirá en materias tales como a defensa, benestar e protección dos animais, adopcións e acollidas, introdución de novos tipos sancionadores, etc, cuestións todas elas que, unha vez aprobada e en vigor a normativa de aplicación, deberían abordarse dun xeito integral nunha futura modificación da normativa municipal.

#### PROPOSTA:

Desestimar a alegación presentada polo Grupo Municipal do partido Popular o 29.06.2017, con nº de doc. 170094642.

#### IV. XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

IV.1. A Lei 1/1993, do 13 de abril, ten por obxecto a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, baixo a posesión do ser humano. O devandito texto legal fixa como principio fundamental de protección destes animais ó da posesión ou tenencia responsable, de modo que os afectados asuman o coidado dos animais en todos os aspectos contidos na mencionada Lei como a contraprestación humana que se lles debe fronte o afecto ou utilidade que significa o animal para o seu posuidor. Así mesmo, a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión dos animais potencialmente perigosos, ten por obxecto establecer a normativa aplicable á tenencia de animais potencialmente perigosos para facela compatible coa seguridade de persoas e bens e de outros animais.

A Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais foi aprobada polo Pleno do Concello o 16 de febreiro de 2000, tendo por obxecto asumir os motivos que figuran na parte expositiva das mencionadas leis e establecer os requisitos esixibles no termo municipal de Vigo para a tenencia responsable de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro, incluso dos cualificados como potencialmente perigosos, de xeito que a súa utilización proveitosa polas persoas sexa compatible coa protección dos propios animais e a eliminación dos riscos que poidan derivarse para a vida, saúde e integridade física das persoas e a seguridade dos bens.

O artigo 11 da mencionada ordenanza, no seu apartado segundo, establece que a autoridade municipal poderá fixar os espazos e horarios de espaxamento para animais nos que poderán circular libremente soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

Nos últimos anos constatouse a existencia dunha importante demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por algúns dos areais do concello de Vigo. Habida conta de que o artigo 7.3 da ordenanza municipal establece a prohibición da circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias en período estival, definido este como o comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, faise necesaria a modificación da normativa municipal co obxecto de adaptala á realidade cidadá e compatibilizar as necesidades de todos os usuarios dos Areais do municipio, garantindo, así mesmo, o respecto ao medio ambiente e a salvagarda da salubridade pública.

IV.2. A Lei 8/2014, de 26 de setembro, de reforma da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, modificou esta última, entre outras cuestións, nas relativas ao importe das sancións previstas. Con independencia de que na materia existe unha clara prevalencia da normativa sectorial estatal e autonómica sobre da tipificación contida nas Ordenanzas, é conveniente, en aras do principio de seguridade xurídica, afrontar a modificación do artigo 42 (sancións) da Ordenanza Municipal co obxecto de acomodar os importes das sancións ó preceptuado na normativa autonómica.

## V. COMPETENCIA MUNICIPAL:

V.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales medio ambiente urbano (Art. 25.2.b] LRBRL), configurado este como servizo público de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 50.000 habitantes (Art. 26.1.d] LRBRL). Asemade, compete ao Alcalde a responsabilidade

superior na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio (Art. 16 LPADSC).

V.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA.

V.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

V.4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LRBRL.

V.5. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

V.6. De acordo co artigos 49 da LRBRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

-Aprobación inicial polo Pleno.

-Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.

-Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

V.7. Entrada en vigor: Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a modificación da Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

## VI. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, previo acordo da Xunta de Goberno Local, a adopción, logo do ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte..."

Polo anteriormente exposto o informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en data 20 de xullo de 2017, aproba a proposta mencionada.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 24 de xullo de 2017, ditaminou favorablemente dita proposta.

Con data 24.07.2017, o Secretario Xeral do Pleno emite o seguinte informe,

“Asunto. Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal para a protección e tenenza de animais (Expdte 11989/306).

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ROP. Regulamento Orgánico do Pleno.

Antecedentes. A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de marzo de 2017 aprobou o proxecto de modificación da ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais.

É obxecto da modificación a inclusión de dous novos apartados na Ordenanza vixente, o 7.3.bis e o 7.3 ter, así como a modificación do epígrafe “p” do artigo 41.1 e do artigo 42; en concreto a modificación trata de dar resposta á demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos os seus propietarios, por determinados areais do Concello e acomodar as sancións previstas na Ordenanza vixente ó preceptuado na Lei 8/2014, de reforma da Lei 1/1993.

A modificación foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión de data 26.04.2017 con vinte votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais de grupo Socialista e do grupo Marea de Vigo e cinco abstencións do grupo político municipal do Partido Popular; seguidamente foi obxecto de información pública por un periodo de trinta días (30) para a presentación de reclamacións e suxestións por parte dos interesados mediante anuncio insertado no BOP de data 18.05.2017; no periodo indicado a única alegación presentada (emenda) o foi polo o grupo político municipal do Partido Popular, nela se propón a adición ou a substitución de determinados preceptos; o escrito ten sido informado pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente Sanidade e Consumo; o informe proposta desestima as emendas presentadas indicando que o contido das mesma excede da modificación pretendida e que tales emendas poderán ser consideradas na modificación que, con mais amplitude, se realize da Ordenanza



unha vez se proba no Pralamento de Galicia.

Corresponde o secretario xeral do Pleno, segundo o sinalado no artigo 122.5.e). da LBRL, o asesoramento o Pleno e as súas Comisións, cumprimentando tal atribución emítese o seguinte,

#### INFORME

A emenda no seu primer inciso advirte que non se ten instrumentado o procedemento previsto no artigo 76.4 do ROP.

O procedemento para a aprobación e modificación dos regulamentos e Ordenanzas municipais ven sinalado nos artigos 127 e 49 da LBRL nos que se indica a súa aprobación como proxecto pola Xunta de Goberno Local; aprobación inicial polo Pleno; información pública e audiencia dos intresados por un prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias; resolución de todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva da Ordenanza ou Regulamento por parte do Pleno.

Non obstante o anterior o ROP, desenvolvendo a normativa citada, no artigo 76.4. sinala,

*4. O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto. A Alcaldía, mediante Resolución, a petición dun grupo municipal, poderá ampliar o prazo sinalado.*

É certo, tal e coma advirte a emenda, que na fase previa a aprobación inicial non foi instrumentado o trámite de seis días para a presentación de emendas ao texto por parte dos grupos políticos municipais.

Dende unha lectura estrita do procedemento de aprobación da modificación proposta se ten prescindido de tal trámite polo que debería retrotraerse o procedemento de aprobación o momento posterior da aprobación do proxecto de Regulamento por parte da Xunta de Goberno Local.

No presente expediente o exiguo da modificación -afecta a tres artigos da Ordenanza vixente, un deles de adaptación a normativa de aplicación-, o feito de que esta Secretaría non advirtera expresamente na fase procedimental da aprobación inicial tal omisión, o feito de que ningún dos grupos políticos municipais votara na sesión plenaria en contra de tal aprobación inicial e o feito de que se teña admitido a trámite e resolto -aínda que fora do prazo regulamentariamente establecido- a emenda presentada polo grupo político municipal do Partido Popular subsana e convalida a omisión do trámite previsto no artigo 76.4 do ROP en tanto en canto cabe entender que o fin do prazo de presentación de emendas por parte dos grupos políticos municipais non é outro que unha exteriorización do dereito de participación política dos cidadás, un dereito que, aínda extemporáneamente, se ten observado.

Procede e resulta conforme a Dereito a continuación do procedemento de aprobación da Ordenanza."

*(No momento da votación Preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase incorporar o expediente na orde do día.

PRESIDENCIA: Pasamos a desenvolvela.

DEBATE:

SRA. LAGO REY: Este é un paso máis dos que moitos que o goberno municipal desta cidade da en pro dos animais. Quero lembrar que en 2007 cando este goberno chegou, a un can que nacera nesta cidade se lle poñía unha cadea e estaba condenado a morrer con esa cadea posta segundo a ordenanza municipal, é dicir, non había un só lugar de espaxamento canino en toda a cidade, hoxe hai polo menos dous espazos un de 16.000 metros cadrados no que os cans poder correr e incluso bañarse, non é o único sitio e prevense outros novos espazos e entre eles por fin, unha zona marítima, unha praia. Vostede Sr. Gago dixo que non íamos ser capaces de facelo, eu sei que non quere unha praia para cans e que non lle interesa moito ao grupo municipal do Partido Popular, vostede dicíao, case o consegue, porque fíxese somos 300.000 vigueses, somos poucos, alguén podería ter alegado porque eu entendo que poida haber e é un dereito alegar algo en contra, xente que está a favor ou está en contra, pero non non houbo nin unha soa alegación, o último día e no último minuto alega o Partido Popular, claro isto atrasa o proceso, poderíamos ter tido praia dende o 10 de xullo e estamos onde estamos porque vostede quería facelo, pero non pasa nada porque a partires de agora teremos praia para cans todo o ano, non agora.

Alegan cousas que non se poden facer, polo menos non mentres a Lei da Xunta de Galicia non se aprobe, deberían estar traballando no anteproxecto de Lei da protección e benestar dos animais de compañía en Galicia sobre a que hai practicamente 300 alegacións e que as van tombar, e que as necesitamos porque unha vez que se aprobe esa lei tódolos concellos de Galicia poderemos modificar a

nosa ordenanza, mentres non se aprobe esa lei non serve de nada modificala porque a van tombar. Esa lei ten case 300 alegacións, vaise caer, debería estar vostede axudando á conselleira, a Sra. Etel Vázquez, a modificar esa lei que castiga máis á xente que axuda aos animais, que lles da de comer, que os cuida, que aos maltratadores, alucinante! Hai que ser menos hipócritas politicamente porque lle sobe a contía ás persoas que lles da de comer aos animais, eu xamais puxen unha multa por dar comer de comer aos animais na vía pública, nunca, vostede puido cambiar a ordenanza porque non é nova é do 2000. Eu non podo modificar nada porque hai unha lei superior, outra cousa é que eu multe ás persoas que dan de comer aos animais, non, pero hai unha lei superior que si quere subir a 5.000 euros as sancións por dar de comer aos animais na vía pública, pero deixa tal como estaba as sancións aos maltratadores. Mire, cando a Policía Local desta cidade xunto coa concellería de Medio Ambiente detecta un caso de maltrato animal, non só se remite á Xunta de Galicia, senón que vai ao Xulgado, o primeiro que se fai é levar a ese animal ao veterinario, hai tantos casos e non se pon límite económico, ese animal sexa un cabalo, un pony, un can, un can con cangrena, sexa un can maltratado, acaba nun veterinario ata que se cura e despois nun réxime de adopción e de custodia e aí vaise a denunciar ao Xulgado. Case sempre o Xuíz ditamina que se faga co animal o que o Concello considere, esta concelleira considera sempre, sempre, xamais devolver ese animal aos seus antigos maltratadores, e agora temos unha lei que non fai nada, tiñan que estar a traballar nisto, o único obxecto desta modificación era un lugar de esparexemento, o demais pódese arranxar con esa lei, por suposto que si, traballando sobre esa lei, pero o que non se pode é que xustamente se achega algo a este benestar animal e vostedes poñan atrancos, é que eu non o entendo Sr. Gago, non o entendo porque son vostedes os que lle baixaron á metade o orzamento da Protectora de Animais que agora ten o dobre Sr. Gago, vostedes fóronse de aquí deixándoo menos da metade.

SR. PÉREZ CORREA: Gustaríanos cinguirnos ao que estamos a falar, eu creo que este goberno ten que asumir que cometeu un erro, non sabemos se o goberno ou se foi un erro administrativo, un expediente destas características ten un período no que os grupos poderíamos presentar alegacións a ese expediente que non

fomos informados e unha vez publicado calquera colectivo cidadán ten dereito a presentar alegacións como é o caso do Parlamento de Galicia, no Parlamento de Galicia hai unha lei na que os grupos presentamos alegacións, os grupos deberíamos estar informados de que podíamos presentar alegacións e logo en 30 días calquera colectivo cidadán, algúns deles viñeron a preguntarnos, por exemplo Libera, cal era o motivo de que eles non puideran presentar alegacións a unha modificación dunha ordenanza, é un erro administrativo deste Concello que podemos asumir e que asumimos e por iso estamos a votar a urxencia, porque senón non votaríamos a urxencia, e entre cousas porque senón nós iríamos a setembro e unha praia para cans en outubro e novembro está moi ben, pero a demanda cidadán é agora. Polo tanto, nós cunha notificación de que poderíamos presentar alegacións todo tería sido máis rápido e a boa vontade da oposición é votar a favor da urxencia e que isto se tramite por unha vía rápida, claro que é unha cousa moi puntual, e claro que falaremos de toda a ordenanza, e que cando estea aprobada a Lei de protección e tenencia de animais imos falar da protectora de Vigo porque nos parece unha vergoña que unha cidade como Vigo teña un centro de exterminio de animais, que iso non é unha protectora, non temos ningunha páxina para promocionar a acción, discutible.

Todas e cada unha das asociacións animais poñen en dúbida esa xestión e que por exemplo non sexa accesible unha páxina para poder adoptar animais como teñen as grandes cidades, non, isto é un negocio que se montaron unha suposta organización de protección animal que vostedes amparan, e ogallá se aprobe esta lei porque imos falar de tódolos informes que mensualmente esta protectora presenta, un flotante de 500 cans, unha dificultade absoluta para facer políticas de adopción por parte dos cidadáns porque isto, dende logo, é un negocio particular, non é unha protectora, isto é outra cousa, polo tanto, xa falaremos diso, pero estamos a falar dunha ordenanza, dunha modificación de ordenanza que se xestiona mal, e non se pode culpar á oposición de que presenta alegacións porque é a lei, así como ao Partido Popular entendo eu que non lle molestara que os colectivos cidadáns e os grupos presenten alegacións a súa lei, e vostedes non fixeron ese trámite, e hai boa vontade porque a nos se dirixen moitos colectivos que nos din que xa o ano pasado se prometera unha praia e que esta vez hai visos de que sexa realidade, a boa vontade, estamos votando a favor, polo tanto,

vostedes digan que praias e que sexan no período estival, clara que todo o ano, pero a xente demanda o período estival. Polo tanto, é un trámite administrativo que podemos pedir un informe ao secretario, pero que vostedes fixeron mal, que os grupos tiñamos dereito a presentar, como en período de aprobación de ordenanzas, alegacións antes da publicación no BOP, e a partires da publicación do BOP calquera colectivo social, é que iso é así dende que vostede é concelleira e moitos anos antes, e polo tanto, tramitaron mal isto, por desleixo ou porque a concelleira ten outro tipo de actividades que non son deste Concello que a min non me preocupa, a min preocúpame quen teña adicación exclusiva para facer as actividades neste Concello.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. Lago, eu de verdade que non saio do meu asombro, porque a súa intervención eu creo que foi a máis bochornosa dos anos que levo de concelleiro e probablemente das máis bochornosas dos 40 anos de democracia que levamos a cabo neste Concello, é lamentable ata o punto de que case me saltan as lágrimas de darse conta vostede do error que cometeu aquí e non darse conta que vostede trouxo aquí no Pleno do 28 xuño, a someter a aprobación dunha ordenanza que non tivo dado prazo para presentar alegacións, señora vostede non recibiu nin a un só colectivo, escapan todos de estar con vostede porque ten sensibilidade cero, eu pensei que lle ía botar a culpa ao Sr. Alcalde, que estivo absolutamente desacertado e pensei que lle ía botar a culpa porque vostede non é consciente dos prazos pero o Sr. Alcalde leva 10 anos gobernando, pero o certo é que levamos tres anos consecutivos escoitando no mes de maio constantemente dicir que este verán, que o seguinte e o seguinte verán teríamos unha modificación da ordenanza e teríamos unha praia para cans por fin na cidade. Vostede non se decata de nada, Sra. Lago, fíxese nós presentamos alegacións, nós nos reunimos durante meses, e vostede veuno nos xornais, cos colectivos, profesionais, cos veterinarios para poder presentar as emendas que nós presentamos aquí, non só son discorridas polo Partido Popular, son recollidas dos profesionais, dos veterinarios e dos usuarios, voulle ler algunhas das iniciativas que vostede votaron en contra, e lémbrolle que trouxeron aquí unha ordenanza con tres artigos modificados que é unha vergoña que unha ordenanza de 17 anos de antigüidade, obsoleta, unha das peores ordenanzas que hai de mantemento e

de protección de animais en España, vostedes tráena aquí 17 anos despois para unha modificación e vostede tráena igual, é lamentable Sra. Lago. Na cidade de Vigo, vostede lería os xornais esta mañá, hai 7.000 cans máis este ano que o ano pasado, hai 33.000 cans na cidade de Vigo, esa é a realidade, só falando de cans.

Nós traémoslle aquí despois de recolecta esas inquietudes dos usuarios, dos profesionais, eliminar a prohibición de non poder alimentar na rúa, a vostede dálle igual, non a vostede ao seu goberno dálle igual que un animal non poida ser alimentado na rúa, dálle igual que morra na rúa de fame, e a nós non, Sra. Lago.

Por outra parte traémoslle aquí que elimine o criterio e o concepto de sacrificio, que o sacrificio dun animal na rúa non pode ser unha sanción leve, Sra. Lago, a a vostede dálle igual, déixao exactamente igual como unha sanción leve e non como unha moi grave, iso llo traemos aquí para que o sometan a votación e o aproben con nós.

Pedímoslle que aprobe tamén un rexistro local de tódolos cans que hai na cidadá para que se se perde un can o propietario o poida localizar ao día seguinte, e vostede votaron non, e dálle absolutamente igual Sra. Lago.

Traémoslle aquí tamén que os cans e os animais non poden estar abandonados nunha terraza, nun patio, todo o día, que ten que haber un control, un control por parte do Concello, que ten que haber unha sanción coercitiva que impida que un propietario permita ter ao seu animal abandonado na terraza, no patio todo o día, iso o trouxemos aquí para que vostede téñao en conta e o inclúa na ordenanza, Sra. Lago. Tódalas iniciativas ata trece, son as que presentamos e vostedes traen aquí unha ordenanza con só tres artigos modificados, fora de prazo, mal tramitados e sen poder presentar alegacións, e ven aquí e atrévese a dicir que nós baixamos hai dez anos o Orzamento para a protectora e vostedes levan co orzamento conxelado moitos anos, Sra. Lago.

Foi unha das peores intervencións que escoitei na miña corta ou carreira política que me queda por diante.

En relación á praia para cans, é imposible que se houbera aprobado a praia para cans porque vostedes non a trouxeron na ordenanza anterior, a ordenanza que trataron de aprobar aquí vostedes non traían a proposta da praia para cans, e nós que fixemos? Darlle unha opción realista e boa, cal é? A de Samil, o último tramo da praia de Samil que ten un condicionante que é fundamental que é que ten

servizo de limpeza, a ver que praia céntrica nos propón vostede que imaxino que agora ten pensado que íamos saber cal era a praia pero indubidablemente seguimos sen saber cal é a praia para cans.

De verdade Sra. Lago, dígolle que a miña intervención que estaba absolutamente estruturada doutra forma non ía atacar directamente a súa persoa pero indubidablemente despois da intervención que esgrimiu aquí ante a vergoña dos seus propios compañeiros debo dicir que debe rectificar, debe darse conta, que debe escoitala e que espero que a próxima vez que fale deste tema o faga con maior propiedade.

SRA. LAGO REY: Hai que ser cínico político Sr. Gago, porque o único é certo que se quería modificar nesta ordenanza era ter un espacio para cans, unha praia, por que? Porque o demais non se pode modificar e vostedes sábeno, por que hai unha lei superior que non o permite e o que hai que facer é ir a esa lei que se aprobe dunha vez por que non axudan e colaboran coas alegacións e si tiveron tempo para facer as alegacións o mesmo que todo o mundo porque estivo colgado no Boletín Oficial da Provincia para poder facer alegacións e vostede non sabía e Marea de Vigo de que ía porque non o sabían, nin o pensaron, nin o viron, e eu teño adicación exclusiva pero un dereito fundamental como teñen tódolos traballadores que é ter vacacións e que as miñas vacacións sexan públicas e notorias e o meu ámbito privado, entón se vostede non as vai ter, pois fraco favor faille aos demais traballadores pero eu creo que si vai coller vacacións verdade, eu xa as collín. Isto para comezar que non ven ao caso, e non sexa hipócrita Sr. Gago porque vostede sabe que non se pode modificar algo que unha lei superior contradí.

Por outra banda a Lei da Xunta de Galicia reduce a 10 de 3 os días que un pode recoller o seu propio can nunha canceira municipal, como te descoides, quédaste sen can. E sanciona tremendamente á xente que lle da de comer na rúa e deixa na mesma contía aos maltratadores, aquí que facemos cos maltratadores? Levámoslos ao xuíz porque eu nunha casa privada non podo entrar pero o xulgado si que pode dar unha orde, ata aí chegamos, algo ao que non chegou seguramente ninguén neste Concello, ata o xulgado cos animais. É unha hipocrisía impresionante, vostedes saben que non se pode e o atrasaron porque tempo de alegacións houbo,

esta colocado no Boletín, iso pódese demostrar e se hai un fallo administrativo iso non modifica en nada nin afecta en nada aos trámites.

En conclusión, Vigo ten praia para cans, esa é a única conclusión que me interesa e traballen nesa lei que nos vai axudar a tódolos concellos, traballen nesa lei. Eu co tema dos animais non teño ningunha gaña de rirme en nada, traballen sobre esa lei.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, a alegación presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular co número de documento 170094642 de data 29.06.2017.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a modificación da ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS (exp. Nº 11989/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo, non habéndose producido ningunha alteración en relación coa aprobación inicial realizada polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2017.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos alegantes e, ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto integro da modificación da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LBRL.

CUARTO: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 112.3, 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (Disposición Transitoria Terceira), 52 da LBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso



contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

## MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN DE ANIMAIS

### *MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.3:*

- Engadir no artigo 7, un apartado 3 bis. á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, aprobada definitivamente polo Pleno de 16 de febreiro de 2000 (BOP nº 119 de 22/06/2000), que terá o seguinte teor literal:

“3bis. Exceptúanse expresamente do preceptuado no artigo anterior aqueles areas respecto dos cales, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 desta Ordenanza, a autoridade municipal delimite como zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a”.

- Engadir no artigo 7, un apartado 3ter, que terá o seguinte teor literal:

“3ter. Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans calificados como potencialmente perigosos, conforme a normativa pola que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos, que deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo, de conformidade coa normativa aplicable”.

### *MODIFICACIÓN DO APARTADO P) DO ARTIGO 41.1, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:*

“p). A circulación e permanencia de animais en piscinas públicas durante a tempada de baño, así como nas praias durante o período estival fóra dos lugares e horarios establecidos para que poidan circular libremente e soltos”.

### *MODIFICACIÓN DO ARTIGO 42, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:*

“Artigo 42

As infraccións indicadas no artigo anterior sancionaranse con multas de:

- a) As leves, de 100 a 500 euros.
- b) As graves, de 501 a 5.000 euros.
- c) As moi graves, de 5.001 a 30.000 euros”.

### *MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN DERROGATORIA, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:*

“Queda derogada a Ordenanza municipal sobre tenencia de animais, aprobada polo Concello Pleno en sesión do 8 de xullo de 1984, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango, acordo ou resolución que se opoña ó establecido na presente ordenanza, en concreto queda derogado o ultimo paragrafo do artigo 19 da Ordenanza Municipal de

Zonas Naturais e Espazos Verdes, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994)”.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

### **MOCIÓNS:**

#### **7(104).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA A SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA CONTINUIDADE NOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PXOM DO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1583/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2017, número 1583/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

#### **MOCIÓN**

“O Concello de Vigo acordou a redacción dun novo PXOM. Dito acordo deriva da Sentenza do Tribunal Supremo de nulidade do PXOM do 2008 pola insuficiente motivación da declaración de inviabilidade de aplicación da lei de avaliación estratéxica ambiental realizada pola Xunta de Galicia.

As causas e os efectos de dita nulidade motivaron o pronunciamento, en xaneiro do 2016, do Pleno do Concello de Vigo para que o Xunta de Galicia financiase a redacción do novo plan xeral de Vigo. Logo de este acordo, o goberno municipal solicitou a Conselleira de Medio Ambiente e Territorio o financiamento do 100% do custe da redacción do novo plan xeral de ordenación urbana de Vigo.

A Consellería trasladou o Concello, logo de catro meses, a súa resposta a esta solicitude aplicando a Vigo idéntico tratamento o establecido con calquera outra cidade de mais de 50.000 habitantes que inicie a revisión do seu planeamento. Establecendo que “esta Consellería manifesta a súa dispoñibilidade cara a asinar un convenio que acade o 50% dos honorarios de equipo redactor do PXOM”.

Dende o goberno municipal entendemos que a situación do planeamento de Vigo debería ser avaliada de xeito especial xa que ningunha sentenza xudicial pon en cuestión a actuación municipal. En calquera caso, este concello precisa continuar avanzando nos traballos de redacción do novo planeamento.

Por este motivo, o Concello de Vigo solicitou a primeiros de maio do 2017 a Xunta de Galicia a sinatura dun convenio para continuar a redacción do Novo Plan Xeral. O importe de ditos traballos se estima en 1,1 millóns de euros (sen iva) que financiaríamos, logo da resposta da Xunta de Galicia, o 50% entre o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente e Territorio, co obxectivo de ter un novo plan xeral no prazo máximo de 3,5 anos que establece a lei 2/2017.

Para axilizar este proceso, o Concello de Vigo, remitiu en maio de 2017 a Xunta de Galicia, o texto da Proposta de Convenio para o financiamento da continuidade nos traballos de redacción da Revisión do Plan Xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo. Proposta da que seguimos a espera da resposta da Xunta.

O Concello de Vigo, co obxectivo de axilizar a redacción e aprobación do novo Plan Xeral de Vigo iniciou en 2016 os traballos de redacción do DIE e do Borrador, traballos que a día de hoxe están rematados o nivel de detalle esixido antes da entrada en vigor do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo, aprobado polo Decreto 143/2016 do 22 de setembro, e incorporou a correspondente partida orzamentaria no orzamento do 2017 e seguintes para cofinanciar os traballos de asistencia que permitan completar a redacción do Plan Xeral.

A espera da resposta da Consellería, dende o Concello de Vigo continuamos avanzando na redacción do novo Plan Xeral o tempo que, segundo o procedemento establecido na lei 2/2017, tramitamos o inicio da Ordenación Provisional o fin de recuperar parte do planeamento declarado nulo atendendo o interese xeral da cidade.

Sen embargo compre axilizar o procedemento de contratación das asistencias técnicas para completar os traballos de redacción do Plan. Así, ante a pasividade da Xunta de Galicia e a ausencia de resposta o grupo municipal socialista presenta o Pleno do Concello de Vigo a seguinte moción.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a sinatura inmediata do Convenio de colaboración para o financiamento da continuidade nos traballos de redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Hoxe hei de recoñecer que observo con ledicia que esta moción xa deu parte do seu froito porque ao menos nos xornais de hoxe pois aparece un recoñecemento expreso da Xunta de Galicia onde di que vai remitir a Vigo o convenio para abonar o 50% dos gastos do Plan Xeral e replica ao Concello que ademais vaille ofrecer 665.000 euros para o novo Plan Urbanístico de Vigo. E digo que temos un inicio de ledicia porque precisamente a finalidade que tiña a presentación desta moción é que a Xunta de Galicia dunha vez contestara, é verdade que parece que lle costa respostar a Vigo e parece que lles costa especialmente, de tal xeito que dende o primeiro momento no que o Concello de Vigo ponse en contacto coa Xunta de Galicia, a pesares desas primeiras boas palabras da conselleira que nos dicía que toda a axuda necesaria da Xunta de Galicia ía ser para Vigo para a revisión do Plan Xeral, pois a realidade é que tiveron que pasar 4 meses para que contestaran ao primeiro escrito que lle enviamos onde o Concello de Vigo entendía que dada a singularidade da anulación do Plan de Vigo que non se debeu a ningún trámite municipal senón á insuficiente motivación dun informe da Xunta de Galicia, entendíamos que a Xunta de Galicia debería ir máis aló do que fai con calquera concello e financiar o 100% dese novo Plan Xeral. Catro meses máis tarde a Xunta de Galicia respondeu dicindo “Vigo como o resto”, para tódalas cidades de 50.000 habitantes a Xunta de Galicia financia un 50% da redacción do Planeamento; unha vez que tivemos esta resposta volvemos a solicitar á Xunta de Galicia, pois aceptamos o 50%, entendemos que nos correspondería máis pero aceptamos o 50%, pero hai que asinar un convenio, polo tanto, asinemos o convenio, pois levamos esperando dende principios do mes de maio e non só lle pedimos á Xunta de Galicia que nos dixera cando, día e hora para asinar o convenio, non, e que lle remitimos o convenio, é dicir, agora leo na prensa que a Xunta de Galicia está rematando un borrador de convenio, a verdade é que non entendo nada porque o convenio se lle enviou dende este Concello o día 30 de maio do 2017, é dicir, hai dous meses, un convenio no que se establecía ese financiamento ao 50%, asumindo o que a Xunta de Galicia dixo, e polo tanto, a resposta ao escrito deste Concello onde dicía que o financiamento máximo ía chegar ao 50%, e o Concello de Vigo infórmalle á Xunta de Galicia, proponlle neste convenio que o importe dos traballos de redacción do Plan Xeral xa que hai unha primeira fase que xa se fixeron dende o ámbito

municipal, polo tanto, cos recursos da Xerencia de Urbanismo é de 1,1 millón de euros que se lle engadimos o IVE son 1.331.000 euros que polo tanto, lle corresponde á Xunta de Galicia pagar 665.500 euros, e que lle propoñemos a distribución dese orzamento en catro anualidades, unha xa correspondente xa ao ano 2017, precisamente para que poidamos contratar de xeito inmediato os traballos de revisión do Plan. E queremos contratar de xeito inmediato os traballos de revisión do Plan por varios motivos, o primeiro deles para poder responder de forma clara a este prazo máximo de tres anos e medio que temos coa aprobación provisional, como non imos respectar os nosos compromisos, e ademais porque xa anunciamos que o motivo fundamental polo que a avaliación estratéxica ambiental non está iniciada e porque como ben saben ao longo do ano pasado houbo moitos cambios legislativos que modificaron de xeito substancial o escenario urbanístico en particular de Galicia, non só de Vigo, de Galicia, de tal xeito que moito dos solos urbanizables que aparecían no Plan do 2008 non se poden executar, moitas das infraestruturas non se poden executar porque di explicitamente esa Lei que como non estean aprobadas definitivamente polo seu organismo executor, non poden ser incorporadas no planeamento municipal. Polo tanto, temos moitos cambios que introducir e queremos facer do xeito máis rápido posible, temos os pregos preparados, só esperando que a Xunta de Galicia confirme as partidas orzamentarias e que polo tanto, non sexa o Concello o que ten que achegar tódolos recursos senón que a Xunta de Galicia achegue a parte que lle corresponde.

Polo tanto, non entendemos porque esperan tanto, é dicir, dous meses para analizar un borrador dun convenio, pero que problemas teñen que lle fai Vigo para que non queiran que Vigo teña o seu Plan Xeral, Sra. Muñoz, pero aquí non enredemos máis, dígalle vostede á Xunta de Galicia que está de acordo con este borrador e mañá asinamos, e ao día seguinte publicamos o prego de condicións para a redacción do Plan Xeral.

SR. PÉREZ CORREA: Se é así esa información non debería haber problema para quitar ese convenio, se as partes están de acordo en cofinanciar o Plan Xeral pois que se asine e que se leva adiante.

É certo ademais unha cuestión, non é só que nos discrepamos de que o Concello

aquí non tivera ningún tipo de responsabilidade, ou que non fixera ningún tramite, quen solicita non someter a valoración ambiental estratéxica o Plan, é o Concello de Vigo, naquela altura a Sra. Porro, solicitan non sometelo e para nós non é logo a sentenza que anula o Plan porque non está suficientemente motivado non someter a valoración ambiental estratéxica, para nós o problema é pretender saltar o Plan Xeral por debaixo deise trámite que para nós xa é definitivo do que se quería facer co Plan. Polo tanto, independentemente da corresponsabilidade das administracións se que estamos de acordo en que a Xunta de Galicia asuma ese cargo, entre outras cousas porque imos ser un Concello cobaia, porque imos ser o Concello onde o resto dos concellos de Galicia vanse ver, sobre todo as grandes cidades, á hora de aprobar o seu planeamento ou de adaptalo á nova Lei do solo. Polo tanto, esa subvención debería ser lóxica e sobre todo que serva porque nos imos axudar ao resto dos concellos de Galicia ou ben adaptar o seu plan á nova lei do solo ou ben a redactar un plan de acordo coas novas casuísticas que incorpora a Lei do solo e regulamento, eu creo que a Xunta de Galicia tamén debería de velo como unha oportunidade porque vai ser unha grande cidade e que o que se pode facer en urbanismo se di sempre que o que se pode facer nas grandes cidades con toda a complexidade urbanística que ten, logo a aplicación ao resto dos concellos sería positivo, é máis, creo que ademais dese convenio que reparta as responsabilidades económicas debería haber algunha comisión mixta de traballo permanente, que sabemos que hai unha, pero que dende logo non é suficientemente coñecida porque vai servir para aplicar esa nova Lei do solo no resto dos concellos de Galicia se hai esa nova, á hora da Xunta de Galicia que asumiría ese custo, pois que se asine o convenio á maior brevidade e que se lle dea contido legal no momento de asinalo.

SRA. MUÑOZ ESCARIZ: Volvemos a falar do Plan Xeral, a verdade que despois da intervención que acabamos de escoitar da Sra. Lago costa, porque foi unha auténtica ofensa a tódolos que amamos aos animais e a tódolos animais, dende logo, Vigo podería ser unha cidade pioneira na protección animal e vemos que todo o contrario, desgraciadamente.

Outro dos grandes problemas como xa falamos aquí hoxe que temos neste cidade é o Plan Xeral e a verdade Sra. Caride é que é vostede moi sorprendente que xusto

elixa o Pleno onde traemos a aprobación do estudo previo para desbloquear parte do Plan do 2008 por unha Lei da Xunta de Galicia, insisto, a segunda lei que fai a Xunta de Galicia mentres vostedes non fixeron absolutamente nada, para traer aquí para falar de que a Xunta de Galicia que si ten, que se cando vai a mandar un convenio para financiar o 50% da asistencia técnica ao novo Plan Xeral, de verdade Sra. Caride é que hai que ter moita valentía para atreverse a traer esta moción a este Pleno a día de hoxe. En primeiro lugar porque, insisto, é o Pleno onde aprobamos o inicio de algo que se pode salvar gracias a unha lei da Xunta de Galicia, en segundo lugar porque non é a única lei, hai outra lei, en terceiro lugar porque non é a primeira vez que traen vostedes esta moción ao Pleno, xa a trouxeron o 12 de xaneiro do ano 2016, ese momento no que todos estábamos preocupados e que vostede dixo e lle recomendo que repase a súa intervención no Pleno dicindo o absolutamente prioritario que era un novo Plan Xeral e o rapidamente que se ían poñer a traballar, xa vemos o rápido que se puxeron a traballar, un ano e oito meses despois non sabemos nada de nada do novo Plan Xeral. Pero claro é que cando vostedes o pediron, cando o pedimos en xaneiro a Xunta de Galicia xa dixo nese momento que si, que ía colaborar en financiar, e como o que buscaban era a confrontación e non a atoparon, pois nese momento deixou de ser prioritaria esa asistencia técnica, porque non foi vostede que ata o ano 2017 incluíu esa asistencia técnica no Orzamento porque ese Orzamento para a asistencia técnica está nos Orzamentos de Urbanismo para o ano 2017 e se podería ter citado o 1 de xaneiro porque xa o teñen vostede presupostados, por que non o fixeron? Un gran misterio, por que o 1 de xaneiro non licitaron esa asistencia técnica, porque para vostedes segue sen ser unha prioridade.

Pero máis curioso aínda é ver esta moción cando vostedes dende o 3 abril teñen por escrito a contestación de que a Xunta de Galicia vai asumir o 50% do custe desa asistencia técnica, dende o 3 de abril, por que non licitaron o 4 abril? Segunda oportunidade errada. Primeira oportunidade o 1 de xaneiro, segunda 4 abril e seguen sen licitar esa asistencia técnica porque non queira enganar aos cidadáns Sra. Caride, vostedes non necesitan o convenio asinado para licitar a asistencia técnica, podes facer mañá e se quere fondo pregúntelle ao Sr. Aneiros os 94 millóns de euros que hai en Tesourería ou mire vostede na súa Tesourería os millóns de euros por ter vendido os pisos da rúa Rosalía de Castro, cartos

sóbralle para ir adiantando os trámites se realmente vostedes teñen tanta presa, Sr. Alcalde se o ministro Sr. Montoro lle concedeu que se poida gastar o remanente, o que non se decata desgraciadamente é vostede Sr. Alcalde, cada día se decata menos, e ven vostede aquí despois de estar ausente no Pleno a falar cando dende logo, pouco sabe o que se está a falar, infórmese vostede primeiro Sr. Alcalde e nos irá moito mellor a tódolos vigueses.

Sorprendente de que traían esta moción aquí, que traían unha moción a sabendas de que xa se dixo que si, sorprendente que vostede aínda así sexa incapacidade de dar unha data para ter o borrador do novo Plan Xeral, a que espera para darnola? Non nos fale de tres anos e medio que por certo, é unha data que non puxeron vostedes, que lles obriga a lei se se acollen á ordenación provisional, non nos dixo se imos ter borrador do novo Plan esta lexislatura e iso é o que lle interesa aos vigueses, non que fale outra vez da Xunta de Galicia, do Goberno de España, dentro de pouco falará da Unión Europea, todo para non facer o que vostede ten que facer, deixe de perder o tempo, dedíquese ao que ten que adicarse, deixe de perder o tempo e sobre todo deixe de facernos perder o tempo a tódolos vigueses/as e traballe no que ten que facer que é un novo Plan Xeral de Urbanismo, xa lle fixo vostede suficiente dano en materia de urbanismo a esta cidade porque vostede non temos Plan Xeral e polo Sr. Alcalde non temos Plan Xeral e aínda non espíou os seus pecados, propóñolle que se poña a elo hoxe mesmo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que as saídas de ton xa non a imos contestar, se lle parece Sra. Muñoz eu creo que de ofensa ningunha, a min como cidadá oféndeme ver ao Presidente dos goberno nos tribunais facendo unha declaración pero aquí de maltrato aos animais ningún, porque este Concello defende aos animais, por certo, mellor que ninguén ata o de agora.

Hai unha cuestión que vostede debería revisar, o patrimonio municipal do solo non se pode utilizar para calquera cousa, dende logo non se pode utilizar para contratar o Plan Xeral polo tanto, igual que o superávit o remanentes etc. non se pode utilizar todo para calquera cousa, mire o compromiso do Concello de Vigo está claro, pero vostede di, xa lle contestaron no mes de abril, pois eu lle digo o que di textualmente esa carta, "en consecuencia e en apoio ao Concello de Vigo,



esta consellería manifesta a súa dispoñibilidade cara asinar un convenio que acada o 50% dos honorarios do equipo redactor do Plan Xeral”, a súa dispoñibilidade a asinar un convenio ata onde eu chego non é o compromiso firme da Xunta de Galicia coas partidas orzamentarias correspondentes para cofinanciar o Plan Xeral de Vigo, polo tanto, eu non vou perder o tempo en responder a unha cuestión que sinceramente paréceme de libro, se vostede di que a Xunta de Galicia tiña a vocación de asinar este convenio dende o mes de xaneiro do ano 2016 por que non responde, é que só ten que aceptar o convenio que lle enviamos, onde hai unha comisión de seguimento perfectamente definida, as partidas orzamentarias, a última no ano 2020, polo tanto, moi por debaixo do prazo de tres anos e medio que dende a aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional dámos a lei, Sra. Muñoz. Polo tanto, acurtando significativamente ese prazo e a pregunta é por que non o queren asinar?

Sr. Pérez, hai un problema, a anulación do Plan Xeral de Vigo non incumbe a ningún trámite municipal, a ver se o entendemos, cando unha lei habilita un mecanismo para que alguén poida solicitar a inviabilidade de aplicación de algo, non é ilegal solicitar esa inviabilidade, non hai ningunha ilegalidade, en calquera caso errou quen motivou insuficientemente ese informe, e dáme igual que a solicitude a fixera a Sra. Porro, ou que a houbera feito calquera outro Alcalde de Vigo, non hai un erro municipal, hai unha motivación insuficiente dun informe da Xunta de Galicia, por iso a responsabilidade é da Xunta de Galicia, por iso debería financiar o 100% da redacción do novo Plan Xeral, pero aínda así non resposta sobre o financiamento do 50% e nos din que esta semana a ver se nos responden, eu non entendo nada! Dous meses para responder e a vostede lle parece que imos atrasado con Plan Xeral, nós somos áxiles na redacción do Plan Xeral en comparación coa capacidade de resposta que ten a Xunta de Galicia para un papel que deberían tramitar ao día seguinte de recibilo.

Polo tanto, apoiem esta iniciativa e pídalle por favor, á Sra. Beatriz Mato que responda dunha santa vez ao Concello de Vigo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2017 (Rex. Nº 1583/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA Queda aprobada por unanimidade, agora só falla que a Xunta de Galicia pague.

**7(bis)(105).-MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FACENDA A QUE HABILITE UNHA PARTIDA PRESUPUESTARIA NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA FACER EFECTIVAS AS DEVOLUCIÓN S QUE PROCEDAN NAS LIQUIDACIÓN S DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA. REXISTRO PLENO 1587/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2017, número 1587/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O Tribunal Constitucional pronunciouse en tres ocasións sobre os aspectos que poden ser inconstitucionais na regulación do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana ("Plusvalía municipal"). As dúas primeiras sentenzas referíronse á regulación foral de Guipúzkoa e Álava e a terceira a todo o Estado español.

Sorprende que mentres nas Diputacións forais, que si teñen competencia normativa para a aprobación e reforma das súas normas fiscais, xa se aprobou unha nova regulación, o Goberno de España, e o Ministerio de Facenda, garde silencio normativo e, ademais, non adoptou medidas para paliar as devolucions do imposto que están acordando os Tribunais dalgunhas cidades (Santander, Coruña, entre outras). Hai que recordar que os Concellos só teñen capacidade normativa, a

través das Ordenanzas Fiscais, naqueles aspectos nos que expresamente se lles habilite pola Lei de Facendas Locais.

En efecto, o artigo 1.2 do Decreto Legislativo 1/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece que esta Lei aplicarase en todo o territorio nacional sen prexuízo dos réximes forais do País Vasco e Navarra. Os artigos 9, 12, e 59 de devandita Lei establecen que os impostos deben esixirse de acordo coas disposicións da Lei de Facendas Locais e que, en todo caso, corresponde ás Corporacións Locais o desenvolvemento de devanditas normas.

Dito doutro xeito, a competencia normativa para regular os impostos locais é exclusiva do Estado e a el correspóndelle, a través do Ministerio de Facenda e do Goberno, aprobar os proxectos de Lei ou de Decreto Lei que procedan. En definitiva, os Municipios non teñen competencia normativa para regular o feito impoñible (os supostos suxeitos a gravame), os supostos de non suxeición a tributación ou os beneficios fiscais deste tributo.

É aquí onde cobran pleno sentido as palabras do Tribunal Constitucional cando sinala que os preceptos da Lei de Facendas Locais son inconstitucionais "só na medida en que non previron excluír do tributo as situacións inexpresivas de capacidade económica por inexistencia de incrementos de valor".

Dicimos que cobran sentido porque, ante a ausencia de competencia constitucional e legal de capacidade normativa plena por parte das Corporacións Locais, é ao Estado ao que lle corresponde aprobar unha norma e adoptar as demais medidas que derivan do exercicio da súa potestade normativo nun sentido contrario á constitución.

Esta responsabilidade do Estado legislador, tanto en sentido político como xurídico, implica que son as arcas públicas estatais as que teñen que facer fronte ás eventuales responsabilidades económicas que se deriven da declaración de inconstitucionalidade dunha norma estatal como é a Lei de Facendas Locais. Esta responsabilidade é aínda maior si temos en conta que esta situación non é unha cuestión desta semana, da anterior ou do mes pasado senón que se coñece desde o pasado 16 de febreiro de 2017.

Esta parsimonia do Ministro de Facenda e do Goberno fai que sexan os cidadáns os que, en primeira instancia, estean pagando as consecuencias dos fallos do Tribunal Constitucional e da lexislación estatal, pois teñen que contratar letrados para recorrer as liquidacións administrativas que, por outra banda, se realizaron polos órganos municipais con estrito arranxo á Lei. Son, pois, os Tribunais os que están dando a razón a algúns cidadáns que recorreron o gravame en casos de ausencia de capacidade económica como, por exemplo, as execucións hipotecarias (poxas xudiciais por impago de cotas de hipoteca noutros Concellos) ou vendas a perda para liberarse de débedas ou para satisfacer débedas..É de Xustiza que non teñan que ser os cidadáns os que teñan que pagar as consecuencias dunha mala ou deficiente regulación e, moito menos, do deixamento do Ministro de Facenda ou do Goberno de España. Tampouco sería xusto que fosen as Facendas Locais as que resultasen responsables, economicamente falando, das decisións de quen si ten a

competencia normativa e presupuestaria para afrontar estas cuestións.

É máis, non sería nin constitucional nin legal que os Concellos tivesen que afrontar responsabilidades alleas. Sería tanto como dicir que se responde por feitos doutro. A autonomía local recoñecida na Constitución, isto é, o exercicio das competencias propias fai que as responsabilidades deban limitarse ao ámbito do propio e non do alleo. Tamén debe recordarse que o artigo 142 da Constitución establece que as Facendas locais deberán dispoñer dos recursos suficientes para o desenvolvemento das súas competencias e, entre elas, non están as de legislar ou as de tomar decisións ante sentenzas de inconstitucionalidade. Igualmente, estaríase afectando á estabilidade presupuestaria das arcas municipais que regula a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

En definitiva, o Estado debe asumir a súa responsabilidade polas accións da regulación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos- ou omisións no atraso na regulación correctora- e establecer o mecanismo que permita que os Concellos poidan contar cos recursos, necesarios e suficientes, para proceder á devolución do imposto naqueles casos nos que se teñan gravado manifestacións de capacidade económica inexistentes.

Por todo o exposto, propónse o seguinte

#### ACORDO:

Primeiro. Instar ao Ministerio de Facenda que habilite, urxentemente, a partida presupostaria nos Orzamentos Xerais do Estado para facer efectivas as devolucions que procedan nas liquidaciones do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana ("Plusvalía municipal") nas que se considere que gravaran devolucions capacidades económicas inexistentes

Segundo. Instar ao Ministerio de Facenda e ao Goberno do Estado para que deseñe o mecanismo legal a través do cal os Concellos poidan dispoñer dos recursos económicos necesarios para facer fronte ás devolucions das liquidacions do Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana ("Plusvalía municipal") sen que iso supoña unha merma dos recursos propios das Facendas Locais."

PRESIDENCIA: Imos votar primeiro a urxencia, despois o debate e o voto da moción.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non hai que motivar a urxencia? Quería que constara no Pleno a motivación da urxencia para posicionarnos.

MOTIVACIÓN DA URXENCIA:

SR. ANEIROS PEREIRA: A motivación da urxencia é que dende o 16 de febreiro levamos esperando porque o ministerio de Facenda e o Goberno tomen medidas para, en primeiro lugar, corrixir unha normativa que o Tribunal Constitucional declarou inconstitucional nalgún senso. En segundo lugar, para habilitar as partidas orzamentarias con cargo aos orzamentos xerais do Estado para que os concellos que se vexan condenados a devolver esas cantidades, devolvan esas cantidades, nin unha nin outra cousas se fixo, é urxente que polo tanto, que antes de que se peche o período de sesións o goberno tome decisións.

SR. PÉREZ CORREA: Só unha cuestión, é certo, é un tema moi importante pero tendo opción a presentar catro mocións, presentar só dúas e presentar de urxencia simplemente porque outro grupo presentou unha moción que eu non comparto pero que é unha moción tamén sobre a plusvalía, para nos a próxima vez que se empreguen tódalas opcións de mocións que teñen o Partido Socialista, se tan urxente era, era tan urxente antes que o Partido Popular presentara unha moción sobre este tema, que xa digo imos discutilo tamén na moción do Partido Popular, pero entendemos dende logo que o Partido Socialista faga o esforzo de polo menos cumprir as catro mocións que ten, e se non as quere empregar outros grupos estamos encantados de empregalas.

PRESIDENCIA: As mocións repártense en termos dos votos que recibimos dos cidadáns, este é un detalle democrático importante.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Detalle democrático tamén é respecto á oposición e vemos que a urxencia para o goberno si que é a urxencia pero o que presenta a oposición non é urxencia e vaise vetar o debate sobre Bembrive, unha vez máis. Entendemos que esta moción só ten un obxectivo e esa urxencia é contraprogramar unha moción que presentamos, porque o verdadeiramente urxente e polo que se debería preocupar Sr. Aneiros é polos miles vigueses que están a perder o seu dereito á devolución porque vostedes non lle están a informar que o teñen que facer, esa é a verdadeira urxencia pero diso xa falaremos da presentada en tempo e en forma polo Partido Popular.

PRESIDENCIA: Non se preocupe Sra. Muñoz, porque o que está en España mobilizando a acción para que se lle devolva aos cidadás os seus dereitos, chámese Alcalde de Vigo, presidente da FEMP. Sabe quen se resiste? Resístese o Ministro de Facenda, o Sr. Montoro, e voulle dicir agora porque hai urxencia, porque estamos a punto de levar ao Parlamento un proxecto de lei, apunto, seguramente hoxe ou mañá, e queremos que ese proxecto de lei leve o pronunciamento deste Pleno dicindo que quen ten que facer a devolución é o Ministerio de Facenda, e a partires deste Pleno os 8.125 plenos dos 8.125 concellos, e de tódolos grupos políticos deses concellos.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e nove abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, acórdase incorporar na orde do día dita moción.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Nun asunto de seriedade como é o que nos ocupa, levamos xa tres pronunciamentos do Tribunal Constitucional dende o pasado 16 de febreiro no que se matiza a redacción da Lei estatal de facendas locais, lei que corresponde ao Parlamento do Estado e que tan só podemos aplicar os concellos, na que revisa a constitucionalidade do imposto sobre o incremento do Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana, o coñecido como o imposto sobre a plusvalía, cando se graven, di o Tribunal Constitucional, capacidades económicas non existentes, para entendernos cando a venda que se realiza dos terreos, entre outros supostos, non pon de manifesto unha ganancia patrimonial.

Digo que levamos agardando dende o pasado 16 de febreiro, data da primeira sentenza do Tribunal Constitucional e polo tanto, cando xa se coñece o pronunciamento, o criterio que vai manter o Tribunal Constitucional, como así o fixo nas dúas seguintes sentencias, para que o goberno do Estado adopte medidas neste imposto cuxa competencia normativa é exclusiva do Estado español, polo tanto, levamos dende o mes de febreiro agardando ao que o Sr. Montoro e a que o Sr. Rajoy adopten medidas normativas para corrixir a regulación deste imposto exercendo polo tanto as súas competencias.

É palmario que alí nos territorios onde si hai competencias normativas, e falo dos territorios forais de Guipuzcoa, e Álava onde se reciben as dúas primeiras sentencias, xa se fixo unha reforma da normativa que regula este imposto, en cambio no Estado o Ministerio de Facenda garda absoluto silencio, é por iso que non entendemos por que algúns se empeñan en pedir actividade a quen non ten competencias, e gardan silencio estoume a referir ao Partido Popular, para instar a actividade do Ministerio de Facenda, porque é el quen ten a competencia. Como saben a Lei de facendas locais é unha lei aprobada polo Parlamento do Estado e os municipios non temos competencias normativas, é dicir, non podemos aprobar, modificar esa lei do Parlamento do Estado, polo tanto, é o goberno da nación, é o Parlamento do Estado o que ten a competencia para facer esa modificación, os concellos só podemos aplicar este imposto nos termos que así se fixan nesa lei. E paradoxal que o Ministerio de Facenda garde silencio, que o goberno do Estado garde silencio, tivo ata polo menos tres oportunidades para facer a reforma deste imposto, puido reaccionar cun decreto lei urxente, porque é extraordinaria e urxente a necesidade de adaptar este imposto ás esixencias do Tribunal Constitucional, non o fixo, puido facelo a través da Lei xeral de orzamentos do Estado, e non o fixo e pode facelo, e aínda non o fixo, a través dunha lei tramitada polo procedemento de urxencia. Polo tanto, é extraordinariamente urxente que o Ministro de Facenda e que o goberno de España adopten medidas para solucionar este imposto.

Hai que mencionar que o Tribunal Constitucional declara inconstitucional este imposto con matices, non no caso das herdanzas, por exemplo, non en tódolos casos senón só como di o Tribunal Constitucional cando non hai un incremento de valor neste imposto. Polo tanto, é importante que se regule este imposto por parte

do Estado para evitar que supostos nos que non se pon de manifesto ese incremento de valor, se esixa este imposto.

Os servizos municipais, a área de ingresos desta concellería, deste goberno, deste Concello informa a asiste aos contribuíntes que así demostran que non existe ese incremento de valor, na presentación das súas obrigas tributarias. Cando se demostra por parte do contribuínte que non hai ese incremento de valor, a cota a pagar é cero, polo tanto, este goberno xa se anticipou, xa fixo o que podía facer, o que estaba na súa man para evitar o gravame deste imposto.

Polo tanto, reclamamos que o goberno do Estado, e indo ao punto dos acordos, habilite urxentemente unha partida orzamentaria nos orzamentos xerais do Estado para facer efectivas as devolucións que procedan deste imposto, as que acorden os tribunais. En segundo lugar, que o Ministerio de Facenda deseñe un mecanismo que permita aos concellos dispor deses cartos sen facer uso das súas necesidades orzamentarias, e engado dous aspectos “in voce”. Terceiro, que se resarza aos concellos da perda da recadación. E cuarto, que esta moción se tramite por tódolos concellos de España, en tódolos Parlamentos autonómicos e tamén no propio Parlamento de España. Estes catro puntos son os que someten a votación do Pleno do Concello de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Evidentemente imos discutir dúas veces sobre isto porque unha por positiva e outra por negativa pero as dúas mocións que presenta o Partido Socialista e o Partido Popular versan sobre o mesmo, temos que recoñecer que a moción do Partido Popular tamén non nos gusta, entre outras cousas porque se insta ao goberno local, neste caso un concello, a resolver algo que o propio goberno do Estado español non da resolto, e nós coincidimos coa reflexión que fixo o 30 de maio a FEMP e coincidimos precisamente porque se está a intentar cargar de novo aos concellos unha responsabilidade que non teñen sobre unha anulación xurídica dun imposto que cobraban porque así o habilitaba o Ministerio de Facenda.

A nós preocúpannos dúas cuestións, pensamos que case era mellor que estivera calado o Sr. Montoro, pero dicir que isto vaise solventar anexo á negociación da reforma local, preocúpanos moito, porque levamos 25 anos de determinados consensos de tódolos partidos no ámbito da FEMP, sobre incrementar o



financiamento local, sobre como modificar a participación dos Concellos na recadación impositiva como para agora postergar tamén agora un debate sobre un imposto que se segue cobrando e que o problema cos concellos deste país non sabemos se temos que cobrar, se non temos que cobrar, se vai haber algunha modificación do imposto porque o imposto non se pode deixar de cobrar, en todo caso pódese meter algúns concellos que efectivamente están a meter medidas paliativas a un segmento de poboación que faga unha venda e non haxa un incremento na venda. Pero nós pensamos que hai que avanzar na responsabilidade do goberno nisto, subsidiariamente e en todo caso negociala co conxunto dos concellos por se se pode facer algún tipo de acordo de compensación, non vai pasar o mesmo que pasou no seu día co imposto de Actividades Económicas que se nos dixo aos concellos de que coa redución de que non ían cobrarlle a tódalas empresas que facturaban menos dun millón de euros, se nos dixo que ía haber unha alternativa e levamos na contorna de 20 anos sen que esa alternativa máis alá dalgúns tributos que se pasan algúns concellos, que substitúa integralmente ao foi a perda de ingresos pola vía do IAE.

Preocúpanos a actitude do goberno e polo tanto, o lóxico sería que nós instemos ao goberno a que faga calquera deses trámites que citou o concelleiro serían válidos pero sobre todo o informe, creación dunha comisión mixta entre a FEMP e o goberno e nese caso co Ministerio Facenda máis que co goberno e a ver como solventamos iso porque si que é certo que son catro anos de retroactividade, si que é certo que se poden dar moitas casuísticas, hai concellos que forma unha parte importante dos ingresos, este tipo de tributos, sobre todo os que estiveron máis expostos ao mercado inmobiliario, pero tamén é certo que xa algunhas discusións enriba da mesa que nós tamén teríamos que posicionarnos, entre elas por exemplo, adaptar o imposto ao nivel da renda da xente, ao mercado inmobiliario, bueno está na circular que a FEMP aprobou o 30 de maio que son consensos na que eu entendo que estamos tódolos partidos, e polo tanto, entendo que tamén está o Partido Popular ou polo menos estaba ata hai pouco de acordo de ir artellando esa alternativa.

Polo tanto, nós estamos de acordo coa moción e coa proposta de acordos, pero entendemos que imos debater dúas veces sobre o mesmo, que poderíamos ter aforrado o tempo cunha soa moción.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu creo que queda claro o obxectivo desta moción, única e exclusivamente contraprogramar unha moción presentada polo Partido Popular, seguen vostedes a rebufo da oposición, parece mentira, tanto presumen de 17 concelleiros e non se lles ocorreu ata o luns presentala, pero é importante saber agora que da a oportunidade, e que falan da lei e da anulación, é importante facer memoria histórica e ver a hemeroteca que coa hemeroteca apréndese moito e se vemos a hemeroteca vemos cando se aprobou esta lei que agora parte dela, no que se refire ás minusvalías foi declarada inconstitucional, e a pesares de que o texto refundido dende o ano 2004 a lei orixe é de 1988, é máis, o goberno de España do Partido Socialista, e aquí espero que comece a facer memoria o Sr. Caballero, aprobou o proxecto de lei, remitiuno ás Cortes Xerais no mes de xuño de 1988 e quen estaba no goberno de España, quen era ministro do goberno de España no ano 1988? O Sr. Abel Caballero, Sr. Caballero non me diga que nese momento vostede cos seus coñecementos non seu deu conta de que se estaba a levar unha lei que era inconstitucional, vostede que quere ser agora adalid, mellor que esquecer os seus anos negros no goberno de España para esta comunidade autónoma porque no ano 1988, lémbrolle que foi un ano sinalo para vostede Sr. Caballero porque foi o ano no que prometeu o AVE para Galicia para o ano 1993 e aínda estamos a esperar. Pero era vostede ministro do goberno de España cando esta lei se aprobou polo goberno de España, agora entendemos porque ten vostede tanto interese en emendar un erro que cometeu como ministro, avalando esa lei que contiña unha disposición inconstitucional, Sr. Caballero. Polo tanto, non veña dar lección a ninguén, vostede non está en condicións de darlle leccións a ninguén e moito menos ao de goberno de España ao día de hoxe, porque o goberno de España sabe moi ben o que ten que facer e vostede non é quen llo ten que dicir, esa é a realidade e está ben que agora queira vostede emendar o erro que cometeu como ministro, insisto, e máis lle debería de valer preocuparse pola situación dos vigueses/as, despois xa se pedirá ao goberno de España que devolva o que teña que devolver e que pague o que teña que pagar por unha lei socialista, insisto, xa falaremos. Pero o primeiro son os vigueses, a súa obriga primeira Sr. Alcalde son tódolos vigueses e as viguesas e neste momento cada día que pasa 20 vigueses perden o dereito a reclamar a devolución porque vostedes son incapaces

de dar información, de colgar na páxina web algo tan sinxelo como este modelo de devolución de ingresos indebidos, Sr. Aneiros anote, voulle dar este modelo que elaboramos e que imos colgar na páxina web para que o colguen vostedes na páxina web do Concello e lle digan aos vigueses que teñen que presentar hoxe mellor que mañá, a solicitude de devolución dos ingresos indebidos porque senón os vigueses van perder os seu dereito porque o dereito prescribe aos catro anos e cada día 20 vigueses perden ese dereito, iso é o que a vostede lle debería preocupar como concelleiro de Facenda, devolver aos vigueses o que pagaron e non tiñan que pagar, pero non, ao que vostede lle preocupa e o que lle preocupa ao Sr. Alcalde é seguir cobrando, nesa voracidade recadadora que teñen vostedes que non ten límites porque agora ademais vannos volver subir os impostos para o ano que ven, tan boa situación financeira temos no Concello de Vigo, tantas medallas nos poñemos con esa situación financeira e non somos capaces de afrontar con eses 94 millóns de euros en caixa, devolver aos vigueses o que pagan, e suspendan o cobro, cando haxa minusvalía, Sr. Aneiros, que está a recibir as instrucións da Sra. Caride que aínda debe ter algunha lembranza.

É falso que haxa suspendido a recadación, se quere lle ensinamos cales son as declaracións que estiveron pagando as autoliquidacións a día de hoxe e dende a anulación da sentenza vigueses/as, eu non mo tomaría a risa porque os vigueses non o toman a risa, porque vostedes non lles importa nada os vigueses e que estean pagando día si e día tamén, segan presumindo dos 94 millóns de euros en caixa, vergoña lles debería dar cando hai tantos vigueses que teñen necesidades nesta cidade.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que nas causas perdidísimas falou o Sr. Fidalgo, nas causas perdidas fala a Sra. Muñoz. Coa máxima seriedade, se hai un partido político que contribuíu como ningún ao desenvolvemento do estado autonómico, foi o Partido Socialista Obrero Español, polo tanto, orgullo todo, neses anos iniciais de democracia que iniciábamnos despois da Constitución do ao 1978 co goberno de aquel entón o Presidente o Sr. Felipe González, se algún goberno contribuíu á autonomía municipal, ao desenvolvemento dun estado autonómico como o que temos, dun estado democrático como o que temos, foi o Partido Socialista Obrero Español. Por certo, como noutras tantas cuestións importantes para a sociedade,

como por exemplo, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, como por exemplo os dereitos dos traballadores, como por exemplo o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, e podería seguir, pero voume cinguir a contestar o que están a dicir, trátase dun dos cinco impostos que temos os municipios, a competencia para legislar nesta materia é exclusiva do Estado, o que sorprende é que mentres o territorio onde si hai competencia normativa xa se adoptaron medidas, automaticamente nun prazo de 15 días no Estado español sigamos esperando unha resposta por parte do Ministerio de Facenda, iso é o que sorprende, o que sorprende tamén moito máis é que un grupo político deste Concello, o Partido Popular, en lugar de instar a quen ten competencia pretenda poñer o punto de atención noutro punto distinto, é dicir, parece que para vostedes Madrid non existe, para o Sr. Fidalgo debe ser un destino turístico de toda a semana, pero non lle insta ao Ministerio de Facenda a tomar as medidas que corresponden.

Sexamos serios e sexamos responsables coa cidadanía, esta concellería, os órganos desta concellería informan puntualmente e asisten aos contribuíntes que así demostran que teñen unha perda de valor, non sei onde quitan eses datos de que 20 vigueses perden o dereito a reclamar, parece que a calculadora do Partido Popular vai mal, esa calculadora que teñen que suma dous e dous, parece que suman 20, non sei onde están ese 20 vigueses que perden os seus dereitos porque se lles informa adecuadamente na hora de confeccionar as súas declaracións, se un cidadán nunha venda demostra que hai perda, que non hai ganancia, a cota a pagar é cero, e iso se leva facendo neste Concello dende o 16 de febreiro, dende que se coñece a primeira sentenza.

O que é urxente é que o Ministerio de Facenda aprobe a partida orzamentaria que iso depende dunha simple sinatura dun minuto do Ministro o Sr. Montoro, para que os concellos dispoñan das cantidades precisas para devolver cando así se acorde as cantidades aos contribuíntes e que sexa con cargo aos fondos estatais porque a responsabilidade desta materia é do Estado lexislador, non dos municipios, que non queira facer o Sr. Montoro que paguemos outros a súa inactividade, polo tanto, que se aprobe esta moción.

*No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal Socialista, poñente da*

*moción, propón dúas enmendas "in voce" para incorporar á moción, co seguinte texto:*

-Compensar aos concellos por la perda recaudatoria que xera a sentencia e as eventuais devolucións que procedan, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

-Dar traslado desta moción aos concellos autonómicos para a súa tramitación e, no seu caso, aprobación, así como ól Parlamento autonómico e Congreso dos Deputados.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Instar ao Ministerio de Facenda que habilite, urxentemente, a partida presupostaria nos Orzamentos Xerais do Estado para facer efectivas as devoluciones que procedan nas liquidaciones do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana ("Plusvalía municipal") nas que se considere que gravaran devolucións capacidades económicas inexistentes

Segundo.- Instar ao Ministerio de Facenda e ao Goberno do Estado para que deseñe o mecanismo legal a través do cal os Concellos poidan dispoñer dos recursos económicos necesarios para facer fronte ás devoluciones das liquidacions do Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana ("Plusvalía municipal") sen que iso supoña unha merma dos recursos propios das Facendas Locais."

Terceiro.- Compensar aos concellos por la perda recaudatoria que xera a sentencia e as eventuais devolucións que procedan, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

Cuarto.- Dar traslado desta moción aos concellos autonómicos para a súa tramitación e, no seu caso, aprobación, así como ól Parlamento autonómico e Congreso dos Deputados.

PRESIDENCIA: Será enviado hoxe mesmo ao Ministerio de Facenda e será enviado hoxe mesmo ao 8.125 concellos e a tódolos grupos políticos dos 8.125 concellos, polo tanto, confío que o Ministerio de Facenda de forma urxente habilite unha partida para poder proceder á devolución inmediata de todos aqueles pagos que se fixeran indebidamente do imposto de Plusvalías.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **8(106).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de xuño de 2017 e 20 de xullo de 2017.

#### **9(107).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de xuño de 2017 e 20 de xullo de 2017.

### **MOCIÓNS.**

#### **10(108).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO SOBRE A TOPONIMIA E RUEIRO NA CIDADE DE VIGO, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO DO 25.10.2004. REXISTRO PLENO 1582/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xullo de 2017, número 1582/1101, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“O Concello de Vigo foi pioneiro en Galiza na protección, defensa e mantemento da toponimia tradicional. Así púxose en valor e recoñecemento a relevancia cultural, histórica e antropolóxica dos nomes dos lugares, herdados de xeración en xeración durante centurias e, nalgúns casos, durante milenios.

Vigo foi así un exemplo para outros concellos que teñen o deber de protexer o patrimonio material e inmaterial. Existe unha lexislación a nivel estatal e autonómico ademais dun acordo plenario do Concello de Vigo que expoñemos a continuación:

A Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (BOE núm. 126, 27-V-2015), sinala no Título I, Artigo 2, que terán consideración de bens de patrimonio cultural a toponimia “como instrumento para la concreción de la denominación geográfica de los territorios”.

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, (DOG, núm. 92, 16-V-2016), en que se declara no artigo 9.3 que son “bens de patrimonio cultural inmaterial para os efectos desta lei” a toponimia. Ademais, no artigo 35.2, sobre a protección do patrimonio cultural na formulación urbanística, di que “a normativa e a proposta de ordenación prevista nos instrumentos de formulación urbanística garantirán a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural” como é o caso da toponimia tradicional. O artigo 68.2 abunda sobre o mesmo: “A Xunta de Galicia velará, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional, que se considera un valor identitario da Comunidade Autónoma así como un instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos e dos seus bens”.

Acordo plenario do Concello de Vigo do día 25 de outubro de 2004, onde se destaca a tarefa realizada dende o concello na elaboración dun censo de microtoponimia (do cal xa se editaron varios volumes de parroquias viguesas), e do que de novo Vigo foi pioneiro entre os municipios galegos e estatais. Nese acordo (impulsado pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, o Instituto de Estudos Vigueses, a Asociación Galega de Onomástica e a Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao), aprobado por unanimidade do pleno, lese que “na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificio etc.) preferirase sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.

En canto ás recomendacións dos organismos culturais internacionais, cómpre

destacar a declaración do Grupo de Expertos de Nacións Unidas para os Nomes Xeográficos realizada o 28 de maio de 2014. Neste documento declarouse que a toponimia é unha parte integral do patrimonio cultural intanxible xa que “constitúen compoñentes esenciais das linguas e conservan formas que evidencian a súa evolución” e porque “son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados ou actuais”. A esta declaración sumouse a Real Academia Galega, institución e autoridade en materia de lingua galega no noso territorio.

Polo tanto, a Marea de Vigo considera que este Pleno debe asumir esta lexislación (estatal e autonómica), o acordo municipal e os consellos dos organismos internacionais expertos na materia.

Pola contra, conscientes do regulamento de honras e distincións do Concello, queremos propor a este Pleno un acordo intermedio para que así se poidan combinar a protección da toponimia tradicional e o fomento da chamada toponimia conmemorativa ou de repertorio (nomes de persoas, feitos históricos ou outras realidades que se queiran homenaxear no rueiro municipal).

Polo exposto, instamos a esta Corporación Municipal a tomar o seguinte

#### ACORDO

1. - En cumprimento do establecido no Pleno do Concello de Vigo do 25 de outubro do 2004, as vindeiras denominacións das realidades xeográficas terán como nome oficial o da toponimia tradicional, coa opción á combinación cunha dedicatoria a unha figura ou feito escollido polo propio Pleno. Por exemplo: “Rúa Real. Dedicada ao editor Juan Compañel”.

#### DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Cando a Marea de Vigo entrou pola porta desta institución eramos xa conscientes da infinidade de temas que atinxen á xestión dunha cidade como a nosa, non pensamos nesa altura, polo menos colectivamente, nun asunto como é o posible cambio de denominación de lugares físicos para honrar a memoria de persoas que tiveran importancia para a sociedade viguesa.

Sen embargo nun rato falaremos do terceiro cambio no que vai de lexislatura para a denominación dun espazo físico, no caso que nos vai ocupar posteriormente, un espazo físico de nova creación que xa ten unha denominación tradicional, neste caso Devesa do Couto, tal e como se pode consultar nas fantásticas guías de toponimia tradicional que están editadas por este Concello.

O ritmos da política institucional, os ritmos das institucións en realidade, está moi



lonxe dos ritmos que serían necesarios para unha adecuada participación da cidadanía organizada, en ocasións vémonos obrigados a facer posicionamentos de urxencia e posteriormente a abrir debates asemblearios abertos sobre cuestións que non veñen marcadas especificamente no programa electoral co este grupo se presentou ás eleccións do 2015. Así foi, despois da adicatoria a D. Carlos Oroza por parte deste Pleno, iniciamos un debate colectivo e demorado e debo dicir que ao inicio deste debate eu persoalmente polo menos, non era consciente da profunda carga política que teñen as toponimias tradicionais. Este debate na Marea de Vigo tivo a súa resolución o 7 marzo pasado, co acto e debate posterior na nosa organización da toponimia tradicional e aproveito aquí para enviar un fraternal saúdo a D. Gonzalo Navaza profesor da Universidade de Vigo e que é unha persoa que transmite sabedoría cada vez que fala deste tema.

Non parece tampouco cuestión menor que os acordos que traemos hoxe aquí están aprobada por unanimidade neste mesmo Pleno no ano 2004, unha proposta que presentaba o Bloque Nacionalista Galego en nome da Universidade de Vigo, Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, Instituto de Estudos Vigueses, Asociacións Galega de Onomástica e Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao. É difícil, penso, atopar unha proposta aprobada neste Pleno que contara co apoio e co consenso de tantos sectores da cidade e das institucións e que reitero foi aprobada neste Pleno por unanimidade de tódalas organizacións políticas presentes nese momento.

Un acordo que temos que poñer en valor e respectar profundamente xa que o acordo unánime do que debería ser o órgano de máxima representación da sociedade na nosa cidade.

Vigo foi, así, un exemplo para outros concellos que teñen o deber de protexer o patrimonio material e inmaterial, Vigo foi pioneiro en Galicia na protección, defensa e mantemento da toponimia tradicional, púxose en valor e recoñecemento a relevancia cultural, histórica e antropolóxica dos nomes dos lugares herdados de xeración en xeración.

A toponimia é a nosa historia, é o noso pasado e non hai sociedade que poida avanzar orgullosa de si mesma mentres enterramos o que somos, non hai escusa para enterrar a nosa historia e esquecer o que somos.

As persoas que amamos esta cidade, as persoas que amamos á sociedade viguesa

con tódalas contradicións que contén, temos a obriga de protexer a nosa identidade, contribuímos dende a nosa diferencialidade ao acerbo común dos pobos e así entendemos nós a identidade, de igual a igual, en fraternidade, sabedores da relevancia de comprender o distinto como algo enriquecedor e aceptar que somos sen prexuízos nin complexos.

Citei en primeiro termo este acordo plenario por ser o máis próximo a nós, máis diferentes leis de nivel estatal e autonómico, así como recomendacións internacionais, avalan a proposta que hoxe traemos aquí, Lei de salvagarda do patrimonio cultural e material do 2015, sinala que terá consideración de bens de patrimonio cultural a toponimia, e cito textualmente, “instrumento para concreción da denominación xeográfica dos territorios”; Lei do patrimonio cultural de Galicia no que se di que son bens de patrimonio cultural e material para os efectos desta lei a toponimia; en canto a recomendacións dos organismos culturais internacionais compre destacar a declaración do grupo de expertos de Nacións Unidas para os nomes xeográficos para no 2014, onde neste documentos declarouse que a toponimia é unha parte integral do patrimonio cultural intanxible. En definitiva, traemos hoxe aquí un acordo que non se axusta ás leis e recomendacións culturais de diferente ámbito administrativo, un acordo que non só reforza o compromiso coa nosa cultura xa expresado por unanimidade nesta mesma institución no 2004, senón que ademais é unha proposta que ben a combinar a imprescindible protección da nosa historia co lexítimo compromiso que poida adquirir este Pleno para honrar a memoria de persoas que colectivamente consideremos importantes na historia da nosa cidade.

Moitas son as persoas da historia da nosa cidade que hoxe viven no esquecemento, non afondaremos neste punto o debate sobre tanto e tantos nomes que padeceron represión, cárcere e tortura e que hoxe son no mellor dos casos lembrados por unha minoría e que polo tanto, ben merecerían honras públicas desta institución. Sen embargo enterrar a nosa historia sería un insulto para esas persoas que merecen a nosa lembranza.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que nós, dende o Partido Popular, cremos que Vigo ten que respectar o seu pasado porque a partir de aí temos que construír o futuro, se é verdade que debemos ser profundamente respectuosos coa

toponimia e ademais aproveitar a riqueza que nos outorga a toponimia precisamente ter os lugares xeográficos, situar todo o pasado e a historia de Vigo nas zonas nas que lle dean os nomes concretos para mellorar moitas cousas tamén, nós queremos tamén para aportar nesta moción que coa toponimia podemos facer tamén pois moita historia e moita formación entre tantos turistas como os vigueses con paneis informativos e poderíamos aproveitar moito tódalas zonas de Vigo que non son tan coñecidas porque ás veces esquecéronse un pouco o que era outorgarlle un nome concreto a calquera zona de Vigo.

No ano 2004 si é verdade que se recolleu neste mesmo Pleno e o sentir xeral do Instituto Estudos Vigueses, da Asociación Galega de Onomástica, da Federación de Veciños, da Universidade de Vigo, e posteriormente tamén a Real Academia de Galicia propuxo que se incluíse a toponimia como patrimonio cultural e material, xa está incluída, e nós queremos que é importante e que ven a colación neste momento, resaltar e destacar un pouco hoxe todo este tema para saber que é o que se aprobou no 2004 e se realmente estamos a cumprir, se debemos darlle un pulo a isto e ter que cambiar algo. A esencia é parecida pero convén dicir que nesa altura no 2004, tiña varios puntos esa moción que se aprobou por unanimidade, é verdade, e falaban un pouco da preferencia sempre do topónimo xeográfico e tradicional antes que incluír outro nome, as novas realidade xeográficas que se van incluíndo na cidade, pois investigar e indagar un pouco tamén acompañados destas federacións, institutos, administracións que aportaron no seu día todo o tema toponímico en Vigo para que nos poidan axudar a poñer nome a tódalas zonas importantes desta cidade, e despois casos illados concretos nos que podería poñer algúns nomes, eu quería tamén destacar ademais nesta moción a importancia, a relevancia que debería ter tamén destacar mulleres destacadas desta cidade que as veces están esquecidas, por exemplo, hai un dato curioso que nunha cidade por exemplo, como a de Madrid só o 20% de toda a toponimia que leva nomes pertence a mulleres e eu creo ademais que Vigo é unha cidade que aportou moito valor feminino que poderíamos ter nas rúas e nas prazas desta cidade.

E xa daquela, nós no 2004, o Partido Popular participou activamente, eu estiven revisando a intervención do 2004 e xa dicíamos que precisamente incluso máis atrás na historia, no ano 1981, tamén no Pleno de 29 de setembro, se falou que

“con exclusión das denominacións concretas obxecto de petición, atenderase preferentemente aos toponímicos dos lugares da situación”, é dicir, que é algo que está nos papeis perfectamente clarexado dende o ano 1981, ratificouse no ano 2004 e agora estamos no 2017 outra vez falando deste tema, eu creo que é importante darlle o interese que ten e sen o ánimo de polemizar, non utilizar a toponimia como un argumento ou argucia política polos cambios de goberno que as veces que o que fan algúns gobernos ao chegar aos concellos é modificar a toponimia como primeira parte, temos o caso por exemplo, que pasou con Álvaro Cunqueiro en Madrid que gracias á presión e á achega dos galegos e de Vigo, non se modifica esa rúa pero si é verdade que había un lista co que se quería modificar. Eu creo que este é un tema que implica esencia cultural, que implica valores, tamén un tema didáctico moi importante a través da toponimia podemos aprender moito da historia desta cidade, nós dende o Partido Popular, por suposto que imos apoialo sen ánimo de xerar problemas cando as veces hai que modificar o nome dunha rúa, dunha praza para cambiala por outra diferente, iso hai que telo ben proposto e sempre con ánimo de construír e non co de destruír porque cada un achegou, dende o que puido, algo á historia desta cidade. Insisto, nós por achegar algo que se melloren os rúas e a toponimia polas mulleres, que se insista máis e que se explique máis nas rúas con paneis informativos o que xeograficamente todo o que representa as prazas, as rúas e zonas desta cidade que as veces, sobre todo no ámbito máis rural están descoñecidas.

SR. LÓPEZ FONT: Si cremos que é resaltante que en Vigo fomos pioneiros na utilización da toponimia, e debo dicir que nos nosos anos de goberno mantivemos fielmente esa orientación e certamente a cumprimos. Si ben é certo que hai un acordo do 2004, non debe esquecerse outro acordo tamén deste Pleno para priorizar o nome de mulleres, ese tema foi debatido aquí, sobre todo e se dicía no seu momento, en aras dunha necesaria visibilización das mulleres e para buscar un equilibrio que claramente está desproporcionado no rueiro municipal actual ao longo dos anos, e tamén cumprimos ese acordo de priorizar toponimia e nome de mulleres, e ás actas me remito deste Pleno, polo tanto, nós en relación con esta moción estamos polo estrico cumprimento de toda a normativa que foi descrita e facemos unha reafirmación dese compromiso, a proba está en que ao longo destes

anos do noso goberno non existiu ningún problema á hora da designación de rúas e do respecto da toponimia, poño por exemplo que nós mantivemos o tema de Peniche fronte ao outras opinións en contra. Polo tanto, estamos pola prioridade da toponimia e dos nomes de muller e que ademais lembro cal é o procedemento de cando hai que designar o nome dunha rúa, sobre a proposta se pasa petición de informe ao servizo de estadística, se pasa petición de informe ao servizo de normalización lingüística e sométese á comisión informativa, máis alá de que logo posteriormente se debata no Pleno como sempre foi. Polo tanto, calquera decisión neste aspecto coas súas peculiaridades que poida ter e a súas motivacións, é un tema a tratar no Pleno e polo tanto ten aquí toda a garantía, o que pasa é que dende esa manifestación en favor da toponimia, entendemos que a proposta que se fai e a combinación que se pretende incluír, esa combinación induce a confusión, cremos que o exemplo que se aquí se menciona na proposta de acordo de resolución dicir, “rúa Real, adicado ao editor Juan Compañel” pois induce a confusión porque se a designación da rúa é rúa Real, dificilmente a debemos misturar coa dedicatoria e con outro nome si é que non se quere poñer esa asignación a persoa ou a entidade. Polo tanto, cremos que na proposta que se fai de acordo o que se fai é dalgunha forma matizar a toponimia e cremos que iso, como dicía anteriormente, induce a confusión.

Nós estamos, reitero, por ese mantemento da toponimia e polo mantemento do procedemento que seguimos ata agora e para non inducir a confusión e para que o acordo neste momento, unha vez que se volve a tratar este asunto en Pleno e para que quede un acordo definitivo, facemos unha proposta de emenda de substitución que sería tan sinxela como dicir “as rúas de Vigo seguirán conservando a toponimia tradicional” e esperamos que se acepte.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Non podemos aceptar esa proposta dende o punto de vista que cremos que si que altera substancialmente o acordo proposto por nós.

Gustaríame ler un breve comunicado, “Sr. D. Ramón Abel Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo; prezado Sr. Alcalde, en datas recentes e coincidindo co vixésimo aniversario do asasinato do D. Miguel Ángel Blanco, o Partido Popular de Vigo solicitaba publicamente que a nova gran praza ou ágora que se vai abrir ao pe do remodelado edificio da Cidade de Xustiza, levase o nome

do concelleiro de Ermua asasinado por ETA. Esta nova gran praza construírse diante do alto edificio que o pobo de Vigo chamou sempre “o Pirulí” e nunca Almirante Vierna, levantado en 1955 xusto enriba do que aínda hoxe, os veciños maiores do lugar lembran chamar “A devesa do Couto”. Cónstanos que vostede e a Corporación municipal que presiden son sabedores de que a toponimia tradicional está recoñecida como patrimonio inmaterial dos pobos polo grupo de expertos e xeográficos da ONU, é de que tamén recomendación de que un topónimo de nova creación deba sepultar a un nome tradicional ben asentado. España asinou e ratificou en 2006 a combinación para a salvagarda de patrimonio cultural e material da UNESCO do 2003, que alertaba do soterramento da toponimia tradicional con novas denominacións honoríficas, e recomendaba sempre respectar a toponimia tradicional como patrimonio cultural e material da humanidade. Así mesmo, máis recentemente a Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, di que forma parte deste Patrimonio Inmaterial que se debe protexer, salvagardar e transmitir a a toponimia tradicional como instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos” vou saltar un cacho desta carta “D. Miguel Ángel Blanco, e calquera outra persoa que considera lexitimamente este Pleno, pode ser igualmente homenaxeado mediante un busto, un monumento, unha placa ou mesmo coa denominación dunha sala ou do Auditorio da nova cidade da Xustiza pero co nome de ninguén nunca se debería sepultar unha denominación que leva máis de 1.000 anos entre nós, sendo parte do ADN identificativo de Vigo. Asinado Xosé Enríquez Costas González, director do departamento de filosofía galega e latina”. Non entendemos esa proposta de cambio do PSOE, máis que como outra ferramenta que non vai a contribuír en nada á conservación da toponimia tradicional da nosa cidade, polo tanto en canto, temos que rexeitar esa proposta de acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.07.2017 (Rex. Nº 1582/1101), polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**11(109).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á CORPORACIÓN A POÑER O NOME DE MIGUEL ÁNGEL BLANCO Á FUTURA PRAZA DA CIDADE DA XUSTIZA, EN MEMORIA DO CONCELEIRO POPULAR E DE TÓDALAS VÍTIMAS DA BARBARIE TERRORISTA NO NOSO PAIS. REXISTRO PLENO 1584/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2017, número 1584/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nestes días cumpríronse 20 anos desde que a banda terrorista ETA asasinara a Miguel Ángel Blanco. Un crime que mobilizou á sociedade española e supuxo o principio do fin da barbarie terrorista no noso país.

Desde entón, o concelleiro popular de Ermua é símbolo de democracia e liberdade e representa a todas aquelas vítimas que perderon a súa vida para que teñamos un futuro mellor: policías, gardas civís, militares, docentes, concelleiros, xornalistas, empresarios, sindicalistas e un longo etcétera.

Todos eles son lembrados na memoria de Miguel Ángel Blanco e no que demos en chamar desde entón o Espírito de Ermua: ese movemento cívico espontáneo que nos reúne cada 12 de xullo.

Por este motivo, porque honrar a memoria do concelleiro popular é honrar a memoria de todas as vítimas de ETA, propoñemos que a nova Praza da Cidade da Xustiza leve o nome de Miguel Ángel Blanco. Sería, sen dúbida, unha gran homenaxe nun espazo de encontro para todos os vigueses que actuaría como símbolo de liberdade, tolerancia, concordia e unión.

Por todo o exposto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da

Corporación a adopción do seguinte acordo:

.-Instar á Corporación municipal a poñer o nome de Miguel Ángel Blanco á futura praza da Cidade da Xustiza, en memoria do concelleiro popular e de todas as vítimas da barbarie terrorista no noso país.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Durante moitos anos vivimos neste país baixo a barbarie terrorista, anos nos que se produciron centos de vítimas, centos de asasinados, as súas familias afectadas, en definitiva, unha barbarie que tiña absolutamente conmocionada e secuestrada a toda a sociedade española, persoas que en plena democracia tamén eran asasinadas por motivos políticos o que nunca se debería producir e o que esperemos que nunca máis se volva producir.

Todas esas vítimas sempre estarán na nosa memoria, fronte a barbarie terrorista, tódolos demócratas que traballaron e loitaron pola liberdade de todos, a día de hoxe todas esas feridas non están pechadas, permanecen abertas e queremos que esas feridas se pechen, por iso seguiremos esixindo aos asasinados que pidan perdón, que permitan homenaxear ás vítimas e a disolución completa da banda terrorista ETA.

Hai uns días cumpríronse 20 anos dun dos feitos que máis conmocionou a toda a sociedade española provocados pola banda terrorista ETA que foi o secuestro primeiro e despois o asasinato de D. Miguel Ángel Blanco. Un crime, un vil asasinato que mobilizou a toda a sociedade española, como nunca se mobilizara contra a barbarie terrorista, un crime que supuxo un antes e un despois da loita contra a banda terrorista ETA na nosa cidade, na nosa comunidade autónoma e no noso país. Dende entón, dende ese día, ese concelleiro converteuse nun símbolo, nun símbolo da loita contra o terrorismo, nun símbolo da democracia, da liberdade e representando a tódalas vítimas que perderon a súa vida por culpa desa barbarie terrorista, Policías, Gardas Civís, Militares, docentes, concelleiros, periodistas, empresarios, sindicalistas, civís, un longo etc. tristemente lembrados por todos nós. Todos eles son lembrados tamén a través da memoria de D. Miguel Ángel Blanco, no que se coñeceu e se leva coñecendo dende hai eses 20 anos o espírito



de Ermua que ademais se reivindicada cada aniversario, cada 12 de xullo, día do asasinato. Por iso cremos que nesta data, cumprindo eses 20 anos tiñamos que ter un recordatorio especial e ademais queríamos que fora a cidade de Vigo a pioneira, a abandeirada en facer esa gran homenaxe e ademais en recoller dentro das súas rúas ese homenaxe a ese concelleiro, para honrar a memoria non só del, deste concelleiro do Partido Popular que tamén podería ser do Partido Socialista ou doutro partido político que loitara democraticamente pola liberdade porque iso era o que non soportaban os asasinados da banda terrorista ETA, que se lembrara esa figura e con el á de tódalas vítimas do terrorismo. Queríamos que Vigo fose pioneira, que tivera un lugar emblemático onde lembrar a D. Miguel Ángel Blanco e con el, insisto, a tódalas vítimas do terrorismo e por iso propuxemos en primeiro lugar ese minuto de silencio, ese recordatorio no 20 aniversario do seu falecemento e tamén que unha praza desta cidade, un sitio como digo emblemático desta cidade que é praza que se vai crear despois da construción da Cidade da Xustiza, unha gran praza que vai ser 4 veces o tamaño da praza da Constitución e ademais situado nun sitio moi especial, ao carón de onde van estar os Xulgados, os Tribunais de Xustiza se erixira ese homenaxe a el e con el a tódalas vítimas.

Por iso fixemos esta propostas, por iso presentamos esta moción, con espírito absolutamente de unión, esa mesma unión que inspirou a loita contra a barbarie terrorista, esa mesma unión que el representou e segue representando de todos contra o terrorismo, esa mesma unión que demostrou esta cidade de Vigo saíndo á rúa masivamente para reclamar e para loitar pola liberdade e pola xustiza, por ese mesmo motivo queremos presentar esa moción e queremos que Vigo aprobe este recordatorio e esta memoria e por iso o traemos a este Pleno e esperamos sinceramente que co mellor ánimo ter o apoio maioritario de tódolos concelleiros que representamos a tódolos vigueses/as.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Como xa dixo antes o señor concelleiro do PSOE o habitual sería que esta proposta pasase por Comisión Informativa, que tivéssemos o informe de Normalización Lingüística, etc. non foi así.

Esta proposta do Partido Popular foi presentada en prensa, sabemos que non sae do Concello de Vigo senón é parte dunha estratexia a nivel Estado, e que parece

por desgraza un caso de “onde ves, venezuela traio”, é un xogo de palabras entón como esta proposta non sae do Concello de Vigo senón doutro lado, vanme permitir que lle responda coas palabras de D. Antón Losada, xornalista, que escribiu un artigo precisamente respecto a este tema, “os vellos hábitos sempre son difíciles de abandonar, o Partido Popular está tan habituado a utilizar ás vítimas do terrorismo etarra que non foi quen de resistir á tentación de apropiarse de maneira partidista do aniversario do secuestro e asasinato do D. Miguel Ángel Blanco. Ademais atopou en Ciudadanos ese socio de goberno entusiasta e tamén sempre disposto a facer caixa electoral coas vítimas e co que faga falla. Tódolos pantasma e demos dos Populares dende a Alcaldesa de Madrid, a Sra. Manuela Carmena, aos nacionalistas e independentistas do máis variado signo e orixe, vense sometidos aos burdos e descarados intentos de converter os actos e xestos de homenaxe ao concelleiro asasinado e do espírito de Ermua, en xuízos sumarísimos por traizón e cristancia, complicidade ou baixeza moral, animados por ese habitual coro mediático, viril e cipotero, sempre disposto a insultar a quen non pense como eles. Que o Partido Popular intente quitar avantaxe das vítimas do terrorismo etarra non resulta sorprendente, o rechamante é a facilidade coa que tódolos demais deixámoslle que o sega a facer. Consta entender a docilidade coa que as restantes forzas políticas permiten que as sinalen impunemente co seu dedo acusador, o mesmo partido que utilizou a Fundación Miguel Ángel Blanco para falsear facturas e pagar de maneira irregular actos electorais, ou emprega o terrorismo para xustificar e incluso lexitimar pagos en B.

Lonxe de facer causa común para denunciar e expoñer a desvergoña e o cinismo exhibido polo Partido Popular á hora de acusar aos demais de miseria moral, covardía ou desprezo ás vítimas, o normal parece ser oílos correr a sumarse a turba indignada para ver se poden cazar algunhas migallas, sexan titulares, ou sexan votos.

Consta entender a pasividade e a falla de valor dunha parte da opinión pública para dicir alto e claro que ao Partido Popular só lle interesan as vítimas que pode rendibilizar de maneira partidista, ou poden empregar para desgastar aos seus adversarios políticos. Non lle interesan as vítimas do accidente de metro de Valencia, as vítimas de Angrois a quen ignora e agravia sistematicamente coa súa indiferenza e falta de empatía, tampouco lle preocupan as vítimas da Guerra Civil e

a ditadura franquista a quen prefiren manter soterradas nas cunetas, tampouco lle inquietan as vítimas da hepatitis C e o seus recortes sanitarios, investigados pola xustiza en Galicia, moito menos lle ocupan ou afectan a políticas da vítimas migratoria das pelotas de goma, para todas esas vítimas non hai memoria nin dignidade, só silencio e esquecemento.”

Sen embargo, creo que todas/os estaremos de acordo na salvaxada inmunda que representou o asasinato de D. Miguel Ángel Blanco, co asasinato chegou a indignación de toda a sociedade e despois chegou todo o demais, e por iso que instamos en todo caso a esta corporación a que o futuro nome da Praza da Xustiza sexa Praza Devesa do Couto, adicada as vítimas do terrorismo, non exclusivamente só a unha soa que non ten porque ser representativo e coa que fraco favor lle estamos a facer á sociedade vasca no seu camiño cara a paz e a liberdade.

SR. LÓPEZ FONT: Hai 20 anos o terrorismo sacudía dunha forma brutal España, tódolos atentados e eran moitos, eran unha ferida no máis fondo para toda a sociedade, pero evidentemente hai 20 anos o ocorrido no mes de xullo superou a indignación dos españois que viñan padecendo eses atentados; nese momento prodúcese un hartazgo da sociedade e levántase unha voz unánime, contundente e moi nítida, aquelas mans brancas era o símbolo do rexeitamento acumulado durante moitos anos, Vigo é verdade que tamén estivo nesa mobilización e é certo que lembrar os 20 anos daquel episodio, triste e brutal pero que evidentemente marcou un fin de ETA, era obrigado. Era obrigado o noso homenaxe ao conxunto da sociedade porque é certo que eses atentados, esas mortes, nese momento se produciu a de D. Miguel Ángel Blanco, pero se produciran en tantos homes e mulleres asasinados, Gardas Civís, Policías, sindicalistas, políticos, xentes do pobo. Esa homenaxe á sociedade é recollido polo Presidente da FEMP, Alcalde de Vigo e o entende así, a convocatoria de actos de lembranza en tódolos concellos de España que sae dende a presidencia da FEMP é un claro mensaxe de homenaxe e foi unha mobilización seguida masivamente nos concellos de toda España, tamén en Vigo esa proposta de homenaxe e esa proposta de acto levouse a cabo nas escaleiras do museo Marco, un binomio do máis representativo da cidade, a rúa do Príncipe coa parte de atrás da Cultura. O discurso do Alcalde nese acto para nós foi o

mellor homenaxe a D. Miguel Ángel Blanco que entregou a súa vida pola democracia pero tamén a tódolos aqueles que foron máis anónimos pero que tamén entregaron a súa vida pola xustiza e pola democracia no noso país.

Pero tamén era unha homenaxe á sociedade, aos valentes cidadás que se levantaron, como dicía, coas mans brancas e que dixeron que había que parar esa barbarie. Seguro que nos miles de homenaxes que se fixeron en tódolos concellos de España os discursos foron emotivos, estou seguro, pero tamén é certo que o discurso do Alcalde de Vigo foi de moito calado, creo que tal e como se desenvolvía o seu discurso, moitos pensábamos isto é o que eu quería dicir, os sentimentos individuais dos vigueses converteunos o Alcalde nunha homenaxe colectiva, a tódalas vítimas do terrorismo, nese día efectivamente marcado polo asasinato brutal de D. Miguel Ángel Blanco pero que se converteu nun recordatorio para tódalas vítimas. Cos que falei tiñan esa mesma sensación que a min me asaltou mentres oía ao Alcalde, sen distinción de partido políticos, e leo textualmente o que dicía o Alcalde ese día, “Hoy Miguel Ángel Blanco es de todos, aquí non hay política, hay solidaridad, libertad y recuerdo emocional”: Polo tanto, nese símbolo que representou unha morte tan cruel, Vigo expresouno nese discurso do Alcalde e impulsou esa homenaxe.

E en todo iso estamos de acordo, nesa homenaxe necesaria e tamén en todo o que poida servir para o recordo e isto tamén comprende a denominación dunha rúa ou dun espazo público. En canto ao procedemento debo dicir a Marea de Vigo que como queda constancia na proposta, se fala dunha futura praza co cal se seguirá o procedemento, sempre.

Nós estamos de acordo na proposta que se fai, tamén debo dicir que de ternos preguntado nos gustaría que esta asignación fose xa, precisamente na data simbólica dos 20 anos e non a catro anos vista, pero a aceptamos e deixamos a criterio do Partido Popular a proposta que tal e como está feita nós votaremos a favor.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En primeiro lugar, agradecer o apoio do Partido Socialista, eu creo que é un exemplo que se debería seguir moitas veces o poñerse de acordo en cousas que son importantes, en cousas que nos incumben a todos e que sobre todo fixo sufrir a tanto e a tantos españois, galegos e tamén a tantos vigueses.

Dito isto, sinceramente, Sr. Jácome paréceme a súa intervención absolutamente repugnante, o que tivemos que escoitar neste Pleno coa súa intervención, repugnante as manifestacións, a intención e desgraciadamente tamén teño que dicir que non nos sorprende, non nos sorprende nunha formación política que está amparando a día de hoxe tamén, asasinatos por motivos políticos noutro país como é Venezuela por exemplo, non nos sorprende Sr. Jácome desgraciadamente a súa intervención porque vostedes nun exercicio de intolerancia absoluta distinguen entre bos e malos en función da súa cor política, hai uns bos que si que merecen recordo e hai outros que como so de diferente cor da súa non o merecen, hai uns que hai que lembrar e hai outros que hai que esquecer, hai que ser coherente Sr. Jácome e dende logo hai que ter humanidade e memoria, dignidade e xustiza que é o que pedimos e é o que piden tódalas vítimas de terrorismo neste país para que non se volva producir o que neste país vivimos e no que, insisto, desgraciadamente tamén neste momento tamén están a vivir noutros países a día de hoxe nos que non hai democracia e nos que se arrisca a vida por defender as cores políticas.

Polo tanto, todo o noso rexeitamento a esas manifestación, toda a nosa repugnancia a esas manifestacións, politicamente, e dende logo parece mentira que teñamos que oír isto no Pleno do Concello de Vigo, nunha moción que pretendía sumar e unirnos todos en lembranza das vítimas do terrorismo e lembranza a unha das vítimas que supuxo un símbolo máis aló das cores políticos, eu creo que non é momento de protagonismos, nin protagonismo do Sr. Alcalde nin do Partido Popular, é o protagonismo dos cidadáns, e foi a presión cidadá a que finalmente rematou coa banda terrorista ETA, esperemos que que finalmente se disolva, seguiremos traballando, lembrando, porque nós nin esquecemos ni perdoamos.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN: Con dezaioito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila,

Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2017 (Rex. Nº 1584/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**12(110).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A SUSPENDER O COBRO DA PLUSVALÍA NOS CASOS QUE SE ACREDITE UNHA VENDA Á PERDA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1585/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2017, número 1585/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Hai pouco máis de dous meses, o 11 de maio, o Tribunal Constitucional declarou a inconstitucionalidade da normativa estatal que permite aos Concellos cobrar a plusvalía municipal nos supostos de venda de inmobles nos que non se producise un incremento de valor.

Unha situación que, por desgraza, nestes anos de crise ten afectado a uns 25.000 vigueses que se viron obrigados a vender a súa vivenda a un prezo inferior ao de adquisición ao non poder facer fronte á hipoteca.

A sentenza do alto tribunal ten carácter retroactivo, polo que non limita os seus efectos no tempo, podendo reclamar a devolución do imposto todos aqueles cidadáns que tiveron perdas na venda dos seus inmobles durante os últimos 4

anos. Polo tanto, os vigueses que, desde o 2013, venderon a un prezo inferior do que compraron poden solicitar a devolución da plusvalía.

Neste escenario, cómpre salientar que, se ben é certo que en tanto non se produza a reforma da normativa estatal reguladora, os concellos poden seguir recadando, non é menos certo que a nivel municipal se deben dar diferentes pasos encamiñados á facilitar a devolución do imposto no menor tempo posible.

Así, en primeiro lugar debería cuantificarse e informarse a todos os afectados dos seus dereitos, habilitando os mecanismos oportunos para proceder ás devolucíons de forma áxil e sinxela, evitando a necesidade de acudir aos tribunais. De xeito especial, debería advertirse aos cidadáns de que en caso de que transcorran 4 anos desde que presentaron a liquidación do imposto sen reclamar a súa devolución, perden o seu dereito.

De igual modo, e mentres non se modifique a lexislación, o concello debería como mínimo suspender o cobro da plusvalía naqueles casos nos que o cidadán acredite que fixo unha venta a perda.

Por todo o exposto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Instar ao Goberno municipal a suspender de modo inmediato o cobro da plusvalía naqueles casos en que se acredite unha venta a perda
- Instar ao Goberno municipal a informar de modo urxente aos afectados do seu dereito a reclamar a devolución da plusvalía municipal no caso de ventas a perda correspondentes ao prazo de prescrición, que é de 4 anos desde a finalización do prazo de presentación da autoliquidación.
- Instar ao Goberno local á habilitación de mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados das cantidades indebidamente recadadas nos supostos declarados inconstitucionais polo Tribunal Constitucional.

Estes mecanismos promoverán que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflitividade neste ámbito tributario. De maneira especial, deberán simplificar os medios de proba para acreditar a venta a perda.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que é difícil recompoñerse despois o que un tivo que escoitar pero imos volver falar hoxe aquí do imposto de Plusvalía e da afección que teñen moitos vigueses/as e o prexuízo que están a sufrir cada día que

perden o dereito a solicitar esa devolución. Sr. Aneiros, xa ten vostede o titular para o xornal de mañá garantido con esa contraprogramación que fixo coa moción, xa terá o titular que era o que buscaba de que unanimemente por maioría o Pleno do Concello de Vigo esixe ao Sr. Montoro, xa estou a imaxinar o titular que vostede buscaba e que quería. Unha vez xa conseguido imos ao que realmente lles interesa aos vigueses/as que é o seu peto, pero a vostede lle pode interesar moito e como vemos moito lle interesa porque non fai máis que subirnos os impostos, o peto do Concello, 94 millóns de euros, vai moi ben, pero agora é o momento de que se preocupe vostede un pouco do peto dos vigueses/as e por iso, e esa é a razón pola que presentamos esta moción, pola que presentamos no seu momento e en primeiro lugar, e esperamos sinceramente que esta moción tamén sexa aprobada polo Partido Socialista porque non di nada máis que, tan lóxico; tan de sentido común e tan de xustiza tamén para os vigueses afectados por ese imposto que foi declarado inconstitucional cando teñen unha minusvalía, que se lles devolva o que pagaron indebidamente e que ademais se suspenda o cobro dos que neste momento están liquidando. É verdade que este imposto é un imposto potestativo, o Concello de Vigo elixiu poñer este imposto, podería elixir non poñelo ou eliminalo nos dez anos que levan vostedes ao fronte do Concello de Vigo e que tanto publicitan, pero elixiu cobrarlle este imposto ao vigueses, tamén dentro deste imposto hai diferentes opcións de tipo impositivos, tamén está a manter o tipo impositivo máis alto, o 30% que é máximo que marca a lei, se marcara máis vostedes máis cobrarían, pero aplican o tipo máximo o 30%, e tamén aplican practicamente os máximos coeficientes redutores, é dicir, que son vostedes moi dilixentes ao cobrar o imposto pero agora o problema non é ese, o problema é todos aqueles vigueses que no pasado pagaron un imposto que non tiñan que pagar e que teñen dereito á devolución e o problema, como lle dicía antes, é que cada día que pasa hai vigueses que perden o dereito a solicitar esa devolución, vostede antes cuestionaba os 20 vigueses diarios, dígnanos vostedes unha cifra por que o goberno municipal non dixo aínda despois do preocupado que está, despois do tempo que pasou, cantos vigueses exactamente están afectados por este caso, non dixo nin unha soa cifra, espero que a leve gardada aí entre os papeis e agora nos diga exactamente, xa que cuestiona o calculo que fixo o Partido Popular ante a ausencia de cálculos que fai o goberno municipal, xa nos gustaría.



Pero 6.000 vigueses ao ano é o que calcúlanos nós, o que dan máis de 20.000 vigueses que están afectados por este problema e aos que hai que dicirlle clara e contundentemente que soliciten a devolución, que hai un modelo que poden utilizar e que soliciten a devolución, iso é o que vostede debería estar dicindo a día de hoxe, que soliciten esa devolución, polo menos, para que non lles prescriba o dereito, logo xa elixirán vostedes máis tarde que pronto seguramente, a pesares de que teñan 94 millóns de euros en caixa, cando lles devolven pero así non prescribe o seu dereito, que o pidan e que o pidan urxentemente, un modelo sinxelo que está ademais taxado, e suspendan o cobro, non é verdade o que dixo vostede Sr. Aneiros, a día de hoxe hai vigueses que están a pagar a plusvalía cando teñen unha minusvalía e aquí lle ensino unha declaración, non lle vou dicir o nome por protección de datos, pero voulle dicir o caso, comprouno no ano 2005 por 130.000 euros, vendeuno no 2017 por 105.000 euros e tivo que pagarlle a vostedes na autoliquidación 558 euros, isto é deste ano, de maio do 2017 despois da sentenza, polo tanto, non dea dato falsos e non diga que non se lles está a cobrar aos vigueses cando non é verdade, cando os vigueses por descoñecemento seguen a pagar un imposto que foi declarado inconstitucional.

Polo tanto, espero que acepten esta moción, esta solicitude e sobre todo espero que traballen polos vigueses/as porque é o que a nós, ao Partido Popular realmente lle preocupa.

SR. PÉREZ CORREA: Esta moción parte dun erro para nós grave que é que non se fai ningunha apelación ao goberno central que ten unha responsabilidade tremenda nesta cuestión e entre outras cousas porque non se fai a pesares de que esta sentenza do Tribunal Constitucional, do 11 de maio, hai sentencias anteriores en diversos tribunais do Estado español, e os municipios levaban dende practicamente o ano 2015 de toda lexislatura, incluso anterior, preguntándolle ao ministerio que ante a situación que se estaba a dar de que algúns tribunais estaban a resolver contrariamente aos intereses municipais, se lle pedía algún tipo de acción proactiva, estamos a falar da lexislatura anterior, nada diso se deu, e máis en setembro do 2015, no plenario da FEMP, hai unha resolución aprobada que precisamente pedía a modificación do imposto, estamos a falar dunha resolución que contou co apoio maioritario dentro da asemblea da FEMP, que se pedía a

modificación do imposto, o cambio normativo, que ese cambio normativo se levara a diante e que incluso algunhas institucións con competencias propias como é a deputación de Álava e Guipúscoa xa o fixeron, cambiaron o imposto e o adaptaron a esa nova realidade que se estaba a dar xa nalgúns tribunais, que se non hai un incremento e unha ganancia na venta, ese imposto non ten sentido; pero é que a maiores se pedían varias cousas, se pedía compensación económica aos concellos que tiñan o orzamento aprobado e polo tanto, contan con ese ingreso nun orzamento aprobado e de repente unha sentenza dun tribunal fai caer esa parte da recadación e polo tanto, fai caer tamén unha parte importante dos ingresos, non hai que esquecer que este imposto de media estatal é o dous e pico por cento dos orzamentos pero hai en concellos concretos onde este imposto supón unha parte importante dos ingresos que ten a entidade local. Polo tanto, tamén se pedía que os concellos tiveran algún tipo de compensación económica e incluso se lle pedía que mentres non houbera unha reforma, neste caso da lei que permite cobrar este imposto, que se fixera unha nota aclaratoria, é dicir, que se lle explicara aos concellos que facer, é certo que algúns concellos están a aplicar esta cuestión, pero é certo tamén que non hai seguridade xurídica mentres non se pronuncie o Ministerio de Facenda e diga aos concellos como podemos aplicar ese imposto e se en todo caso haberá algún tipo de compensación porque formaba parte dos ingresos regulares de moitos concellos.

Polo tanto, esta moción que inste só a unha corporación local e non a quen ten unha responsabilidade evidente nesta cuestión que é o goberno central, pois nos preocupa e nos preocupa como dicíamos antes que o único que se obtivo por parte do Sr. Montoro, se lle pedía un compromiso nos Orzamentos Xerais do Estado do 2017, un compromiso económico, é dicir, que se puxera unha dotación económica para compensar aos concellos, sobre todo a aqueles concellos que teñen o orzamento aprobado, e a única resposta do Sr. Montoro, que aí se que creo que é unha preocupación, creo que incluso de moitos alcaldes do Partido Popular, “isto xa o imos solventar no marco do debate da reforma de financiamento das entidades locais”, debate que levamos moitos anos sen resolver e que de novo volve haber un imposto que queda postergado a que se solucione esa reforma das entidades locais e da parte do financiamento e pensamos que é un erro unha moción que non insta ao goberno central, que ten unha responsabilidade evidente

na solución deste tema, que hai un trámite parlamentario que se houbera algún tipo de vontade para corrixilo, tivemos o marco precisamente dos orzamentos do 2017 e tamén hai unha comisión mixta, ou entendemos que se constituíu e se reuniu porque fora pedida no seu día e parece ser que algunha reunión bilateral houbo, na que se poida resolver iso antes de que actúe de maneira unilateral o Concello de Vigo porque ao mellor pode estar interpretando o que pode ser como acatar esa sentenza dentro das ordenanza municipais e volver a cometer un erro que tamén signifique logo volver a ter que reintegrar os importes cobrados indebidamente. Polo tanto, esa cuestión que se resolva dende o goberno central e que os concellos nese momento actúen con celeridade, se pode, se hai marxe como algúns concellos xa están a facer, que se faga e que aquelas persoas que poidan acreditar, creo que xa é así, non sei se presentando un prego de descarga pero que presentando unha alegación, aquela persoa que poida acreditar que ese imposto está cobrado de maneira indebida, dende logo, o único que haberá que facer é notificar ou informar no momento que a xente presente ese informe de que hai esa opción de quitar esa carga.

SR. ANEIROS PEREIRA: En primeiro lugar, para clarexar algúns datos que parece que imos a atribuír por erro, o Partido Popular non ten claro, eses 20.000 vigueses non se corresponden en primeiro lugar cos datos de transmisións do Instituto Nacional de Estadística; en segundo lugar, nin cos datos dos rexistradores da propiedade; en terceiro lugar, nin cos datos da Axencia Tributaria de Galicia, polo tanto, non sabemos de onde saen eses datos, pero é máis superan o número de declaracións que se presentaron neste concello, polo tanto, inventan, menten e terxiversan.

En segundo lugar, o “raca, raca da caixa”, a caixa se mide ao final do exercicio Sra. Muñoz, parece mentira que non o saiba, a día de hoxe eses millóns que vostede di non están en caixa porque se usan para pagar e para atender as necesidades da cidadanía.

E terceiro desmentido, a cuantificación do imposto non é alta, aquí as bases son máis baixas que no resto das cidades de Galicia, atenda ao que ten que atender.

En cuarto lugar, este imposto non só se grava nas transmisións onerosas, tamén se grava cando hai herdanzas, cando hai transmisións entre empresas, polo tanto,

non creen vostedes alarma social porque a súa moción chega tarde e chega tarde nun sentido, porque dende que se coñeceu a primeira sentenza do Tribunal Constitucional, non se esixen neste Concello unha declaración de plusvalía se non hai unha ganancia nesa venda, non esixe, a cota é cero, a autoliquidación é cero euros.

Aos contribuíntes que acoden á ventanilla do imposto se lles informa, é máis, se lles asesora convenientemente nestes casos, insisto, se a declaración é ou pon de manifesto que non hai unha ganancia patrimonial, a cota a pagar é de cero euros.

Concordo neste caso co que di o Sr. Pérez Correa, que vostedes equivocan o tiro, apuntan a onde non está o seu obxectivo que tiña que estar no Ministerio de Facenda, non os vemos instando o Ministerio de Facenda a que modifique o imposto, a que habilite unha partida presupostaria para que as devolucións do imposto non sexan con cargo aos fondos dos municipios que teñen que facer fronte a esta devolución, non os vemos nesa liña, vémolos xerando inseguridade xurídica, alarmismo, conflito que si que é o que parece que lles interesa e non trasladando á cidadanía as cousas como son, que son como lles acabo de indicar.

Nós non temos ningún problema en apoiar esta moción porque entre outras cousas como acabo de dicir, chegan tarde, dende o 16 de febreiro cando non hai ganancia nunha transmisión onerosa de bens, a cota a pagar é de cero euros cando non hai transmisión patrimonial con ganancia.

E aprobaremos ou votaremos a favor desta moción condicionado tamén ao que votamos na moción anterior que defendemos que a competencia para reformar o imposto é do Estado, do Ministro de Facenda, do goberno do Estado, polo tanto, vostedes tamén votaron, votamos e condicionamos o noso voto positivo nesa moción a ese voto.

Condicionamos tamén o voto positivo desta moción ao defendido anteriormente, a instar ao Ministerio de Facenda a que habilite o instrumento para que os municipios que teñan que devolver cantidades aos contribuíntes doten ou contén con esa partida orzamentaria, con cargo aos Presupostos Xerais do Estado para devolver inmediatamente as cantidades aos cidadáns, este Concello dende logo estará sempre ao carón cidadáns, sempre ao carón dos vigueses/as que teñan algún dereito neste senso.

Polo tanto, condicionamos tamén o noso voto positivo ao votado anteriormente.

E condicionamos tamén o novo voto positivo a esta moción a un terceiro punto que aprobamos anteriormente, e é que o Ministro de Facenda nos Presupostos Xerais do Estado resarzan ás corporacións locais da perda recadatoria que supón esta sentenza e que supón a inactividade do Estado lexislador, a eses tres puntos condicionamos o noso voto positivo, esperamos que así sexa e que o goberno de España e o Ministro de Facenda actúe dunha vez por todas rápido para estar ao carón dos cidadáns, de quen ten dereitos, para recoñecerlle ese dereito que vostede esgrime aos cidadáns de forma inmediata, para que os Concellos dispoñan das partidas orzamentarios nos Presupostos Xerais do Estado para devolver inmediatamente, no mesmo momento, as cantidades que proceda aos cidadáns que así demostren que teñen dereito a esa devolución, insisto, neste Concello, nesta Concellería de Facenda se un contribuínte demostra que a transmisión que fixo non puxo de manifesto unha ganancia patrimonial a autoliquidación nese caso é cero, se a diferenza entre o prezo de venda e o prezo de compra é cero, autoliquidación cero.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: De verdade Sr. Aneiros, que para ser vostede o responsable de Facenda deste Concello canto lle falla por aprender de facenda aínda e que ademais creo que nin os seus propios funcionarios lle informan do que se está a facer no Concello, e que ten vostede unha gran desinformación e iso é moi preocupante, acábolle de ensinar unha autoliquidación do mes de maio pero porque un cidadán ten que saber como liquidou e preguntar? Teñen que informar a tódolos vigueses e a día de hoxe hai vigueses moitos que están pagando, este contribuínte pagou 550 euros no mes de maio, o que está vostede a dicir é mentira, e se vostede quere desacreditar os datos que puxo enriba da mesa o Partido Popular por que non da os seus? Por que non nos di segundo os seus cálculos, sisudos cálculos, cantos vigueses están afectados exactamente? Porque non vale con responsabilidade de goberno dicir non ao que se propón pero ser incapaz de dar nin un só dato de cantos vigueses nestes últimos catro anos pagaron, tampouco lles di que cada día están a perder o dereito porque lles está a prescribir, catro anos de prescrición, cada día que pasa hai vigueses que están a perder os dereitos Sr. Aneiros. E parece mentira no Sr. Pérez, pero moito máis mentira parece no Sr. Aneiros, solicitar a devolución non implica nada máis que

non perder o dereito, é pedir unha devolución, xa se comprobará de acordo coas normas que se establezan se é correcta ou non, pero simplemente pedir e presentar este papel o que fai é salvar aos vigueses e que os vigueses non perdan ese dereito a que se lle devolva o que non tiñan que pagar, esa é a realidade e parece mentira que non sexa vostede como concelleiro de Facenda o primeiro que defenda os intereses dos vigueses.

Polo tanto, o primeiro que lle recomendo é que pregunte aos seus funcionarios, que lle informen como se está cobrando; en segundo lugar, recoméndolle que colguen na páxina web do Concello este modelo para que os vigueses pidan a devolución e manteñan o seu dereito, que se preocupe menos do Ministerio de Facenda e do Sr. Montoro e que se preocupe vostede máis dos vigueses/as porque o Sr. Montoro e o Ministerio de Facenda xa pagará e xa fará as compensacións oportunas, insisto, por unha lei que non aprobou o Partido Popular, que aprobou o Partido Socialista, a diferenza entre vostede e nós e que nós apoiamos que o Ministerio de Facenda se faga cargo, polo contrario vostedes o único que fan é tirar balóns fora, pero exercer como goberno, gobernar con 17 concelleiros nin están nin se lles espera, pero ese traballo xa o faremos dende o Partido Popular, non se preocupe que os deberes os cumprimos e os seus 94 millóns de euros de Tesourería emprégueos onde os ten que empregar que é nos cidadáns, que é ao que se debe Sr. Aneiros.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2017 (Rex. Nº 1585/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

*A Sra. Muñoz Fonteriz non se pronunciou sobre a emenda do Sr. Aneiros Pereira*

**.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**13(111).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO COLEXIO VIRXE DO ROCÍO.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pregámoslle que no próximo Pleno o grupo do goberno presente a moción sobre o cambio do nome do Colexio Virxe do Rocío polo de Resío, aprobado xa pola comunidade educativa do propio colexio.

**14(112).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AOS TEMPOS DE CONTESTACIÓN DAS PREGUNTAS FORMULADAS NOS PLENOS.**

SR. GAGO BUGARÍN: Rogamos que as preguntas que se formalicen aquí no Pleno, que se contesten en tempo e en forma tal e como marca a lei.

**.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**15(113).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO PROCEDEMENTO DE LANZAMENTO DE D. EDELMIRO MÉNDEZ GARGAMALA.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Se o goberno municipal está informado do caso da familia de D. Edelmiro Méndez Gargamala en proceso de lanzamento e cuxa execución está prevista para o mes de setembro, gustaríanos que se nos informase das medidas que teñen previsto tomar.

PRESIDENCIA: Responderáselle por escrito.

**16(114).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO AO ALBERGUE.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Por que queda tanta xente fora do Albergue? Se realmente se concederon cartos a Teis por que non se facilita que as persoas que quedan fora do Albergue se acerquen en bus a Teis?

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

**17(115).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO Á SALA DE LECTURA DA BIBLIOTECA DE NAVIA.**

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Quería preguntar cando vai ser unha data para a sala de lecturas, sempre pregunto o mesmo, da biblioteca en Navia, que están agardando insistentemente alí.



PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.